



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais**

**Curso Académico: 2020/2021**

**Índice**

<b>1. Introdución .....</b>	2
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados .....</b>	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	41
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado .....	65
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	120
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos .....	126
Directriz 6. Información pública.....	129
<b>3. Plan de Melloras do centro .....</b>	132
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos .....</b>	148
<b>5. Listaxe de evidencias e indicadores .....</b>	157

## 1. Introdución

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

O Equipo Directivo do Centro, así como a súa Comisión de Calidade, teñen un forte compromiso coa materialización das Accións de Mellora, tanto daquelas más inmediatas, de cumprimento anual, como daqueloutras proxectadas cun carácter temporal más dilatado.

Os axentes directamente implicados no correcto desenvolvemento do SGC son o Equipo de Dirección, a Comisión de Calidade do Centro, a responsable de Calidade do Centro, o Comité Consultivo e os/as Coordinadores de título.

De acordo co Proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade. A Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais concíbese como unha análise sintética do axeitado funcionamento do SGC (Sistema de Garantía de Calidade), en tanto baluarte da calidade dos títulos que se imparten no citado centro: Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Economía, Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación, Máster Universitario en Dirección de Empresas, Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas, Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira e Máster Universitario en Economía.

Deste xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspónelle á Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais levar a cabo unha análise global do SGC.

### 1.1. Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

En aplicación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a elaboración da presente memoria correspondeu á Comisión de Calidade do Centro, reunida en sesión específica, trala finalización da cal trasladou á Xunta de Facultade o documento provisional para a súa aprobación, o que tivo lugar, finalmente o 18 de xullo de 2022. A presente memoria toma como referencia os informes de resultados dos títulos de grao e máster referenciados. Nestes informes analízase de xeito pormenorizado os resultados do SGC en relación á organización e desenvolvemento dos títulos durante o curso 2020-2021, curso no que se centra o presente documento.

Tamén constituíron documentos de referencia para a elaboración desta memoria: o novo Manual do Sistema de Garantía de Calidade, o manual de procesos e a prórroga do plan estratéxico do centro aprobada en xunta de facultade con data 28 de xaneiro de 2021.

O SGC estase a converter nun marco operativo de cara a detectar disfuncións ao mesmo tempo que funciona como un espazo de discusión e de toma de decisión en colaboración coas comisións académicas de graos e máster.

## 1.2. Estrutura da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para o desenvolvemento do SGC

### Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGC comprende a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2020-2021 foron:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Economía
- Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión Turística
- Máster Universitario en Dirección de Empresas
- Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación
- Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira
- Máster Universitario en Economía

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título, o/a Responsable de Calidade do Centro, os/as Coordinadores de Título e o/a Coordinador de Calidade. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade ([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ecoade/descargas/calidate/msg\\_c\\_marco\\_fac\\_economicas\\_v4\\_2018\\_10\\_25\\_asinado.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ecoade/descargas/calidate/msg_c_marco_fac_economicas_v4_2018_10_25_asinado.pdf)). De seguido sinálanse tanto a composición actual como as funcións da Comisión de Calidade do Centro.

#### Membros da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Decano da Facultade de Ciencias Económicas y Empresariais (presidente)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador de Calidade do Centro

Os Coordinadores de Título

Responsable da Unidade de Xestión de Centro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Representante do alumnado

As funcións principais da CCC son as seguintes:

1. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
2. Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC).
3. Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
4. Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
5. Realizar o seguimento dos resultados do centro.
6. Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
7. Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisión de título.

**Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2020/2021****15 de setembro de 2020.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación da Memoria de Calidade do Centro.
3. Asuntos de trámite.
4. Rolda de intervencións.

**17 de novembro de 2020.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se cómpre, das modificacións do Manual de procesos e da política de calidade da Facultade.
3. Ratificación da aprobación do Protocolo de coordinación dos graos en ADE e Economía.
4. Ratificación da aprobación do Informe sobre o grao de execución das accións de mellora do máster universitario en dirección de empresas e do máster en turismo urbano e xestión de empresas turísticas do curso académico 2019-2020.
5. Aprobación, se cómpre, do informe sobre o grao de execución das accións de mellora de centro do curso académico 2019/2020.
6. Aprobación, se cómpre, da prórroga do plan estratégico da facultade.
7. Informe de incidencias tramitadas durante o curso 2019-2020.
8. Asuntos varios.
9. Rolda de intervencións.

**18 de decembro de 2020.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación dos informes de seguimento: Grao en ADE, Grao en Economía, Máster Universitario en Dirección de Empresas, Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación, Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas, Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira.
3. Ratificación do informe de seguimento de Máster Universitario en Economía.
4. Visita certificación da implantación do SGC.
5. Asuntos varios.
6. Rolda de intervencións.

**8 de abril de 2021.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se cómpre, do informe en relación coas modificación das memorias do máster universitario en dirección de empresas e do máster universitario en desenvolvemento económico e innovación.
3. Asuntos de trámite.
4. Rolda de intervencións.

**4 de xuño de 2021.** Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se cómpre, da memoria de calidad do curso 2019-2020.
3. Ratificación do informe de seguimento de Máster Universitario en Economía.
4. Informe sobre a situación dos recursos humanos do centro.
5. Asuntos de trámite.
6. Rolda de intervencións.

## **2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados**

Neste apartado reflíctese un informe do seguimento do SGC da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais atendendo as directrices Fides-Audit:

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Directriz 6. Información pública

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Diretriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar:** o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cílico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### Vixencia da política de Calidade

A política de calidade do centro ten como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratégico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e más axeitada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral e que garantan as condicións de desenvolvemento profesional.

Durante o curso académico 2020-21, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais continuou dirixindo o seu esforzo e traballo á consecución da satisfacción das necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, comprometéndose a empregar tódolos recursos técnicos, económicos e humanos dos que dispón, baixo os principios de responsabilidade, integración, participación, igualdade, orientación ao alumno, excelencia e transparencia. Estes principios continúan sendo os pilares sobre os que se fundamenta a nosa política de calidade e sobre os que desenvolvemos o noso traballo.

#### Revisións do SGC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.

Tomando como referencia a política de calidad da USC, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade en maio de 2010, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

No curso 2017/2018 o centro procedeu a adaptar o SGC ao novo documento marco do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade en Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018. Estes manuais foron aprobados pola Xunta de Facultade o 12 de xullo de 2018 e pola Comisión de Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 21 de setembro de 2018 (curso 2018/2019). O regulamento de réxime interno foi modificado o 19 de outubro de 2018, aprobada a modificación en Xunta de Facultade e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2018. Toda a documentación relacionada con SGC da Facultade atópase no seguinte enlace (<http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/calidade/index.html>)

O 3/12/2019 tivo lugar unha actualización do Manual do SGC do centro para incluír ao coordinador de calidad e o organigrama do centro. Así mesmo, tamén se actualizaron unha serie de procesos (PE-01, PC-02, PC-04, PC-05, PS-02) no Manual de Procesos para adaptalos á actividade do centro. Esta actualización realizouse no marco da Comisión de Calidade, na que están representados os distintos colectivos, co obxectivo de que a documentación do SGC se adaptase ao contexto do centro. Novamente, o 18/12/2020 realizouse unha nova actualización do Manual de Procesos (na que se revisaron os procesos PC-01, PC-04, PS-01, PS-02, PS-04) así como unha revisión da política de calidad do centro, como se ven de comentar.

Por último, o 27/01/2022 o Manual do SGC do centro actualizouse de novo para incorporar os indicadores propios da Facultade, a nova versión da política de calidad e a modificación dos procesos institucionais.

Finalmente, o centro obtivo a Acreditación Institucional o 26 de abril de 2021.

### Evolución do Plan Estratégico

O Plan Estratégico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten como referencia para a súa elaboración o Plan Estratégico da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2011-2020. O 28 de xaneiro de 2021 aprobouse en Xunta de Facultade a prorroga do plan estratégico do centro en resposta á Resolución Reitoral do 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratégica da USC.

A definición das diferentes liñas estratégicas que constitúen o Plan Estratégico do centro, faise considerando catro dimensóns: as persoas, a oferta de titulacións, a xestión e a relación coa contorna do centro. As liñas estratégicas plantexadas son as seguintes:

1. O alumnado, valor presente e futuro
2. Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
3. Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
4. Xestión simple, eficaz e transparente
5. Relación intercampus
6. Transferencia efectiva de coñecemento e compromiso coa sociedade
7. Relacións con outras universidades

Para o plantexamento da prorroga do plan estratégico do centro, na maior parte dos casos as adaptacións dirixíronse aos indicadores establecidos para medir a consecución dos obxectivos plantexados. Seleccionáronse aqueles indicadores aos que se pode acceder, que reflexan a realización das diferentes accións estratégicas e, na súa meirande parte, cuantificables. Así mesmo,

segundo as recomendacións da Comisión Avaliadora da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, establecéndose metas a acadar dos diferentes indicadores na procura de coñecer o grao real de execución dos obxectivos establecidos.

A continuación, farase unha análise do grao de cumprimento das distintas liñas estratéxicas plantexadas.

Para os distintos obxectivos plantexados incluirase información sobre os indicadores (de ser o caso) empregados para avaliar o seu cumprimento e sintetizaranse as Accións de Mellora realizadas durante o curso 2019/2020 e 2020/2021 vinculadas a cada obxectivo. Así mesmo, comentaranse as Accións de Mellora formuladas para o curso 2021/2022 que teñen por obxecto contribuír ao cumprimento de cada unha das liñas estratéxicas.

Dado que, nalgúns casos, unha mesma Acción de Mellora, está vinculada con máis dun obxectivo, só se comentará unha vez.

- **O alumnado, valor presente e futuro.**

Esta liña estratéxica concrétase en catro obxectivos:

- **Incrementar o talento a través da atracción de alumnado con mejores expedientes académicos.**

No plan estratéxico detállanse tamén unha serie de accións a realizar para a consecución de cada obxectivo. No caso concreto do obxectivo 1.1 as acción recollidas na prórroga do plan estratéxico son as seguintes:

Participación en actividades de promoción e captación de alumnos  
Impulsar actividades de comunicación sobre os programas formativos impartidos na Facultade  
Promover novos programas formativos  
Colaboración con centros educativos de ensinanza secundaria e bacharelato e de formación profesional

Entre os indicadores establecidos na prórroga do plan estratéxico para avaliar o cumprimento deste obxectivo figuran a matrícula de novo ingreso, a nota media de acceso por preinscripción, a porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis, ratio de estudiantes preinscritos en 1<sup>a</sup> opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas, porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas e iniciativas con centros de ensinanza secundaria e bacharelato e de formación profesional.

Como se pode observar nos indicadores que figuran a continuación, os datos de matrícula de novo ingreso, nota media do alumnado dos amosan, nota media de acceso por preinscripción e porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis, en termos xerais, estabilidade, acadándose o obxectivo de superar o promedio dos últimos cinco anos:

Táboa 1: Matrícula de novo ingreso IN04C-PC-05

	Promedio últimos 5 años	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	204	207,00	207,00
<b>Grao en Economía</b>	150,2	150,00	160,00
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	19,2	21,00	19,00
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	20	18,00	16,00
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	20,2	22,00	16,00
<b>Máster Universitario en Economía</b>	2,8	5,00	5,00
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	19,2	18,00	16,00
<b>Total</b>	438,6	441,00	439,00

Táboa 2: Nota media de acceso por preinscripción IN06G-PC-05:

	Promedio dos últimos 5 años	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	8,54	9,27	10,12
<b>Grao en Economía</b>	8,12	8,76	9,50
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	7,05	7,00	6,88
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	6,91	7,33	7,25
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	6,81	7,08	7,34
<b>Máster Universitario en Economía</b>	2,93	7,34	6,67
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	6,84	7,07	7,22
<b>Total</b>	8,18	8,84	9,57

Táboa 3: Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis IN07G-PC-05

	Promedio dos últimos 5 años	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	99,70	100,00	100,00
<b>Grao en Economía</b>	84,66	92,62	100,00
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	92,50	91,67	87,50
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	94,82	100,00	100,00
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	89,18	100,00	100,00
<b>Máster Universitario en Economía</b>	40,00	100,00	50,00
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	93,20	100,00	100,00
<b>Total</b>	92,85	96,86	99,49

Táboa 4: IN10C-Relación de estudiantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas

	Promedio dos últimos 5 años	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	82,20	83,00	81,00
<b>Grao en Economía</b>	74,80	73,33	66,00
<b>Total</b>	79,03	78,86	74,57

Como se pode observar, o estudiantado preinscrito en 1ª opción descendeu para o curso 20-21 no caso de Economía e dado o problema recorrente que se da na titulación de Economía coa taxa de abandono, plantéxase a seguinte acción de mellora para tratar de conseguir reverter este problema:

**AM-11:** Reunións cos directores de departamento para discutir os resultados das materias. Reunións con delegados de 1º e coordinadores de materias de 1º.

En relación ás accións levadas a cabo enfocadas á captación do alumnado e con centros de ensino secundario, tendo en conta as circunstancias sanitarias, no curso 2020/21 non tiveron lugar as tradicionais xornadas presenciais de Encontros na USC, pero a nosa facultade participou nos Encontros Virtuais na Zona USC celebrados os días 23, 24 e 25 de marzo.

Desde a nosa facultade ofreceuse plena dispoñibilidade para participar en encontros con estudiantes de ensino medio a través da plataforma TEAMS, propoñendo un horario no que o

estudantado de medias podía falar e plantexar as súas preguntas tanto a membros do equipo decanal como a estudiantes dos dous graos da nosa facultade.

Ademais, como se pode ver na páxina dos encontros (<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais/ecoade>), preparouse un vídeo-presentación do centro, duns 8 minutos de duración, no que se presentan as instalación do centro, así como os dous graos explicando o currículo de ambos, as posibilidades de prácticas e mobilidade, os posgraos impartidos no centro ou as saídas profesionais.

Ao longo do curso pasado, enviáronse a todos centros de ensino medio de Galicia uns folletos con información sobre os dous graos do noso centro (materias, saídas profesionais...).

Finalmente, realizáronse unha serie de charlas a cargo de profesorado do centro en distintos centros de ensino secundario:

- ✓ MELCHOR FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

**Charla “O impacto económico da crise sanitaria COVID-19”**

- IES MARÍA SOLIÑO (Cangas do Morrazo – Pontevedra)
- IES DE VALGA (Baño, Valga – Pontevedra)
- IES AS FONTIÑAS (Santiago de Compostela - A Coruña)
- CPR PLURILINGUE NTRA SRA DEL CARMEN (Betanzos - A Coruña)

- ✓ ROSA MARÍA REGUERIO FERREIRA

**Charla “Que pode facer a economía por ti? E ti por ela?”**

- IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra)
- IES A BASELLA (Vilanova de Arousa – Pontevedra)

- ✓ XOSÉ ANTÓN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

**Charla “Para que serve a economía?”**

- IES A BASELLA (Vilanova de Arousa – Pontevedra)
- CPR LA SALLE (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O Carballiño – Ourense)

Na procura de seguir avanzando no cumprimento deste obxectivo, durante o curso 2020/2021 leváronse a cabo unha serie de Accións de Mellora a nivel de centro e de título:

**Centro:**

- **AM-4:** Necesidade de elaborar un plan de captación formal para cada curso.

Durante o curso 20-21 elaborouse formalmente un plan de captación e revisarase, actualizarase e aprobarase tódolos anos.

**Título:**

- **AM-1 ECO, ADE:** Creación dunha comisión específica para estudar os cambios nos plans de estudos.
- **AM-2 ECO:** Elaboración de informes cos resultados das enquisas sobre os baleiros e duplicidades desde o curso 2015-2016 ata o 2019-2020 e o seu envío aos departamentos e á comisión encargada de avaliar as modificación do plan de estudos.
- **AM-3 Máster DEIN:** Realización das modificacións necesarias na memoria do título para dar cabida ás temáticas de sustentabilidade e economía circular nas materias do Máster.

Actualmente as modificacións están en fase de aprobación por parte do ministerio coa previsión de que sexan aprobadas e publicadas para ser implantadas no curso 22-23.

O plan de melloras para o curso 2021-22 recolle a seguinte acción de mellora que tratar de contribuír ao cumprimento deste obxectivo:

**AM-3:** Necesidade de elaborar e revisar periodicamente o plan de captación formal para cada curso. Desenvolver tarefas novas encamiñadas á captación do estudiantado como son a realización de vídeos curtos de estudiantes actuais e egresados dirixidos a potencial futuro alumnado.

- **Contribuír á formación integral do alumnado**

Organización de conferencias, cursos, seminarios.

Fomentar a participación do alumnado nos órganos de xestión

Difusión das actividades formativas extracurriculares organizadas polo centro

Impulsar a creación da figura de representante/delegado de curso

Revisión e difusión dos programas de mobilidade

Implementación gradual das competencias xerais e transversais para actualización dos estudos de grao

Promover o uso da Biblioteca da Facultade como centro de recursos para a aprendizaxe e a investigación (CRAI)

Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

Entre os indicadores establecidos no Plan Estratéxico para avaliar o cumprimento deste obxectivo figuran: conferencias, seminarios, cursos organizados no centro, porcentaxe de alumnado que recibe formación en competencias informacionais por niveis ou o grao de satisfacción da comunidade universitaria do centro co servizo de formación de usuarios prestado pola BUSC.

En relación a promover o uso da Biblioteca da Facultade, ofrécese ao alumnado un curso de formación en **competencias informacionais** por niveis.

Para fomentar a realización deste tipo de cursos, incluíronse as accións formativas en Competencias en Información desenvolvidas pola Biblioteca na **guía docente de diferentes materias** como elemento de avaliación. Concretamente, na titulación de ADE, nas materias de Historia Económica (1º curso), e Investigación Comercial e Sistema Informativo Contable (4º curso) e na titulación de Economía, nas materias de Estrutura Económica Mundial I (1º curso) e Política Económica II (4º curso). O profesorado que inclúa o curso na súa guía docente é matriculado na aula virtual na que se desenvolve o curso para poder facer un seguimiento da formación realizada. Así mesmo, un grupo de profesorado colabora de forma activa coa Biblioteca, cedendo parte da **sesión de presentación** da súa materia á Biblioteca para que se presente o curso de formación en competencias informacionais. Ademais, na materia de Sistema Informativo Contable (4º ADE) cédense unha clase interactiva á Biblioteca, para realizar unha **sesión práctica** de busca de información e uso dos xestores bibliográficos.

Tamén se solicita aos coordinadores de cada título e aos coordinadores de cada curso que **difundan a información sobre estes cursos** nos espazos virtuais dos que dispoñen, para garantir que chegue a todo o alumnado.

A continuación, amósanse os **principais resultados** acadados polo alumnado que ten realizado os cursos básico e avanzado nos últimos anos:

BÁSICO		2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
<b>Matrícula oficial (total alumnado, sen rexistros duplicados)</b>	<b>ADE</b>	1209	1134	1062	1024	933
	<b>ECONOMÍA</b>	642	641	632	640	602
<b>Matrícula oficial (materia 1º curso guía docente)</b>	<b>ADE</b>	352	264	216	208	216
	<b>ECONOMÍA</b>	196	177	159	167	170
<b>Matrícula curso CI (alumnado de 1º curso)</b>	<b>ADE</b>	263	160	102	62	96
	<b>ECONOMÍA</b>	75	98	64	68	49
<b>Matrícula curso CI (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	345	160	116	147	166
	<b>ECONOMÍA</b>	129	98	94	98	87
<b>Porcentaxe participación (alumnado de 1º curso)</b>	<b>ADE</b>	75%	61%	47%	30%	44%
	<b>ECONOMÍA</b>	38%	55%	40%	41%	29%
<b>Porcentaxe participación (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	29%	14%	11%	14%	18%
	<b>ECONOMÍA</b>	20%	15%	15%	15%	14%
<b>Nº alumnado apto (alumnado de 1º curso)</b>	<b>ADE</b>	184	125	83	45	80
	<b>ECONOMÍA</b>	38	66	54	49	35
<b>Nº alumnado apto (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	256	125	87	107	139
	<b>ECONOMÍA</b>	76	66	78	69	54

<b>Porcentaxe aptos Grao (1º curso guía docente)</b>	<b>ADE</b>	52%	47%	38%	22%	37%
	<b>ECONOMÍA</b>	19%	37%	34%	29%	21%
<b>Porcentaxe aptos Graos (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	21%	11%	8%	10%	15%
	<b>ECONOMÍA</b>	12%	10%	12%	11%	9%

AVANZADO		2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
<b>Matrícula oficial (total alumnado, sen rexistros duplicados)</b>	<b>ADE</b>	1209	1134	1062	1024	933
	<b>ECONOMÍA</b>	642	641	632	640	602
<b>Matrícula oficial (materia 4º curso guía docente)</b>	<b>ADE</b>	310	276	125	239	341
	<b>ECONOMÍA</b>	109	129	95	98	203
<b>Matrícula curso CI (alumnado de 4º curso)</b>	<b>ADE</b>	114	164	86	96	104
	<b>ECONOMÍA</b>	78	79	72	72	93
<b>Matrícula curso CI (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	114	164	100	115	120
	<b>ECONOMÍA</b>	78	79	76	82	126
<b>Porcentaxe participación (alumnado de 4º curso)</b>	<b>ADE</b>	37%	59%	69%	40%	30%
	<b>ECONOMÍA</b>	72%	61%	76%	73%	46%
<b>Porcentaxe participación (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	9%	14%	9%	11%	13%
	<b>ECONOMÍA</b>	12%	12%	12%	13%	21%
<b>Nº alumnado apto (alumnado de 4º curso)</b>	<b>ADE</b>	85	129	72	77	81
	<b>ECONOMÍA</b>	59	63	65	55	80
	<b>ADE</b>	85	129	84	86	87

<b>Nº alumnado apto (total alumnado)</b>	<b>ECONOMÍA</b>	59	63	68	62	101	
<b>Porcentaxe aptos Graos (4º curso guía docente)</b>	<b>ADE</b>	27%	47%	58%	32%	24%	
	<b>ECONOMÍA</b>	54%	49%	68%	56%	39%	
<b>Porcentaxe aptos Graos (total alumnado)</b>	<b>ADE</b>	7%	11%	8%	8%	9%	
	<b>ECONOMÍA</b>	9%	10%	11%	10%	17%	

Como se pode observar, a **porcentaxe de participación** do alumnado de 1º curso **no nivel básico** tivo o pico máis alto nos cursos 2016/2017 para ADE (75%), e en 2017/2018 para Economía (55%), cursos nos que se superou o 50%. Respecto do total do alumnado de Grao, apréciase este pico para ambas titulacións en 2016/2017 (29% e 20%, respectivamente), curso no que a formación en CI foi incluída nas guías docentes e comezou a impartirse a través do Campus Virtual da USC. En anos sucesivos, mantívose no 14-15%, salvo en 2018/2019 para ADE, no que descendeu ao 11%, probablemente debido a que a Biblioteca ofreceu a formación más tarde do habitual, coincidindo con outras actividades docentes.

**Para o nivel avanzado** observamos un comportamento diferente entre ambas titulacións. No caso de ADE, a porcentaxe de participación entre o alumnado de 4º curso foi crecendo gradualmente ata o 69% en 2018/2019, para decaer no 2019/2020 (40%). Respecto do total do alumnado de Grao, esta porcentaxe creceu ata o 14% en 2017/2018, caendo en 2018/2019 para aumentar, de novo, no 2019/2020 (11%). No caso de Economía, cabe sinalar que a porcentaxe de participación entre o alumnado de 4º é moito maior que entre o mesmo alumnado de ADE, manténdose por riba do 70% nos dous últimos anos. Respecto do total do alumado do Grao, a diferenza non é tan significativa, máis a porcentaxe mantívose constante no 12%, ascendendo ao 13% no último ano. **As porcentaxes de aptitude** baixan lixeiramente respecto das de participación, debido máis á taxa de abandono que á non superación das tarefas requiridas para acadar as competencias.

Hai que ter en conta que desde o curso 2018/2019, a **USC recoñece cun crédito ECTS** as actividades formativas CI, tanto de nivel básico como avanzado. Todo o alumando pode realizar ambos niveis, en calquera dos 4 anos que componen os estudos de Grao, sen estar requerido ter o nivel básico para poder facer o avanzado. A Resolución Reitoral de recoñecemento de créditos ECTS por estas actividades inclúe a posibilidade de que o alumando que realizou cursos CI en 2017/2018 poida convalidalos en anos posteriores, mais obriga a que o alumnado se matricule de novo, o que afecta directamente ás porcentaxes de participación.

En calquera caso, a experiencia indícanos a **importancia de incluír esta formación nas Guías docentes de materias afíns** (Metodoloxía, Estatística, TFG...) e que sexa tida en conta, na medida do posible, na avaliación das competencias adquiridas.

Os datos do curso 2020/2021 están moi condicionados pola situación de **pandemia** derivada do covid-19.

No curso 2018/2019, a BUSC adoptou o **modelo formativo DIGCOMP para o nivel básico** (a través do documento “[Marco de competencia dixital para estudiantes de Grao](#)”, REBIUN, 2016) e deseñáronse unha serie de **indicadores para a medición dos resultados da aprendizaxe** do alumnado respecto das **competencias dixitais**. Destes indicadores, a Biblioteca toma a mostra dos 10 más destacados e avalía o grao en que o alumnado é quen de respostar correctamente ás preguntas que se lle realizan mediante dúas ferramentas: un Test de Coñecemento Previos (TCP), formulado antes de acceder á formación, en un Test de Avaliación Final (TAF), a realizar una vez asimilada a aprendizaxe. Chama a atención que para algúns indicadores a porcentaxe de acerto da

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 15 de 162

pregunta no TCP é maior ca no TAF, pero pode deberse a múltiples variantes (escolla ao chou, algunas das preguntas do TAF requiren do uso real dos recursos, mentres ca no TCP son teóricas...) Achéganse **os resultados** en termos de porcentaxe de acerto para estes 10 indicadores:

INDICADOR	ÁREA 1 INFORMACIÓN E TRATAMIENTO DE DATOS				
	2019/2020		2020/2021		
	TCP	TAF	TCP	TAF	
1. IDENTIFICA a súa necesidade de información e os termos e conceptos clave que a definen para iniciar a súa busca en diferentes recursos.	ADE	19	55	19	53
	ECONOMÍA	28	55	34	60
3. BUSCA por texto libre, por campos concretos, e emprega filtros de busca. É capaz de acceder aos resultados obtidos e navegar entre eles.	ADE	77	93	62	88
	ECONOMÍA	56	80	53	94
6. SABE ALMACENAR e RECUPERAR os datos, información e contidos atopados en contornas dixitais ou de elaboración propia, e organizalos en carpetas dos seus dispositivos e/ou no seu navegador web.	ADE	79	84	84	89
	ECONOMÍA	80	76	84	89
9. Sabe como COMPARTIR arquivos e contidos a través de medios tecnolóxicos (enviar adxuntos, cargar fotos na Rede...)	ÁREA 2 COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN				
	2019/2020		2020/2021		
	TCP	TAF	TCP	TAF	
	ADE	99	100	94	99
13. SABE o que é a identidade dixital e VALORA a importancia de xestionala con responsabilidade. É quen de crear e manter adecuadamente a súa identidade dixital.	ECONOMÍA	93	95	98	96
	ADE	88	96	73	92
	ECONOMÍA	72	84	66	91

	ÁREA 3 CREACIÓN DE CONTENIDO DIGITAL				
	2019/2020		2020/2021		
	TCP	TAF	TCP	TAF	
15. COÑECE e EMPREGA programas de procesamento de texto e/ou de elaboración de presentacións, e os USA na súa práctica académica, para crear novos contidos, ou editar e mellorar outros xa existentes.	ADE	92	97	89	96
	ECONOMÍA	93	97	92	98

**MEMORIA DE CALIDADE**

Páxina 16 de 162

17. COÑECE os conceptos básicos da propiedade intelectual (dereitos de autor) e COMPRENDE o que constitúe plaxio, considerándoo reprobable, e RECOÑECENDO correctamente o traballo e ideas doutras persoas.	ADE	76	93	79	89	
	ECONOMÍA	72	98	79	98	
		<b>ÁREA 4 SEGURIDADE</b>				
22. COÑECE os conceptos básicos relacionados coa intimidade, privacidade e protección de datos persoais. UTILIZA os niveis de privacidade adecuados, tanto nos seus dispositivos dixitais como nos servizos que utiliza na nube.	ADE	85	94	80	93	
	ECONOMÍA	81	87	93	98	
		<b>ÁREA 5 RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>				
28. IDENTIFICA problemas técnicos simples cando usa dispositivos ou traballa en ambientes dixitais, e COÑECE solucións simples para resolvélos, EXPLICANDO con claridade en que consiste o mal funcionamento.	ADE	95	100	87	96	
	ECONOMÍA	77	97	87	98	
29. COÑECE fontes e SABE onde buscar información relevante para a resolución teórica e técnica de problemas relacionados co uso de recursos, ferramentas e servizos dixitais, ELIXINDO as tecnoloxías más adecuadas segundo ás súas necesidades.	ADE	53	53	52	58	
	ECONOMÍA	53	60	54	69	

Finalmente, achéganse os **resultados más relevantes das enquisas de satisfacción** que a Biblioteca recolle ao rematar cada actividade formativa. Chama a atención a alta porcentaxe de respostas afirmativas á pregunta “Cres que o curso debería ser obligatorio”. Isto pon de manifesto, dunha banda, a autopercepción de carencia destas competencias por parte do alumnado e, doutra, a relevancia que o alumnado outorga ás CI para a súa formación integral na Universidade.

#### **NIVEL BÁSICO**

	2019/2020		2020/2021	
	Cres que este curso debería ser obligatorio?			
	SI (%)	NON (%)	SI (%)	NON (%)
ADE	85	15	65	35
ECONOMÍA	73.8	26.2	76	24
	En que grao este curso cumpliu as túas necesidades de formación ? (1= grao mínimo ou moi baixo; 5=grafo máximo ou moi alto)			

**MEMORIA DE CALIDADE**

Páxina 17 de 162

	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	5,7	35,6	58,6	8	31	61
ECONOMÍA	14,7	27,9	57,3	2	27	71
<b>Aprendizaxe de coñecementos e habilidades na xestión da información</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	3,4	23	73,6	4	20	76
ECONOMÍA	6,5	19,7	73,8	4	16	80
<b>Coñece mellor os recursos da súa área</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	3,4	33,3	63,3	4	20	76
ECONOMÍA	3,3	27,9	68,8	6	22	71
<b>Adquire habilidades para crear contidos e traballar na contorna dixital</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	8	26,4	65,6	5	15	80
ECONOMÍA	13,1	11,5	75,4	6	18	76
<b>O curso axuda a túa formación académica e profesional</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	3,4	33,3	63,3	5	26	69
ECONOMÍA	8,2	27,8	64	6	29	65

**NIVEL AVANZADO**

	2019/2020		2020/2021			
<b>Cres que este curso debería ser obligatorio?</b>						
	SI (%)		NON (%)		SI (%)	NON (%)
ADE	73,26		26,74		73,96	26,04
ECO	72,13		27,87			
<b>En que grao este curso cumpliu as túas necesidades de formación ? (1= grao mínimo ou moi baixo; 5=grafo máximo ou moi alto)</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	5,81	33,72	60,47	7,29%	25%	77,71%
ECO	9,84	34,43	55,74			
<b>Aprendizaxe coñecementos e habilidades na xestión da información</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	11,63	12,79	75,58	5,20%	57,3%	37,50%
ECO	9,84	21,31	68,85	37,76%	50%	12,24%
<b>Coñece mellor os recursos da súa área</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	9,3	26,74	63,95	0,00%	23,96%	76,04%
ECO	11,48	26,23	62,3	7,14%	28,57%	64,28%
<b>O curso axuda a túa formación académica e profesional</b>						
	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)	1-2 (%)	3 (%)	4-5 (%)
ADE	9,3	41,86	65,12	9,38%	59,37%	31,25%
ECO	9,5	21,31	68,85	18,36%	31,63%	50%

Durante o curso 20/21 ofertáronse na Facultade diferentes cursos coa finalidade de complementar a formación do noso alumnado como: o Taller práctico sobre o proceso de creación dun Informe fundamentado en enquisas (setembro, 2020), os Cursos básicos e avanzado

de competencias en información, o curso Fundamentos de folla de cálculo para economía e empresa (novembro 2020) e o curso R PARA ECONOMÍA E EMPRESA (febreiro e marzo 2021).

Entre as charlas e cursos destinados a fomentar o emprego e o emprendemento destacamos:

- “O USO DE LINKEDIN COMO FERRAMENTA DE APRENDIZAXE E EMPREGABILIDADE” (decembro 2020),
- o Modulo de orientación laboral para o fomento da empregabildiade (8 sesións entre febreiro e abril) impartido pola Area Orientación Laboral da USC,
- a Xornada de emprendemento universitario (GEM Galicia abril 2021)
- o taller “O CONTACTO PROFESIONAL COAS EMPRESAS: Elaboración do correo de presentación e do CV” (abril 2021).

Houbo tamén durante o curso encontros telemáticos entre o alumnado do último curso do grao e empresas que presentaron o seus programas de talento: Deloitte Auditoría, Deloitte Legal, Boston Consulting Group o o programa Alevín do Grupo Nueva Pescanova.

Entre as conferencias que houbo durante o curso 20/21 podemos destacar “A CIENCIA DE DATOS: UN NOVO FUTURO PROFESIONAL PARA OS ECONOMISTAS” ou as “Conversas Iberoamericanas” organizadas pola Cátedra Iberoamericana como a que tivo lugar en novembro de 2020 “A Economía Circular: presente e futuro tras a Covid-19”.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recollía unha serie de accións vinculadas có cumprimento deste obxectivo:

**Centro:**

**AM-11:** Realizar melloras nas instalacións e equipamento do centro.

En cumprimento desta acción de mellora realizáronse as seguintes melloras.

- Melloras de equipamento das aulas: instalación de cámaras web e altofalantes, instalación de novo proxector e pantalla na aula B, instalación de monitores en aulas, instalación de novas pizarras, insonorización da aula 20.
- Melloras de acondicionamento en aulas e mellora de eficiencia enerxética: Reforma de Aula 20 e hall de acceso, substitución de fiestras por outras tipo Climalit e substitución de iluminación a leds, reforma de aula 6 e substitución de iluminación a leds, instalación de persianas novas en aula 2 con colocación de motores.
- Melloras e acondicionamento nos despachos: Cableado aula 24 para uso de ordenadores en mesas de alumnado, substitución de solo e pintado do despacho 218.
- Melloras e acondicionamento en zonas comúns e zonas administrativas: Instalación de estores en despachos da Unidade de Xestión, instalación de percheiros en Unidade de Xestión, Instalación de claraboias en cuberta, reforma de falso teito en zonas comúns e nova iluminación con leds, pintado de portas interiores de baños de alumnado, traballos de impermeabilización en tellados e substitución de baixantes en varias zonas.
- Melloras no mobiliario e equipamento de uso en zonas comúns: Postes de sinalización corredores, retapizado de cadeiras e sofás, reparación de mobiliario diverso.

- Restauración e conservación do patrimonio artístico da Facultade: Restauración de 5 pinturas de Conde Corbal, restauración de pintura de Virxilio, Enmarcado con cristal, molduras e acondicionamento de cadros de Xavier Pousa, Virxilio e Quesada.
- Melloras no equipamento das aulas de informática: Substitución de CPUs e monitores en aula i5.

**AM-13:** Incrementar o número de convenios con entidades públicas e privadas.

Durante o curso 20-21 estableceronse 34 convenios de prácticas novos.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxanse unha serie de accións de mellora para o curso 21-22:

**AM-7:** Incrementar o número de convenios de mobilidade.

**AM-9.1:** Posta en marcha do ciclo de conferencias “Aprendendo das empresas”. Tratase dun ciclo de conferencias impartido por egresados da facultade que afondaran nas diferentes áreas funcionais da empresa.

**AM-10:** Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades públicas e privadas.

**AM-14:** Realizar melloras nas instalacións e equipamento do centro.

Accións de mellora de **título**:

**AM-9 Máster en desenvolvemento económico e innovación:** Ademais dos contidos prácticos xa incorporados nas materias do máster, realizaranse talleres prácticos sobre temáticas vinculadas ao máster co obxectivo de achegar un maior coñecemento práctico, conferencias e visitas.

**AM-12 Máster en desenvolvemento económico e innovación:** Incorporación de profesionais do desenvolvemento rexional e local, sexa a través de conferencias ou docencia nas materias desta especialidade, para que poidan achegar un enfoque práctico complementario.

- **Mellorar a empregabilidade dos egresados.**

Oferta dunha formación adaptada ás necesidades da sociedade

Impulsar convenios de prácticas con empresas

Dinamización da relación co colectivo de egresados

Difusión de información sobre ofertas laborais entre o colectivo de egresados recibidas no centro e facilitadas pola Vicerreitoría responsable da acción na USC (BIP)

Organización e participación en xornadas de emprendemento e orientación profesional

Levar adiante actividades de orientación laboral para o alumnado mediante recursos propios ou os facilitados pola Vicerreitoría responsable da acción na USC

Entre os indicadores que figuran no plan estratégico para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse as actividades levadas a cabo co obxectivo de actualizar a oferta formativa do centro, a satisfacción dos egresados e egresadas, inserción laboral dos egresados da USC, o grao de satisfacción coa docencia recibida, o grao de satisfacción coa docencia impartida, a satisfacción dos titulares externos coas prácticas, número de convenios de prácticas asinados con empresas e institucións, a eficiencia dos titulados, as taxas de éxito e as taxas de graduación.

A continuación figura unha táboa resume con estes indicadores para cada título. Estes indicadores

serán analizados con maior detalle nas directrices 2 e 3 da presente memoria.

Táboa 5: Resume de indicadores para avaliar a mellora na empregabilidade dos egresados/as

<b>IN46-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</b>	<b>2016/17</b>	<b>2017/18</b>	<b>2018/19</b>	<b>2019/20</b>	<b>2020/21</b>
Economía	3,6	3,62	3,88	3,78	3,69
ADE	3,7	3,74	3,83	3,71	3,8
Máster DEIN	4,42	4,21	4,54	4,14	4,42
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable	4,54	3,86	4,29	3,46	4,06
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	3,64		4,15	3,86	4,42
Máster Universitario en Dirección de Empresas	4,37	4,07	4,19	4,61	4,5
Máster Universitario en Economía			3,87	4,14	4,56
<b>In47-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</b>	<b>2016/17</b>	<b>2017/18</b>	<b>2018/19</b>	<b>2019/20</b>	<b>2020/21</b>
Economía	3,68	3,85	4,15	4,00	4,02
ADE	3,66	3,77	4,16	3,97	3,95
Máster DEIN	4,06	3,97	4,48	4,30	4,19
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	3,63	3,68	4,37	4,59	4,12
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	4,38		4,18	4,30	4,19
Máster Universitario en Dirección de Empresas	4,36	3,99	4,63	4,61	
Máster Universitario en Economía			4,25	4,21	4,68
<b>IN42M-S01-PM-01 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación</b>	<b>2016/17</b>	<b>2017/18</b>	<b>2018/19</b>	<b>2019/20</b>	<b>2020/21</b>
Economía	3,13	2,94	3,35	n.d	3,39
ADE	3,2	3,31	3,13	n.d	3,39
Máster DEIN	3,55	3,31	3,67	n.d	3,29
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira		3,54	3,97	n.d	3,29
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas		3,01	3	n.d	3,29
Máster Universitario en Dirección de Empresas	3,61	3,91	3,41	n.d	
<b>IN20G-PC-09-Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas</b>	<b>2016/17</b>	<b>2017/18</b>	<b>2018/19</b>	<b>2019/20</b>	<b>2020/21</b>
Economía	3,17	4,58	4,67	n.d	4
ADE	4	4,17	4,15	n.d	

**MEMORIA DE CALIDADE**

Páxina 21 de 162

Máster DEIN	4,06	4,08	3,8	n.d	4,71
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	4,19			n.d	
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	3,67			n.d	4,71
Máster Universitario en Dirección de Empresas	4,04	4,38	4,53	n.d	4,5

<b>IN35CM-Taxa de éxito</b>	<b>Promedio dos últimos 5 años</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	74,98	81,63	74,17
<b>Grao en Economía</b>	76,90	82,77	73,96
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	98,21	98,55	97,08
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	98,40	99,18	99,55
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	92,04	95,54	95,91
<b>Máster Universitario en Economía</b>	39,22	97,56	91,25
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	97,33	95,86	97,21

<b>IN37CG-Taxa de graduación</b>	<b>Promedio dos últimos 5 años</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	37,93	39,38	41,72
<b>Grao en Economía</b>	37,44	34,56	45,32
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	78,88	93,75	66,67
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	65,82	77,27	61,11
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	36,61	55,00	77,27
<b>Máster Universitario en Economía</b>	13,33	66,67	60,00
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	67,52	57,14	94,44

<b>IN53CG-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)</b>	<b>Promedio dos últimos 5 anos</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	62,88	76,07	77,22
<b>Grao en Economía</b>	82,02	81,95	80,00
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	93,98	86,24	90,46
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	76,28	94,24	97,20
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	93,65	87,50	91,43
<b>Máster Universitario en Economía</b>	39,51	97,56	100,00
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	90,44	95,09	86,64

No que se refire á difusión de ofertas laborais entre o alumnado actual e os egresados, empregáronse as redes sociais do centro para facelo, especialmente o LinkedIn.

O plan de melloras plantexado para o curso 20-21 recollía unha serie de accións para dar cumprimento a este obxectivo:

- **AM-13:** Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades públicas e privadas.

Durante o curso 2020-21 asináronse os seguintes convenios novos:

Roberto Pereira S.L., Galitec Desarrollos Tecnológicos S.L., Hierro Diego S.L., Internaco S.A., Esyde 20 S.L., Consultores hoeleros integrales S.L., Manufacturas y Distibuciones Salnés S.L, Sandra María Tuñas Loeda, Marta Carrillo Lema (Asesoría Galeras), Jacobo Amarelle Barreiro, Tórculo Comunicación Gráfica S.A., Deloitte Consulting S.L.U., Asum Asesores y Abogados, S.L., Asesores Técnicos Mercantiles S.L., Arzobispado de Santiago de Compostela, Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA), OBZ, S.L., El sabio bricolaje, hogar y campo, S.A., Agruparación Europea de cooperación territorial Eurocidade Chaves-Verín, Meraki Ferments, Xema Galicia Medioambiente S.L., Arcade Consultores Tributarios S.L., Apumar Auditores SLP.U, Nodosa S.L., Gestión 2005 S.L., Noa Design and Architecture S.L.U., Ramón Santiago Vázquez González, Ingaster Galicia S.L., Iglesias Sexto y asociados S.C., Grúas Suso S.L., Nutrimentos Deza S.A., EVELV técnicas y sistemas S.L., Fish Factory S.L., Mercedes Caneda Antelo.

- **AM-14:** Dinamizar a relación con egresados do centro.

En relación a esta acción de mellora leváronse a cabo dúas reunións entre o equipo decanal e un grupo de egresados das titulacións de ADE e Economía.

- ADE:
  1. Adrián Vilacoba Noya 2019 Máster Marketing Dixital 2020. Empresa Click Age
  2. Cristina García Bande 2019. Deloitte España
  3. Ricardo Bugallo 2018. Máster Banca 2019. CLUN y Auditor junior en BDO
  4. Sara Pedreira Escribano 2017, Máster comercios exterior 2019. STAC IGAPE International Trade and investment Advisor Chicago
  5. Gerardo Díaz Casal 2013. Corporate Tax Advisor en Telefónica
- Economía
  1. Lois Pimentel
  2. Mateo Franco, 2018. Máster de Economía
  3. Karan Novo, 2018. Delegado de Feuga en Bruselas. Proxectos Europeos.
  4. Pablo Coello Pulido, 2019. Máster de Economía.
  5. Gabriel Alonso Friera, 2016. Blue Book Trainee at European Commission.

Así mesmo, distribuíuse unha enquisa aos egresados a través de Linkedin para coñecer a súa opinión sobre a titulación, baleiros detectados e posibilidades de mellora dos títulos.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxanse unha serie de accións de mellora para o curso 21-22 (xa previamente comentadas):

**AM-9:** Ofrecer ao alumnado cursos e conferencias que complementen a súa formación. AM-9.1: Ciclo de conferencias “Aprendendo das empresas”, AM-9.2: Posta en marcha de cursos sobre ERP (Libra), Power Bi, “R”...

**AM-10:** Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades públicas e privadas.

Accións de mellora de **título:**

**AM-8 Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación:** Contactaranse empresas e outras entidades de carácter público que apliquen procesos de innovación solicitando a súa colaboración para que o alumnado poida realizar as súas prácticas, ampliando a oferta de prácticas vixente.

- **Liña estratéxica 2: Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, na flexibilidade e na sostibilidade:**

**5. Incrementar a participación do PDI nas actividades do centro:**

Participación representativa do PDI nas comisións

Involucrar ao PDI nas decisións importantes do centro

Involucrar ao PDI en actividades formativas, de investigación e sociais

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo figuran o grao de satisfacción media do persoal docente coas actividades formativas desenvolvidas ou os cursos de formación do PDI con docencia na Facultade e a porcentaxe de asistencia do PDI aos órganos de decisión do centro.

A USC elabora anualmente un “Informe da enquisa de satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas” (INF.10). Deste informe destacamos o nivel de satisfacción global do profesorado de toda a USC cos programas de formación nos que participaron (4,49). En canto a si recomendaría os cursos nos que participou a outros compañeiros en xeral responden que si; entendendo que os cursos aos que asistiron adaptábanse ás súas necesidades formativas (4,38). Estas avaliaciós foron mellorando nos últimos cursos e entendemos que existe unha maior preocupación pola mellora continua.

En calquera caso seguimos a traballar na participación do profesorado nos programas formativos, existindo a posibilidade de propoñer desde o propio centro diferentes programas formativos do profesorado a demanda para adaptarnos ás súas necesidades específicas.

O plan de melloras plantexadas para o curso 20-21 recollía a seguinte acción de mellora para avanzar no cumprimento deste obxectivo:

**AM10: Solicitar ao PFID a realización de cursos de formación docente na Convocatoria de Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria**

Neste senso, realizáronse os seguintes cursos:

**PFID.20tic-41 Xestión e uso didáctico das cámaras, altofalantes e tabletas dixitalizadoras nas aulas da USC, 9 de marzo de 12:00 a 14:00 horas, na aula 21.**

**PFID.20tic-46 Xestión e uso didáctico das cámaras, altofalantes e tabletas dixitalizadoras nas aulas da USC, 12 de marzo de 16:00 a 18:00 horas, na aula 20.**

Dende o centro organizouse tamén a **Xornada/Taller Estratexias de avaliación e ferramentas tecnolóxicas para a súa implementación en distintos escenarios** (actividade aprobada na I Convocatoria de Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria” da USC convocada a través do CeTa)

**OBXECTIVO:**

Afondar no deseño de estratexias de avaliación orientadas á aprendizaxe, adaptadas á nova situación derivada da Covid na que hai unha maior necesidade de diversificar as ferramentas de avaliación na lóxica da avaliación continua.

**PROFESORADO:**

Membros do grupo GRIAL (Grupo de Investigación en Interacción y e-Learning ) da Universidad de Salamanca

**LUGAR:**

MS Teams (videoconferencia)

**PLANIFICACIÓN:**

**Sesión 1.** Elementos e organización de estratexias de avaliación

Docente: SUSANA OLMO MIGUELÁÑEZ

**Data: Venres 20/11/2020, 16:00-18:30 horas**

**Sesión 2a:** Ferramentas de avaliación on line (Nivel I): Foros, Tarefas, Cuestionarios, Videoconferencia

Docente: FERNANDO MARTÍNEZ ABAD

**Data: Mércores 25/11/2020 , 12:00-14:30 horas**

**Sesión 2b:** Ferramentas de avaliación on line (Nivel II): Leccións, Talleres, Gamificación da avaliación,

...

Docentes: ALICIA GARCÍA HOLGADO e JUAN PABLO HERNÁNDEZ RAMOS

**Data : Venres 27/11/2020 , 16:00-18:30 horas**

A acollida desta actividade entre o PDI foi moi boa: nº de matriculados foi 45 dos cales 42 superaron o curso.

Na procura de avanzar no cumprimento deste obxectivo, plantéxase a seguinte acción de mellora para o curso 21-22:

**AM-13:** Creación dun Comité de benvida para o novo profesorado co fin de familiarizalo coa vida do centro e co seu funcionamento. Realizar unha reunión co profesorado novo para presentar a equipa decanal e o funcionamento do centro así como para coñecer ás novas incorporacións e as súas inquedanzas. Elaborar unha guía para o profesorado que serva de apoio ás novas incorporacións.

**AM-15:** Realizar unha comunicación periódica a modo de xornal do centro no que se comuniquen os principais acontecementos así como os acordos más relevantes.

## 6. Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación

Detectar carencias formativas do PDI

Impulsar accións formativas axeitadas ás carencias detectadas

Contribuír á difusión e visibilización da producción científica e investigadora da USC a través do repositorio institucional Minerva

Establecer unha colaboración activa entre a Biblioteca do centro e o PDI

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo que figuran no plan estratéxico atópanse a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total ou a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, a porcentaxe de participación do PDI nos plans de formación, informe da enquisa de satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas, actividades de formación e difusión de investigación promovidas no centro, cursos de formación en competencias informacionais dirixidas ao PDI impartidos pola BUSC, informe da enquisa de satisfacción do PDI respecto dos cursos impartidos pola BUSC, eventos (cursos, conferencias...) para a promoción e fomento do uso do repositorio institucional Minerva.

Respecto á porcentaxe do PDI funcionario sobre o total e a porcentaxe de PDI doutor sobre o total, os datos amosan en xeral un descenso en relación ao promedio dos últimos 5 anos.

**MEMORIA DE CALIDADE**

Páxina 26 de 162

<b>IN26C-Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total</b>	<b>Promedio dos últimos 5 anos</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	51,69	48,57	45,36
Grao en Economía	49,58	48,05	47,30
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	52,32	53,85	46,43
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	42,62	47,37	30,00
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	65,37	64,29	66,67
Máster Universitario en Economía	0,00	0,00	73,33
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	45,74	42,86	35,00

<b>IN25C-Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total</b>	<b>Promedio dos últimos 5 anos</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	76,80	74,29	74,23
Grao en Economía	79,78	77,92	79,73
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	86,83	84,62	78,57
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	71,80	68,42	70,00
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	89,40	85,71	83,33
Máster Universitario en Economía	0,00	0,00	100,00
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	72,10	71,43	75,00

<b>IN24C-Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total</b>	<b>Promedio dos últimos 5 anos</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>

<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	48,55	50,70	52,38
<b>Grao en Economía</b>	45,61	47,17	52,00
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	75,37	80,00	75,00
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	74,33	81,82	80,00
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	43,22	40,00	55,56
<b>Máster Universitario en Economía</b>	0,00	0,00	80,00
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	80,77	86,67	72,73

A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, experimentou un crecemento respecto ao promedio dos últimos 5 anos.

Os artigos da Revista Galega de Economía dende 2012 á actualidade estaban na web da revista do servizo de publicacións da USC. Dende 1990-2012 ou ben non estaban en ningún repositorio/web institucional, pois ao principio a revista era só impresa, ou ben estaban en diferentes webs non institucionais.

Como se comentou previamente, na actualidade, tódolos artigos dende 1990-2012 poden atoparse en Minerva:

<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/8426>

E dende 2012 están na web da revista no servizo de publicacións, onde tamén hai un link a Minerva:

<http://www.usc.es/revistas/index.php/rge/issue/archive>

Igualmente, se engadiron tódolos volumes da revista a Dialnet. Dende aí tamén se pode acceder aos contidos de tódolos artigos publicados:

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=1981>

Así, tódolos contidos están accesibles dende webs institucionais da USC, mellorando tamén o acceso aos contidos ao estar dispoñibles dende Dialnet.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recollía a seguinte acción de mellora na procura de avanzar no cumprimento deste obxectivo:

- **AM12:** Mellorar a difusión dos artigos publicado na Revista Galega de Economía.

Dende a dirección da revista realizáronse os trámites precisos para incorporar os artigos da RGE na base de datos Ideas-REPEC (AM 12.1) e a incorporación da revista European Reference Index for the Humanities and Social Science (ERIH-PLUS) (AM 12.2.).

En relación á incorporación dos artigos á base de datos Ideas-REPEC, engadíronse tódolos artigos da revista que non estaban na base de datos, de modo que, a día hoxe, non hai ningún artigo pendente de engadir. A medida que se vaian publicando números adicionais da revista, incorporaranse os novos artigos que se publiquen. A ligazón da revista na base de datos é:

<https://ideas.repec.org/s/sdo/regaec.html>.

En relación ao European Reference Index for the Humanities and Social Science (ERIH-PLUS), incorporouse a revista á base datos, sendo a data de aprobación da incorporación o 22/03/2021. A ligazón da revista na base de datos é:

<https://kanalregister.hkdir.no/publiseringsskanaler/erihplus/periodical/info.action?id=474005>

A solicitude de avaliación da revista para a súa incorporación ao Emerging Sources Citation Index (ESCI) (AM 12.3) realizoume a través do Servizo de Publicacións e Inercambio Científico da USC (SPIC). O recente cambio na propiedade da base de datos, agora é xestionada Clarivate Analytics, retrasou a data prevista de solicitude. Clarivate Analytics comunicou ao SPIC o 3 de setembro de 2021 que o portal para facer a solicitude (Publisher Portal) estaba dispoñible e a solicitude realizouse o 10 de setembro de 2021.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxase a seguinte acción de mellora para o curso 21-22:

**AM-12:** Realización dun curso de formación docente na procura de ideas para a mellora das metodoloxías de docencia e avaliación das matemáticas cara a modificación dos plans de estudos.

### **2.3. Xestión eficiente do persoal de administración e servizos**

Elaboración dunha programación administrativa anual

Elaboración dunha programación das tarefas da área de conserxería

Reorganización da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos

Promover o uso de ferramentas de administración electrónica

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse o grao de satisfacción do persoal de administración e servizos, o grao de cumprimento da programación administrativa anual, organigrama e descripción de postos do persoal da Unidade de Xestión e o número de trámites administrativos dispoñibles electrónicamente.

O persoal de apoio (PAS) co que conta o centro para o bo desenvolvemento dos distintos títulos impartidos cumple cos requisitos necesarios para levar a cabo a xestión adecuada do mesmo, contando coa cualificación axeitada para o bo desenvolvemento das súas función.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con 27 persoas de apoio para o correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras realizadas no centro e coa biblioteca. Os postos de traballo existentes na actualidade son: Conserxería, no que están 6 persoas (catro auxiliares técnicos informáticos, un conserxe e un oficial de servizos), Secretaría de Decanato, 5 secretarías nos departamentos; un técnico especialista en informática, un responsable de Asuntos Económicos, un responsable da unidade de xestión do centro e o administrativo e dous postos base. Ademais outros 9 postos relacionados coa biblioteca. A maior parte do PAS conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos seis anos (todos menos 9).

En relación ao grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido, acada valores adecuados.

Táboa 9: Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49C-PS-01)

	Promedio dos últimos 5 anos	2019-20	2020-21
<b>IN49C-Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido</b>		3,50	3,75

Anualmente, o responsable da Unidade de Xestión elabora a programación administrativa anual atendendo ás necesidades e particularidades do Centro.

Na procura de avanzar no cumprimento deste obxectivo, plantéxanse as seguintes accións de mellora para o curso 21-22:

**AM-13.3:** Realización dun protocolo de acollida para facilitar a integración e adaptación do PAS que se incorpore á Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.

**AM-16:** Elaboración dun catálogo de todos os procesos que se realizan na Unidade de Xestión co máximo nivel de desagregación que sexa posible.

**AM-17:** Optimización dos recursos de Office 365. Organización de toda a documentación da Unidade de Xestión en carpetas compartidas no OneDrive. Emprego de Forms en procesos como a convocatoria de prácticas en empresas, a asignación de destinos SICUE e a asignación de destinos ERASMUS.

#### 2.4. Favorecer a formación do persoal de administración e servizos

Detectar necesidades de formación do PAS

Informar ao PAS da oferta formativa allea á USC

Facilitar a participación do PAS en programas formativos

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo figura o grao de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas.

A asistencia do PAS a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. A porcentaxe de PAS que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade foi do 64% no curso 2020-21. Neste caso, a satisfacción global da totalidade do PAS da USC coas actividades formativas realizadas foi do 7,64 sobre 10.

En relación ao grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (INF21) no curso 2020-21, acada valores adecuados (3,88).

Anualmente, a responsable da Unidade de Xestión do centro realiza unha demanda de cursos de formación tendo en conta as carencias no persoal de administración e servizos do centro e as esixencias do mesmo.

- **Liña estratéxica 3: Oferta de titulacións adaptadas ás necesidades da sociedade.**
  7. Elaborar unha oferta de grao e posgrao axustada á realidade e ás necesidades da contorna.

Comprobar a adaptación das competencias dos títulos ás necesidades do mercado laboral

Observar os títulos impartidos en universidades pioneras

Mellorar a oferta de formación de posgrao do centro

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo figuran o grao de satisfacción do alumnado coas prácticas externas ou o grao de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas.

A continuación figura unha táboa cos indicadores anteriores para cada un dos títulos impartidos no Centro. Estes indicadores analízanse con maior detalle nas directriz 3 e nos informes de resultados respectivos de cada título.

[informes resultados 20-21](#)

Táboa 10: Satisfacción do alumnado coas prácticas externas e satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas:

<b>IN19G-PC-09- Satisfacción dos estudiantes coas prácticas externas</b>	<b>2016/17</b>	<b>2017/18</b>	<b>2018/19</b>	<b>2019/20</b>	<b>2020/21</b>
Economía	3,87	4,43	4,24		4
ADE	4,11	4,39	4,38		4,25
Máster DEIN	3,51	4,24	3,58		
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	4,71	3,78			4,53
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas <sup>(1)</sup>	4,00	4,21	4,28	4,52	4,72
Máster Universitario en Dirección de Empresas Santiago	4,15	4,04	4,63		
Máster Universitario en Economía			4,06		
<b>IN20M-PC-09-Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas</b>	<b>2016/17</b>	<b>2017/18</b>	<b>2018/19</b>	<b>2019/20</b>	<b>2020/21</b>
Economía	3,17	4,58	4,67		4
ADE	4	4,17	4,15		
Máster DEIN	4,06	4,08	3,8		4,33
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	4,19				
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas <sup>(1)</sup>	4,48	3,97	4,07	4,71	4,71
Máster Universitario en Dirección de Empresas	4,04	4,38	4,53		

<sup>(1)</sup> Os datos dende o curso 16/17 son resultados de enquisas propias do máster.

En termos xerais, os datos de satisfacción coas prácticas tanto dos estudiantes como dos tutores profesionais son elevados. Debido á situación de pandemia provocada pola Covid-19, as prácticas en empresa víronse en algúns casos suprimidas e en outros casos modificadas por prácticas telemáticas. Para o curso 2019/20 non se dispón de datos relativos á satisfacción coas prácticas externas tanto dos estudiantes como dos tutores profesionais.

De cara ao futuro, a Facultade está valorando as necesidades sociais de novas titulacións ou de mencións nas titulacións actuais, por este motivo, o 14 de novembro de 2019 aprobouse en Xunta de Facultade crear unha comisión para estudar a posibilidade de cambios nas titulacións.

[https://www.usc.gal/gl/centros/ecoade/gobierno/actas\\_xf.html](https://www.usc.gal/gl/centros/ecoade/gobierno/actas_xf.html)

A Comisión, despois de reunirse en varias ocasións, acordou que o camiño a seguir era a modificación dos títulos actuais. Para ese fin, no caso de Economía, creouse unha Comisión independente que está traballando na actualidade nesa modificación. No caso de ADE, na medida en que a modificación debe facerse de forma simultánea co Campus de Lugo, acordouse na Comisión Intercentros traballar na recollida de información de egresados, estudiantes e Comité Consultivo antes de plantexar a creación da Comisión que aborde a modificación do plan de estudos.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recolle as seguintes accións de mellora vinculadas ao cumprimento deste obxectivo:

**Título:**

- **Grao en Economía, AM.1:** Creación dunha comisión específica para estudar os cambios necesarios no plan de estudos do grao en Economía.
- **Grao en Administración e Dirección de Empresas, AM.3:** Creación dunha Comisión para estudar a posibilidade de cambios na titulación de ADE.
- **Máster DEIN, AM.3:** Realización das modificacións necesarias na memoria do título para dar cabida ás temáticas de sustentabilidade e economía circular nas materias do Máster.
- **Máster en Dirección de Empresas:** Actualización do formato da memoria, incorporando información sinalada pola Comisión Avaliadora no último proceso de acreditación.

Como xa se comentou, as modificacións das memorias do Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación e do Máster Universitario en Dirección de Empresas están en fase de aprobación por parte do ministerio coa previsión de que sexan aprobadas e publicadas para ser implantadas no curso 22-23.

O plan de melloras para o curso 2021-22 recolle a seguinte acción de mellora de cara ao cumprimento deste obxectivo:

**AM-2:** Avanzar no desenvolvemento da renovación dos plans de estudos de grao do centro. Para o grao en ADE, crear unha Comisión encargada da modificación do plan de estudos. Para o grao en Economía, seguir avanzando no debate xa iniciado de cara a modificación do plan de estudos.

**8. Incrementar a demanda de alumnado en todos os títulos ofertados polo centro.**

Establecer mecanismos de comunicación constante cos egresados do centro

Deseñar estratexias de promoción das titulacións do centro

Mellorar a política de comunicación do centro

Pór en valor e promocionar os servizos que a USC ofrece ao alumnado.

O cumprimento deste obxectivo pasa por mellorar os mecanismos de comunicación do centro, establecer mecanismos de comunicación constante cos egresados e egresadas e promocionar as titulacións do centro e poñer en marcha iniciativas cos centros de secundaria e formación profesional.

Entre as accións levadas a cabo durante o curso 2020/2021 en relación á comunicación, a pesares das circunstancias relacionadas coa COVID-19 e do número anormalmente baixo de estudiantes entrantes (só 8), convocouse ao alumnado Erasmus a un Welcome Day o día 23 de setembro, recen estreado o primeiro cuatrimestre do curso. Neste caso, e tendo en conta as circunstancias sanitarias, a RAM contactou a través do correo electrónico cos 8 estudiantes para dáralles a benvida e algúnsha información básica. Tamén se lles informou de que o día 23 de setembro ás 12 horas a RAM estaría no Salón de Graos para dáralles a benvida presencialmente e atender calquera dúbida que tiveran, se o consideraban oportuno e tamén que se subiría unha presentación coa principal información relevante (entre ela toda a derivada dos cambios no uso de infraestruturas e na organización docente motivadas pola emergencia sanitaria). Dita presentación está subida á páxina web da facultade desde ese día, no mesmo apartado que se colgou a presentación precedente e pode atoparse en:

<https://www.usc.gal/gl/centros/ecoade/inforeigners/>.

Neste caso, a maioría dos estudiantes fixeron as súas consultas á RAM por correo electrónico e só dous se presentaron de maneira presencial para resolver dúbihdas.

Ademais, en xaneiro de 2020 púxose en marcha o perfil de twitter da facultade na procura de dar maior difusión a información de interese para estudiantes e egresados.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recollía as seguintes accións de mellora vinculadas ao cumprimento deste obxectivo:

**Centro:**

- **AM.8.** Dar maior difusión aos indicadores de calidad de centro e título. Maior transparencia aos acordos das Comisións. Dar maior difusión de información relevante para os estudiantes e egresados a través das redes sociais. Creación de canle de youtube.

As actas das Comisións Académicas poden consultarse no seguinte link:

<https://cutt.ly/nT7GmAz>

Respecto á canle de youtube, creouse o 30 de marzo de 2021:

[https://www.youtube.com/channel/UCNyJ\\_vKlbBGk6GBHFIG1Tzg](https://www.youtube.com/channel/UCNyJ_vKlbBGk6GBHFIG1Tzg)

- **AM. 14.** Dinamizar a relación con egresados.

Previamente se comentaron as accións levadas a cabo neste senso.

As accións de comunicación cos centros de secundaria xa foron comentadas previamente.

Para continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, o plan de melloras para o curso 21-22 recolle as seguintes accións de mellora xa comentadas:

**AM-3.1:** Realización de vídeos por parte de egresados/as do centro encamiñados á captación de alumando novo.

**AM-9:** Ciclo de conferencias “Aprendendo das Empresas” a cargo de egresados/as do centro.

**AM-15:** Realizar unha comunicación periódica a modo de xornal do centro no que se comuniquen os principais acontecementos así como os acordos más relevantes.

## 9. Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade

Coordinar os contidos das materias da mesma titulación

Coordinar os contidos entre as materias de diferentes títulos

Analizar sinerxías entre os títulos impartidos na Facultade e outros impartidos noutros centros

Na procura de mellorar a coordinación entre as materias impartidas nas distintas titulacións da Facultade, existe un coordinador/a para cada título e no caso dos graos, coordinadores/as para cada curso.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento deste obxectivo figura a satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

IN47-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
Economía	3,68	3,85	4,15	4,00	4,02
ADE	3,66	3,77	4,16	3,97	3,95
Máster Desenvolvemento Económico e Innovación	4,06	3,97	4,48	4,30	4,19
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	3,63	3,68	4,37	4,59	4,12
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	4,38		4,18	4,30	4,19
Máster Universitario en Dirección de Empresas	4,36	3,99	4,63	4,61	
Máster Universitario en Economía			4,25	4,21	4,68

Como se pode observar na táboa anterior, os valores amosan estabilidade.

Na procura de seguir avanzando na coordinación da docencia, o 18 de novembro de 2020 aprobouse unha modificación no protocolo de coordinación inicial dos graos en Economía e ADE co obxecto de explicitar as funcións de determinadas figuras fundamentais na coordinación como os/as delegados/as de curso, os/as profesores/as coordinadores/as das materias, os/as coordinadores/as do TFG, os/as coordinadores/as de curso e os/as coordinadores/as de grao. Así mesmo, o protocolo de coordinación inclúe para cada unha destas figuras o calendario de actividades a realizar en cada curso académico.

Para facilitar a labor dos diferentes axentes implicados no proceso de coordinación da docencia, o protocolo de coordinación recolle tamén unha serie de anexos con modelos dos informes a elaborar: informe de verificación da programación e coordinación da materia, informe de coordinación do TFG, informe de coordinación de curso, informe de coordinación de grao... (<https://cutt.ly/vR7UyPw>).

Por outra banda, no caso do Grao en Administración de Empresas, na medida en que é un título que se imparte tamén no Campus de Lugo, é fundamental a coordinación intercentros. Por este motivo, o protocolo de coordinación do grao en Administración e Dirección de Empresas elaborado no campus de Santiago de Compostela remitiuse a Lugo e traballouse de forma conxunta entre os dous centros para a súa aprobación final. Así mesmo, o 13 de novembro de 2020, aprobouse tamén un protocolo de coordinación para a Comisión Intercentros, co obxecto de que exista un fluxo de información continuado entre os dous centros e se compartan experiencias.

A posta en práctica do protocolo de coordinación contribuí a formalizar as tarefas dos diferentes axentes implicados no proceso e a obter información moi valiosa para o mellor funcionamento das titulacións.

Por outra banda, permitiu sistematizar e documentar axeitadamente o traballo que xa se viña facendo na coordinación. Deste xeito, existe uniformidade nos informes elaborados por parte dos coordinadores/as de cursos o que facilita a elaboración, ao tempo que incrementa a utilidade, do informe de coordinación de título.

Ademais, no protocolo aprobado en novembro de 2020 figura tamén, como xa se comentou, un informe de verificación da programación e de coordinación da materia, documento que serve de evidencia do compromiso dos/as coordinadores/as de materia de que a información que se inclúe na programación das materias se axusta á que figura no plan de estudos (contidos, competencias e sistemas de avaliación). Finalmente, cabe salientar, a modo de exemplo, os seguintes aspectos recollidos no protocolo de coordinación que contribúen á mellora da planificación e desenvolvemento das ensinanzas:

- As reunións establecidas entre os coordinadores de curso e o alumnado ou cos delegados de curso para coñecer a opinión do alumnado sobre o desenvolvemento do curso, posibles baleiros ou duplicidades detectados, problemáticas puntuais nalgunha materia en concreto, equilibrio na distribución da carga de traballo...
- O emprego do calendario ou cronograma na aula virtual por parte do profesorado de cada curso para evitar a sobrecarga de traballo.
- A comunicación entre os coordinadores de curso e o profesorado coordinador de materias para facer chegar posibles incidencias detectadas nas materias en cuestión.

O protocolo de coordinación foi premiado como **Boa Práctica de Calidade** pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos na convocatoria do 2021.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recolle as seguintes accións de mellora vinculadas ao cumprimento deste obxectivo:

**Título:**

- **Máster en Dirección de Empresas, AM.2.** Co obxecto de mellorar a coordinación da actividade docente para equilibrar a carga de traballo ao longo das semanas nas que se imparte o título, establecerase un número recomendado de actividades de avaliación continua a desenvolver por materia e solicitarase ao profesorado unha previsión de actividades de avaliación continua por materia a realizar no cuadrimestre, coa finalidade de elaborar un calendario que programe axeitadamente as actividades de avaliación continua.

- **AM.3.** Utilización da aula virtual de coordinación do máster no campus virtual como medio para informar ao alumnado e ao profesorado do toda a información e actividades de interese relacionadas co título.

Para continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, o **Máster en Dirección de Empresas** plantexa a seguinte acción de mellora para o curso 21-22:

**AM-4:** Volver a solicitar ao profesorado a planificación temporal das actividades da docencia interactiva. En base a esa información, fixar ao inicio do cuadrimestre un cronograma temporal coordinado de todas as actividades de avaliación continua das materias do módulo obligatorio, coa finalidade de evitar concentración de traballo.

Na mesma liña, o **Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira** plantexa a seguinte acción de mellora para o curso 21-22:

**AM-1:** Adiantar a realización do cronograma básico de actividades de avaliación ao inicio de cada semestre e seguimento do mesmo. Realizar dúas reunións de coordinación no primeiro semestre en relación aos contidos das materias obligatorias. Realizar unha reunión de coordinación no segundo semestre, en particular, en relación ao progreso na elaboración do TFM.

- **Liña estratéxica 4. Xestión simple, eficaz e transparente.**

#### **10. Incrementar a xestión transparente**

Difusión das decisións adoptadas na Facultade entre os colectivos implicados

Implicar a todo o persoal na toma de decisións

Simplificar, organizar e unificar a información sobre normativas e procedementos

Elaboración e mantemento do rexistro de documentos do SGC

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse a satisfacción do profesorado coa docencia recibida, a satisfacción do persoal de administración e servizos, grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, porcentaxe de asistencia aos órganos de decisión do goberno, iniciativas que recollan a opinión do persoal para a toma de decisións, iniciativas novas relacionadas coa publicación de acordos na páxina web (actas comisións, acordos...) e o rexistro actualizado da documentación do SGC.

Algúns destes indicadores xa foron previamente comentados.

En relación ao rexistro actualizado da documentación do SGC, anualmente, lévase a cabo unha revisión da documentación relativa ao mesmo para analizar posibles cambios na mesma. Na Comisión de Calidade celebrada o día 18 de decembro de 2020 aprobouse unha actualización do manual de procesos da Facultade. Concretamente, modificáronse os procesos:

- PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación: Incluír o informe sobre as acción de captación do alumnado na Aplicación de apoio á xestión.
- PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas: Incluír á comisión de mobilidade e a comisión de prácticas no proceso.
- PS-01 Xestión dos recursos humanos: Incluír como evidencia do proceso un informe sobre o persoal da Facultade en soporte electrónico na Aplicación de apoio á xestión.

- PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos. A memoria de execución do orzamento debería figurar en papel na secretaría do Decanato. Modifíquese este proceso para que, adicionalmente, figure en soporte electrónico na AASX.
- PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades: Modificar a redacción do proceso para clarificar que o Informe do estudo de satisfacción é unha evidencia que só existirá no caso de que o centro desenvolva un instrumento propio dirixido a cubrir ocos existentes na información proporcionada.

<https://acortar.link/khqYBl>

A meirande parte das modificacións derívanse do informe da Comisión Avaliadora para a Certificación da Implantación do SGC. Na mesma liña, a Comisión Avaliadora recomendou a revisión da política de calidade do centro e dos seus obxectivos e, por este motivo, formúllase á Comisión de Calidade a modificación da política de calidade do centro. A Comisión de Calidade debate sobre as modificacións propostas e apróbanse os cambios.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/calidade/politica-calidade>

Ademais, a Comisión de Calidade na súa reunión do 17 de decembro de 2021 aprobou a modificación do manual do sistema de garantía do centro para recoller os indicadores propios do centro, concretamente o estudo de satisfacción co TFG e o estudo sobre o perfil de ingreso.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recolle as seguintes accións de mellora vinculadas ao cumprimento deste obxectivo (algunhas xa previamente comentadas):

**Centro:**

- **AM.2.** Necesidade de revisión do SGC e da política de calidade e dos seus obxectivos. Actualización do manual de procesos do centro.

A súa execución acaba de comentarse.

- **AM.3.** Realizar a avaliación da execución das accións de mellora plantexadas para o curso con carácter anual na Comisión Académica de cada título e na Comisión de Calidade.

Con data 17 de decembro de 2021 realizouse, no seo da Comisión de Calidade, unha análise do grao de execución das accións de mellora plantexadas a nivel centro. Así mesmo, cada título realizou unha análise en comisión académica a finais de ano en relación coa execución das accións de mellora plantexadas en cada caso.

- **AM. 8.** Dar maior difusión aos indicadores de calidade de centro e título. Maior transparencia aos acordos das Comisións. Dar maior difusión de información relevante para os estudiantes e egresados a través das redes sociais.

A execución desta acción de mellora foi comentada previamente. Na actualidade publícanse na Intranet do centro as actas das Comisións Académicas dos graos en ADE e Economía, da Comisión Académica Intercentros do grao en ADE, da comisión académica do Máster en Turismo Urbano, do Comité Consultivo, da Comisión de Calidade e da Xunta de Facultade.

Na procura de seguir avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxanse as seguintes accións de mellora para o curso 21-22:

**AM-1:** Actualización da documentación relativa ao SGC.

**AM-15:** Realización dunha comunicación periódica a modo de xornal do centro no que se comuniquen os principais acontecementos así como os acordos más relevantes.

Ademais, continuase avanzando na publicación das actas das comisións na Intranet do centro.

Coméntase como o exemplo a **AM 2 plantexada polo Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira:** Publicar as actas das reunións da Comisión Académica do mestrado na web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou na sección da web da USC que se considere oportuno.

## 1.2. Optimización do uso dos recursos

Reorganizar as competencias das comisións

Xestión organizativa ágil e eficaz

Identificar necesidades de recursos

Mantemento e reparación de instalacións e mobiliario

Mellora dos medios técnicos para traballar co alumnado nas clases interactivas

Dotación e mantemento de equipos das aulas de informática

Mantemento da avaliación de riscos

Respostar ás demandas dos novos métodos de aprendizaxe a través dunha infraestrutura axeitada

Velar pola mellora continua dos espazos, o equipamento e as instalacións na Biblioteca do Centro

Entre os indicadores establecidos no plan estratéxico para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse as competencias das comisións do centro, porcentaxe de investimento na modernización de equipos, a enquisa de satisfacción dos usuarios e usuarias respecto das infraestruturas e equipamento do centro.

Nos derradeiros cursos deixou de ofrecerse por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos o indicador relativo á satisfacción dos usuarios/as coas infraestruturas e equipamento do centro. Por este motivo, dende o centro púxose en marcha a elaboración dunha enquisa co triple obxectivo de coñecer a satisfacción do alumnado co TFG, coa titulación en termos xerais e coas infraestruturas e equipamento do centro.

No caso do alumnado de ADE, de 93 enquisados/as, un 45% dos enquisados afirmou estar satisfeito cos recursos educativos, infraestruturas e materiais dispoñibles no centro e un 38% afirmou estar moi satisfeito.

No caso do alumnado de Economía, de 63 enquisados/as, un 26% afirmou estar satisfeito e un 23% moi satisfeito.

Polo tanto, o alumnado amosa unha satisfacción elevada coas infraestruturas e recursos do centro.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recollía a seguinte acción de mellora vinculada ao cumprimento deste obxectivo:

- **AM.11:** Realizar melloras nas instalación e equipamento do centro:

Realizar melloras no equipamento das aulas.

Restauración e conservación do patrimonio artístico da Facultade.

Realizar melloras de eficiencia enerxética.

Realizar melloras no equipamento das aulas de informática.

As melloras realizadas foron previamente comentadas.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxanse as seguintes accións de mellora para o curso 2021-2022:

**AM-14:** Realizar melloras nas instalacións e equipamento do centro. Esta é unha acción de mellora que se plantexa de forma periódica.

Co obxecto de avanzar na xestión áxil e eficaz, coméntase a modo de exemplo a seguinte acción de mellora plantexada polo **Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas**:

**AM 2- Máster Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas:** Dado que existen numerosos asuntos de trámite que poden ser xestionados de xeito máis eficiente plantéxase a creación dunha Comisión Executiva que permita xestionar máis eficazmente os asuntos de trámite (AM 2.1), e o uso do correo electrónico para realizar reunións virtuais da Comisión Académica en asuntos que non requirian debate (AM 2.2).

- **Liña estratéxica 5. Relacións intercampus e no marco do campus terra**

#### **5.1. Incrementar a comunicación entre as Facultades da USC**

Reunións periódicas das comisións de coordinación de títulos entre facultades

Establecer mecanismos de relación cos departamentos

Participación nas xuntanzas do colexio de decanos

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse o número de reunións das comisións dos títulos intercampus, participación nas reunións do colexio de decanos.

Na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais existen dous títulos intercentros, o Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster Universitario en Dirección de Empresas.

O Grao en ADE conta cunha Comisión Intercentros formada polos Decanos, Responsables de Calidade, Coordinadores dos graos en ADE, Responsables das Unidades de Xestión e un representante do alumnado de cada centro, que se reúne para dar solución as cuestións derivadas da implantación do título nos distintos campus. Esta Comisión reuniese en 5 ocasións durante o curso 2020/21: 13/11/20, 04/03/21, 04/05/21, 29/06/21, 28/07/21.

O Máster Universitario en Dirección de Empresas consta cunha Comisión Académica Intercentros formada por membros dos equipos de dirección dos centros, por persoal de administración e servizos, por profesorado de diferentes áreas de coñecemento e por representantes do alumnado, equilibrado por campus, e que se reúne para solucionar calquera cuestión relacionada co funcionamento do título. A Comisión Académica Intercentros reúnese de forma periódica para garantir o bo funcionamento do título e a comunicación de forma continua, tanto a docentes como a estudiantes, de tódalas datas e procedementos importantes en relación aos diferentes ámbitos do máster.

No que á relación cos departamentos se refire, a Comisión Permanente é o órgano a través do que se canaliza a devandita relación. Esta Comisión reuniese durante o curso 2020/21 en 7 ocasións: 17/09/20, 01/10/20, 04/11/20, 20/01/21, 26/01/21, 28/04/21, 16/07/21.

Durante o curso 19/20, o colexio de decanos reuníuse en 20 ocasións: 2 reunións co Reitor, 9 co Xerente, 4 reunións con diferentes Vicerreitores e 5 reunións propias do Colexio.

- **Liña estratéxica 6. Transferencia efectiva de coñecemento e compromiso coa sociedade.**

**6.1. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna**

Fomentar acordos de colaboración con empresas

Mellorar a visibilidade da facultade no ámbito de transferencia do coñecemento

Acercar a Biblioteca e os seus servizos e coleccións á sociedade e ás empresas.

Difusión e visibilización cara á sociedade da producción científica e investigadora da USC a través da repositorio institucional Minerva

Promover e difundir os beneficios do acceso aberto para a comunicación científica

Desde a Facultade existe un interese e un esforzo permanente por estar en contacto co entorno profesional e mellorar a visibilidade da facultade de cara ao exterior. Xa se comentou previamente o esforzo realizado por asinar convenios novos durante o curso 20-21, así como por dar visibilidade á producción científica.

O plan de melloras para o curso 2020-21 recollía a seguinte acción de mellora vinculada ao cumprimento deste obxectivo:

- **Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación, AM-8:** Contactarse con empresas e outras entidades de carácter público que apliquen procesos de innovación

Neste último ano incorporáronse dúas entidades máis, ambas de consultaría de innovación e tecnoloxía e estase a realizar un traballo de renovación e actualización dos convenios de prácticas coas entidades.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxanse a seguinte acción de mellora para o curso 21-22 (ademas doutras que xa foron comentadas en mais dunha ocasión):

**AM-18:** Inclusión no comité consultivo da empresa galardoada co premio Fulget. A facultade premia anualmente a unha empresa ou institución polo seu compromiso e colaboración co centro.

**4.2. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia**

Fomentar convenios de colaboración coas entidades públicas locais

Proxección social da facultade

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse conferencias, seminarios e cursos organizados no centro e convenios de colaboración con entidades.

Debido ás restricións sanitarias, durante o curso 20/21 non foi posible levar a cabo conferencias e seminarios como ven sendo habitual.

O plan de melloras de centro para o curso 20/21 recolle a seguinte acción de mellora na procura de alcanzar este obxectivo (xa previamente comentada):

- **AM-13:** Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades públicas e privadas.

Os novos convenios asinados xa foron comentados previamente.

No plan de melloras para o curso 21/22 volve a plantexarse a necesidade de seguir traballando en novos convenios de colaboración tanto no ámbito público como no eido privado (**AM-10**).

Nesa liña, xa foi comentada previamente a acción de mellora do **Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación:**

**AM-8:** Contactaranse principalmente empresas e outras entidades de carácter público que apliquen procesos de innovación solicitando a súa colaboración para que o alumnado poida realizar as súas prácticas.

- **Liña Estratéxica 7. Relacións con outras universidades**

#### **7.1. Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade**

Potenciar e facilitar a mobilidade do PDI, PAS e estudiantes

Fomentar a internacionalización da actividade investigadora

Incrementar o número de convenios con outras universidades

Entre os indicadores para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse a enquisa de satisfacción da mobilidade saínte, o informe de satisfacción da mobilidade entrante, a evolución dos indicadores de mobilidade do profesorado, ou número de alumnado estranxeiro recibido na Facultade e revisión dos convenios existentes con outras universidades.

Estes indicadores serán analizados para cada un dos títulos que se imparte no centro, nas directrices 2 e 3 da presente memoria.

Para o curso 20/21 plantexouse unha acción de mellora moi similar á do curso anterior, na procura de continuar traballando neste senso:

- **AM-9:** Incrementar o número de convenios con outras universidades.

Desde o punto de vista da mobilidade, tiñamos previsto aumentar as prazas do programa ERASMUS en Polonia, por ser este o destino máis solicitado polos estudiantes da nosa facultade. A este respecto, desde o centro e coa axuda dunha das nosas coordinadoras ERASMUS propúxose un convenio cunha nova universidade: a Jagiellonian University. Esta universidade, fundada en 1364, a máis antiga de Polonia está situada na cidade histórica de Cracovia, e está considerada como a mellor universidade do país polo ranking Times Higher Education 2022, publicado recentemente.

As dificultades experimentadas pola plataforma empregada para a renovación e sinatura de convenios (Dashboard) fixo que non se puideran cerrar os trámites formais en tempo para que as novas prazas saíran na convocatoria ERASMUS 22/23, pero os contactos están establecidos entres as dúas universidades e a proposta que se asinará, en canto estea lista a plataforma, é a seguinte:

5 prazas de mobilidade de alumnado e 2 de profesorado para o grao en Economía

5 prazas de mobilidade de alumnado e 2 de profesorado para o grao en ADE

O acordo será asinado para o período 2022/28, polo que esperamos poder ofrecer estas novas 10 prazas de mobilidade en grao para a próxima convocatoria ERASMUS 23/24.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, plantéxase a seguinte acción de mellora para o curso 21/22, que xa foi comentado previamente:

**AM-7:** Incrementar o número de destinos de mobilidade.

## **Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumplimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumplimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**A continuación preséntase unha reflexión para cada un dos títulos impartidos no centro en relación coa directriz 2:**

#### **- Grao en Administración e Dirección de Empresas**

En canto ás materias do grao, ofertáronse todas as previstas na memoria verificada. Os programas/guías docentes apróbanse en primeira instancia nos Consellos de Departamento e, posteriormente, nas Xuntas de Facultade. Os departamentos deben verificar, antes de aprobarlos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título. Tamén se fixo un esforzo por coordinar os programas, sistemas de avaliación e metodoloxía de cada unha das materias nos dous campus.

Debemos destacar que no curso 2019-2020 a crisis sanitaria do COVID-19 supuxo a suspensión da docencia presencial desde o 15/03/2020 ata o remate do curso o que deu lugar a modificacións importantes nas metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. No curso 2020-21 mantívose a situación de crise para o que se incorporou as guías docentes unha planificación adaptada os tres posibles escenarios segundo a evolución da pandemia: Escenario 1: normalidade adaptada (sen restricións á presencialidade física), Escenario 2: distanciamento (restricións parciais á presencialidade física) e Escenario 3: peche das instalacións (imposibilidade de impartir docencia con presencialidade física). Para cada escenario as metodoloxías tiveron que ser adaptados a este situación mediante a modificación das guías docentes: docencia e titorías non presenciais, incremento do peso da avaliación continua, cambios nos sistemas e formatos de avaliación, etc. Os

coordinadores de Grao revisaron o cumprimento destes aspectos.

Por outra parte, como en cursos pasados, foi necesaria unha adecuación na práctica da actividade docente a un número de alumnos por grupo superior ao establecido na planificación recollida inicialmente na Memoria do Título (MVT) (grupo expositivo: 75; grupo interactivo: 25; tutorías en grupos reducidos: 10).

En **Santiago** o número de estudiantes por grupo de teoría situouse no curso 2017/18 en 76 (80,39 no curso 16/17), por riba do recollido na MVT e moi por riba da media da USC (59,93 media para curso 2016/17 e 53,95 no curso 2017/18). En canto o indicador IN55G no último curso a media de alumnos por grupo de teoría (materias FB y OB) foi de 79,92, e das materias optativas de 57,95 (non dispoñemos da media da USC neste curso). En canto ao número medio de alumnos por grupo interactivo, áinda que nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 este número reduciuse lixeiramente ata 32,05 e 28,68 respectivamente, volveu a incrementarse con 2020-21 a 29,94 e sitúase por riba da MVT (25) e da media da USC. Isto é especialmente relevante para os grupos de seminario.

		2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	USC 20-21
IN31G	Media alumnos por grupo de teoría	80,39	76,00	-----	-----		
IN55G	Media alumnos por grupo de teoría (materias FB y OB)	----	----	80,39	75,88	79,92	-
IN56G	Media alumnos por grupo de teoría (materias optativas)	----	----	50,05	48,95	57,95	-
IN32G	Media alumnos por grupo de docencia interactiva	34,14	33,69	32,05	28,68	29,94	22,52

No IN32G podemos ver de forma detallada a media de alumnos por grupos de laboratorio e seminario.

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos de laboratorio	26,65	25,98	26,68	23,07	23,86
Grupos de seminario	35,43	35,08	32,98	29,66	30,97
Total	34,14	33,69	32,05	28,68	29,94

En **Lugo** o número de estudiantes por grupo de teoría aumentara no curso 17/18 lixeiramente, pasando de 58,43 no curso 2016-17 a 60,46 no curso 2017-18, por debaixo da MVT.. En canto o indicador IN55G no último curso a media de alumnos por grupo de teoría (materias FB y OB) foi de 53,00, e das materias optativas de 17,39, (non dispoñemos da media da USC neste curso). En canto ao número medio de alumnos por grupo interactivo, o número incrementouse lixeiramente respecto o de 2019-2020, pero sitúase un pouco por debaixo da MVT (25) e da media da USC. Tal e como indicamos no informe anterior a tendencia a reducir o número medio de alumnos por docencia interactiva inverteuse neste curso dado o incremento de matrícula.

		2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	USC 20-21
IN31G	Media alumnos por grupo de teoría	58,43	60,46	-----	-----		
IN55G	Media alumnos por grupo de teoría (materias FB y OB)	-----	-----	63,29	53,88	53,00	-
IN56G	Media alumnos por grupo de teoría (materias optativas)	-----	-----	16,42	15,89	17,39	-
IN32G	Media alumnos por grupo de docencia interactiva	30,47	30,78	24,40	19,98	21,15	22,52

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos de laboratorio	33,80	21,33	14,67	15,67	15,00
Grupos de seminario	30,31	31,07	24,69	20,11	21,34
<b>Total</b>	<b>30,47</b>	<b>30,78</b>	<b>24,40</b>	<b>19,98</b>	<b>21,15</b>

En canto ao perfil de egreso pode ser valorado mediante a enquisa aos egresados (INF. 09) inda que fai referencia ao conxunto da USC, a enquisa aos titores profesionais das prácticas externas (INF. 07), as consultas aos propios estudiantes mediante as enquisas de curso e os Comités Consultivos Externos formados por representantes dos diferentes grupos de interese. Ademais os centros manteñen contactos de forma permanente co entorno profesional, empresarial e académico, antigos alumnos, etc. Estes aspectos son analizados en epígrafes posteriores.

No que se refire ao **cumprimento das guías docentes**, no curso 2020-21 produciuse unha modificación nas guías docentes como consecuencia dos cambios na actividade docente derivados da crise sanitaria. Dende as reunións de coordinación do grao comprobouse que todas as programacións das materias para o 2020-2021 incorporaran o Plan de continxencia fronte ao Covid-19.

No que se refire aos **procedementos de coordinación**, o título conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais nos diferentes niveis para garantir que a docencia se desenvolve segundo o previsto na MVT:

1.- Unha Comisión Intercentros de Grao en ADE (que se reúne para dar cumprida solución ás cuestións derivadas da implantación do título nos diferentes campus).

2.- Un coordinador de título en cada un dos dous centros e coordinadores de curso. As funcións de coordinación recóllese no protocolo de coordinación aprobado por ambos centros e inclúen as seguintes actividades:

- Favorecer a coordinación entre as diferentes materias.
- Recoller suxestións en relación á titulación.
- Recadar as demandas de formación do profesorado nos aspectos relacionados coa correcta implantación do título.

- Participar na elaboración do Informe de Seguimento.
- Colaborar coa dirección do centro no desenvolvemento das actividades derivadas do Plan de Acción Titorial.
- Promover o bo funcionamento do Plan de Estudos.
- Xestionar a aula de coordinación do curso (de habela).
- Informar á Comisión de Calidade do Centro de todas as cuestiós que deben valorar e que afecten ao seguimento dos estudos do Grao. Presentar propostas de mellora.

3.- Representantes do alumnado nas distintas comisiós e nas Xuntas de Facultade.

4.- Alumnado tutores que serven ás veces de delegados do alumnado fronte aos coordinadores e aos equipos decanais, axudando a coñecer a opinión do alumnado sobre o curso, materias, incidencias, etc. A idea é empregar esta figura como un elemento de coordinación e comunicación directa co alumnado.

5.- Un coordinador de prácticas externas por centro, de xeito que cada estudiante estea asistido por un tutor académico no centro e un tutor externo na empresa onde desenvolve as prácticas.

6.- Un responsable académico de mobilidade por centro para os diferentes programas de mobilidade (Erasmus+, Prácticas Erasmus+, SICUE, Convenios Bilaterais países extracomunitarios, Erasmus + International Credit Mobility (KA107)).

7.- Comisión de coordinación do TFG e coordinador/a de TFG, que xestiona a aula virtual e mantén contacto permanente co alumnado matriculado na materia, informándoo das actividades formativas interesantes para desenvolver correctamente o TFG, da guía docente e regulamento do TFG, así como resolvendo calquera dúbida que poda xurdir, tanto aos tutores como aos estudiantes.

8.- Comisiós que velan polo bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Existen as seguintes comisiós: Comisión académica do Grao, Comisión Permanente, Comisión de Actividades Complementarias á Docencia, Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Servizos, Comisión de Biblioteca, Comisión de Calidade, Comisión de Mobilidade, Comisión de Normalización Lingüística, Comisión de Validacións e Comisión de Xénero. No Campus de Lugo existen as seguintes comisiós: Comisión de Calidade e Docencia, Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas, Comisión de Relacións Exteriores e Comisión de Xénero e Comisión de Título. En cada unha delas acórdase un calendario de reunións cunha orde do día establecida previamente na convocatoria e sobre a que se debate e toman acordos que se reflicten nas diferentes actas da comisión correspondente. O obxectivo é que o debate sirva para identificar debilidades, propor solucións, implementar innovacións e contribuír ao bo desenvolvemento e continuidade do título en cada curso.

Como en anos anteriores, puxérонse en marcha os mecanismos dispostos para mellorar a coordinación docente. Leváronse a cabo as reunións por curso, as da Comisión do Grao e as da Comisión do TFG. Asemade, seguíronse empregando as aulas de coordinación de curso e de grao como ferramenta de comunicación e coordinación.

Nesta labor de coordinación tamén se segue a desenrolar o protocolo de coordinación. Elaborouse o “**Informe coordinación Grao en ADE: Curso 2020/2021**”, no que se resumen as principais accións da coordinación e as accións desenvolvidas de coordinación vertical. Por outra banda recóllese os informes de coordinación de cada curso e o do TFG e as principais conclusións das observacións realizadas polo profesorado e alumnado nas distintas reunións e/ou enquisas de coordinación. Ademais se incorporan os baleiros e duplicidades detectados no Grao e as propostas de accións de mellora. Este informe foi aprobado na Comisión de Coordinación do Grao en ADE e está dispoñible na aula de coordinación de grao e foi debatido na Comisión de Título.

Os resultados da satisfacción coa coordinación son óptimos. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), o profesorado valora nun 3,80 a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título. En relación ás prácticas externas (INF 06) a satisfacción xeral e do 4,25.

En canto ao perfil de ingreso real, recollemos na seguinte táboa os indicadores que, xunto con outros informes achegados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, imos empregar para a análise do perfil real de ingreso.

Código	Nome	Campus	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	Santiago	200	200	200	200	200
		Lugo	119	90	90	90	80
IN02G-PC-05	Matrícula	Santiago	1092	1028	989	928	950
		Lugo	344	334	278	261	246
IN03G-PC-05	Matrícula de acceso	Santiago	216	217	219	216	219
		Lugo	67	81	49	57	65
IN04G-PC-05	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	Santiago	198	210	197	207	207
		Lugo	67	77	42	52	64
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción	Santiago	-4,81	6,06	-6,19	5,08	0,00
		Lugo	-19,28	14,93	-45,45	23,81	23,08
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	Santiago	8,19	8,55	8,75	9,27	10,12
		Lugo	6,88	6,90	7,66	7,91	7,66
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Santiago	100,00	100,00	100	100	100
		Lugo	63,64	65,75	85	80,43	81,97
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados	Santiago	1,47	1,95	2,33	3,13	2,42
		Lugo	1,74	2,99	3,24	4,6	4,07
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Santiago	1,28	1,26	1,01	0,97	0,84
		Lugo	3,78	3,89	3,60	3,83	2,85
IN10G-PC-05	Relación de estudiantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	Santiago	79,00	75,50	86,50	83	81
		Lugo	44,54	47,79	40,00	42,22	47,50
IN12G-PC-05	Taxa de ocupación do título	Santiago	99,00	105,00	98,50	103,50	207
		Lugo	56,30	68,14	46,67	57,78	106
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Santiago	2,93	4,09			
		Lugo	1,74	1,50			
N18G-PC-08	Porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Santiago	7,51	5,74	5,46	8,19	1,26
		Lugo	8,43	11,38	14,75	17,62	4,07

En **Santiago**, para situar estas cifras no seu contexto hai que dicir que nos últimos cursos do grado en ADE detectárase un pequeno descenso no número de alumnos matriculados (IN02G-PC-05): 2016-17 (1.092) e 1.028 no 2017/18. Esta diminución continuou no 2018/19, chegando ata os 989 e no 2019/20 os 928. Non obstante, no último curso volveu a

medrar ata os 950. Sinalar que os alumnos matriculados de novo ingreso por preinscripción (IN04G-PC-05) no último ano foron de 207, polo que as prazas ofertadas foron praticamente cubertas na súa totalidade na convocatoria de xullo dada a gran demanda do mesmo.

No relativo á preferencia pola titulación, o 81% dos matriculados por primeira vez preinscribiránse en ADE en 1<sup>a</sup> opción (IN10G-PC-05), producíndose un lixeiro descenso respecto ao 83% do curso anterior.

O 100% dos estudiantes acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07G-PC-05). Sinalar que, non obstante, a nota media de acceso (IN06G-PC-05) nos últimos curso foise incrementado é no último curso acadou o 10,12 (cursos anteriores: 8,19, 8,55, 8,75 e 9,27).

Segundo a pauta do anterior curso académico, a maioría dos estudiantes que acceden pola cota xeral proceden de Bacharelato (96%) e de Formación Profesional (4%). O resto son continuación de estudos e deportistas. A nota de acceso do alumnado que proceden de Bacharelato foi de 10,167 e de Formación Profesional de 9,007 (datos CiUG).

Se seguimos a mesma liña de análise para o título de ADE en Lugo, o número de prazas ofertadas anualmente sitúase en 80, por debaixo dos 90 dos cursos pasados, producíndose unha lixeira diminución na matrícula conjunta de todo o grao en relación ao curso anterior, situándose no curso 2020-21 en 246 alumnos, pero a matrícula de acceso ó grao continua a subir significativamente (dende os 57 do curso anterior ós 65 do deste) así como a matrícula de novo ingreso por preinscripción (que pasa de 52 estudiantes no pasado curso a 64 no curso baixo informe).

Tendo en conta a nova contorna socio-económica, consideramos que o número de prazas que se deben ofertar tendo en conta os recursos cos que conta a Facultade e a demanda existente, segue sendo de 80 prazas. En base a esta demanda real estimada, é que consideramos que o título en Lugo segue a ser unha titulación altamente demandada, tal e como confirman os datos do curso 2020/21 no que a matrícula de acceso continua a crecer respecto do curso anterior. Polo tanto, o sucedido no curso 2018/19 debe ser tomado como unha excepción na evolución xeral da matrícula, confirmándose os estudos deste grao como unha titulación atractiva para os estudiantes do campus lucense. De todos xeitos, a facultade segue a facer esforzos para manter esa demanda a través de diferentes accións (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundarios, visitas dos centros de ensino secundario á facultade, incorporación ao programa “Para estudar, Lugo”, participación no campus de verán Xuven-Ciencia da USC, etc.).

En canto ao perfil do alumnado vemos que a nota de acceso ao grao de ADE no campus de Lugo foi de 7,66, algo inferior á do curso anterior (7,91).. Mantense por riba do 80%, e crece respecto o curso anterior, a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a seis (81,97% fronte ao 80,43%). Neste curso a relación de estudiantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas sube dende o 42,22% ata o 47,50%, cubríndose o 106% das prazas ofertadas entre xullo e setembro (fronte o 57,78% do curso anterior). Segundo datos da CIUG, o 88% dos alumnos que acceden o grao en ADE proceden de bacharelato e o 12% de formación profesional, cunha nota media de acceso de 7,59 e 7,35 respectivamente.

En canto á procedencia xeográfica do nosos alumnado no campus de Santiago, a maioría son da CCAA galega (194) e 101 da provincia da Coruña, sendo a proximidade xeográfica a que determina en maior medida a súa procedencia. A procedencia xeográfica dos estudiantes ven condicionada pola proximidade do seu domicilio ou pola facilidade de transporte. Hai só 2 alumnos de outras CCAA e 3 estranxeiros. A porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G-PC-05) sobre matriculados sitúase no 0,84% (porcentaxe similar a de cursos precedentes); mentres que a porcentaxe de alumnado estranxeiro (IN08G-PC-05) é baixa, situándose no curso 2020-21 no 2,43%, diminuíndo lixeiramente no último curso.

En Lugo, a porcentaxe de estudiantes de procedencia galega é moi elevada (61 de Galicia e 41 de Lugo, seguido da Coruña con 16). A porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados descendeu ó 2,85%, desde o 3,85

do curso anterior. En canto ós estranxeiros matriculados representaron o 4,07%, por debaixo do 4,60 do curso anterior.

O que sucede no noso título en ambos campus concorda co informe “Datos y Cifras del Sistema Universitario Español. Curso 2015-16”, no que se recolle unha mobilidade moi baixa no acceso ao Sistema Universitario en España. Na medida en que hai unha alta dispersión de universidades e centros por todo o territorio nacional, a porcentaxe de estudiantes que se matriculan nunha universidade situada na mesma comunidade autónoma na que se realizan as probas de acceso é moi alta (67,97% no caso de Galicia). A mobilidade interna dos estudiantes universitarios aptos na fase xeral das PAAU en Galicia foi do 4,89% (Curso 2014-2015).

En relación á mobilidade do alumnado, en **Santiago** a porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08) viña medrando nos últimos anos se ben non dispoñemos de datos para os dous últimos cursos.

Por outra parte a porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) viña medrando medrou nos últimos anos, pasando do 5,46% no curso 2018-19 ao 8,19% no curso 2019-20. No último curso, pensamos que por mor da pandemia, diminuíu de forma moi importante ata o 1,26%.

No último curso, a mobilidade entrante para este curso afectou a 59 estudiantes (14 Erasmus, 44 convenios con outras universidades e 1 Sicue). En canto a mobilidade saínte foron un total de 42 estudiantes (38 Erasmus, 2 convenios con outras universidades e 2 Sicue) (INF 03).

En **Lugo**, tampouco dispoñemos de datos sobre a porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08). a porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) que medrou significativamente nos últimos anos caeu abruptamente neste curso, pasando do 17,62% no curso 2019-20 ao 4,07% no curso 2020-21, moi probablemente debido a crise sanitaria.

No grao en ADE en Lugo non hai datos de mobilidade saínte para este curso no INF3. A entrante afectou a 7 persoas(2 de Brasil 4 de Colombia 2 1 de México) a través de convenios co outras universidades e 3 a través do programa ERASMUS(INF 03). Dende a facultade seguimos a facer un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas, xa que algúns dos convenios firmados con outras universidades quedan sen cubrir. Por iso, seguimos facendo unha presentación dos programas ao alumnado e contamos con alumnado-titor para tratar de dinamizar tamén estes programas. Asemade, incentivouse a participación do alumnado nas diferentes actividades organizadas polo Campus Terra.

No que se refire **aos resultados da aprendizaxe previstos na memoria**, na Memoria de Verificación do Título non se incluíron explicitamente os resultados de aprendizaxe para o título e materia posto que, de acordo co establecido na lexislación, só se establecía en termos de competencias. As competencias e os obxectivos que os estudiantes adquieren durante os seus estudos e que son esixibles para outorgar o título de graduado en ADE, segundo a memoria do título e as modificacións do mesmo, axústanse ó establecido nos RD 1393/2007 e RD 861/2010 (que modifica o anterior) e o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES. Tal e como se establece no artigo 9 do RD 1393/2007, de 29 de outubro, as ensinanzas de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudiante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

Un indicador da consecución das competencias previstas no título é a taxa de éxito (IN35-S01-PM-01) que se sitúa en ambos campus por debaixo da prevista na MVT (80%) despois de terse incrementado moito no curso precedente. Esta taxa mide a relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudiantes e o número total de créditos aos que se presentaron. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

En ambos campus a taxa de éxito diminuíu no último curso. En Santiago, sitúase no 74,17% (81,63% no 19/20). En Lugo a

taxa diminuí moito no último curso, situándose no curso no 18/19 no 72,19% e no 2019/20 no 84,43 fronte o 69,66 do 2020-21. A media da USC no curso 20-21 foi do 87,92%.

		2016/17	2017/18	2018-19	2019-20	2020-21
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	Santiago	74,87	73,71	72,56	81,63	74,17
	Lugo	76,06	75,95	72,19	84,43	69,66
	Conxunta	75,16	74,24	72,49	82,17	73,37

Tendo en conta a diferente situación existente nos dous centros farase unha análise por separado en función dos indicadores incluídos neste criterio.

En Santiago, no total dos cursos do grado en ADE o número de alumnos matriculados permanece estable (IN02G-PC-05), no 2018-19 (989), no 2019-20 (928) e no 2020-21 (950). Sinalar que a pesar da limitación das prazas ofertadas (IN01G-PC-05) a 200 alumnos nos últimos anos, os alumnos matriculados de novo ingreso por preinscripción (IN04G-PC-05) no último ano foron de 207, os mesmos que no ano anterior, cubrindo todas as prazas na convocatoria de xullo dada a gran demanda do mesmo.

Se seguimos a mesma liña de análise para o título de ADE en Lugo, o número de prazas ofertadas é de 80, como se explicou no criterio 1. Neste curso académico produciuse un ligeiro descenso na matrícula conxunta de todo o grado en relación ao curso anterior (246 fronte a 261), pero a matrícula de novo ingreso subiu, de 57 a 65 polo que é previsible que a matrícula conxunta se incremente nos próximos cursos.

A facultade segue a facer esforzos para manter esa demanda a través de diferentes accións (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundarios, visitas dos centros de ensino secundario á facultade, incorporación ao programa “Para estudar, Lugo”, participación no campus de verán Xuven-Ciencia da USC, etc.).

En relación aos **indicadores de satisfacción relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**, neste punto faremos unha breve referencia a aquellas que consideramos más relevantes.

Código	Nome	Campus	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Santiago	3,70	3,74	3,83	3,78	3,80
		Lugo	3,44	3,50	3,87	3,73	3,88
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do PDI coa docencia impartida	Santiago	3,66	3,77	4,16	3,97	3,95
		Lugo	3,88	3,90	4,24	4,24	4,25
IN48G	Taxa de resposta satisfacción alumnado docencia recibida	Santiago	27,39	26,79	27,22	34,24	25,52
		Lugo	66,38	52,10	57,74	39,73	40,00
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	Santiago	3,20	3,31	3,13	3,21	3,39
		Lugo	3,44	3,71	3,40	-	3,39

Os niveis de satisfacción coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-01) presentan valores similares aos cursos anteriores tanto en Santiago (3,80 no 15/16, 3,70 no 16-17, 3,74 no 17-18, 3,83 no 18-19, 3,78 no 19-20, 3,80 no 2020-21), como en Lugo (3,59 no 15/16, 3,44 no 16-17, 3,50 no 17-18, 3,87 no 18-19) e 3,73 no 2019/20 e 3,88 no 2020-21. Empeorou a taxa de resposta da satisfacción do alumnado coa docencia recibida en Santiago que pasa a ser do 25,52%. En Lugo esta taxa mantense no 40%.

Con relación a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, compre destacar que ó profesorado está satisfeito, en xeral, coa docencia impartida, tanto en Santiago (3,95) como en Lugo (4,25). En canto ao grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G-S01-PM-01) en ambos campus son correctos. En Santiago presenta valores similares nos últimos anos, pasando do 3,35 no 15-16, 3,20 no 16-17, 3,31 no 17-18, 3,13 no 18-19, 3,21 no 19-20 e 3,39 no 20-21. En Lugo pasouse do 3,25 no 15-16, a 3,44 no 16-17, 3,71 no 2017-18, 3,40 no 2018-19 e 3,39 no 20-21. En xeral os valores son adecuados e creceron en ambos campus.

A información sobre a satisfacción dos egresados (INF9) é analizada en detalle no epígrafe seguinte pero, en xeral, é positiva, inda que perciben a formación práctica cun grao de satisfacción comparativamente más baixo que coa formación teórica. Neste senso, no último informe da ACSUG “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014” (Enquisa realizada en xullo-agosto de 2017) os enquiskados sinalan maioritariamente que volverían a cursar a súa titulación na mesma Universidade, tanto no grao en ADE de Santiago (89,74%) como en Lugo (92,31%), situándose lixeiramente por encima da media de todos os grados en ADE do SUG (88,69%).

Para recoller información de forma periódica sobre as necesidades dos empregadores, creouse un Comité Consultivo externo ás Facultades. O Comité Consultivo é un órgano vinculado á política e obxectivos de calidade da Facultade (Capítulo IV do SGC). Está formado por representantes dos grupos de interese externos ás Facultades e ten a finalidade de aconsellar ao equipo de dirección sobre actividades profesionais, de negocio ou interese social que afecten ao Centro e faciliten o seu desenvolvemento futuro e a súa proxección social. Reúñese ao menos unha vez o ano. O 30 de setembro de 2021 celebrouse a reunión do Comité Consultivo da facultade e patexárónse cuestiós sobre a modificación dos títulos aos seus membros. A acta da reunión pode consultarse no seguinte enlace:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Actas Comité Consultivo - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

En Lugo reuniuse o Comité Consultivo o 11 de novembro de 2020 para analizar diversos aspectos relacionados co funcionamento do centro. En primeiro lugar analizouse a situación dos títulos impartidos actualmente na Facultade. En segundo lugar se informou da prórroga do plan estratéxico ata o 2022, e por último se analizou o grado de cumprimento das accións de mellora.

#### - Grao en Economía:

É moi relevante ter en conta que, durante o curso 2020-2021, os protocolos desenvolvidos pola alerta sanitaria do COVID-19 obrigaban a manter a distancia inter persoal de 1,5 metros, entre outras medidas. A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais fixo, neste contexto, unha aposta clara por garantir a máxima presencialidade posible nas aulas. Con tal fin, organizouse a docencia de xeito que a metade da clase estaba na aula e a outra metade seguía a clase por remoto, alternándose os grupos cada semana. Esta organización aplicouse a todos os cursos agás aos primeiros, onde se fixo un esforzo para garantir que todo o alumnado puidera ter docencia presencial na aula, por considerarse que podían ter máis dificultades para adaptarse á dinámica universitaria nunha docencia en remoto.

Ante a previsión de que a emergencia da COVID-19 continuase, as planificacións do curso 2020-21 e as guías docentes xa se fixeran tendo en conta tal circunstancia, incluíndo nas mesmas **un Plan de continxencia** con 3 escenarios: escenario 1,

docencia presencial; escenario 2, combinación de docencia presencial e virtual; e, escenario 3, docencia non presencial. Do mesmo xeito que no curso anterior, a USC admitiu e alentou os cambios temporais necesarios con respecto ao que aparecía na MVT: docencia non presencial, incremento do peso da avaliación continua, substitución total ou parcial das probas finais por outras actividades...

Desde unha perspectiva más estrutural, a valoración da información obtida a través dos diferentes mecanismos dos que dispoñemos para avaliar a adecuación do título levou a considerar a **necesidade de introducir modificacións más permanentes na MVT** para actualizar o plan de estudos á nova realidade social e económica. Para iso, en virtude da AM-1/19-20 creouse unha comisión para estudar a posibilidade de cambios nas titulacións. Dado que esta Comisión era conjunta para as titulación de Economía e de ADE, consideramos que era conveniente deslindar ambas comisións. Consecuentemente, propuxemos no anterior informe de resultados como acción de mellora (AM-1/20-21) crear unha comisión específica para estudar os cambios necesarios no plan de estudos de Grao en Economía, co obxecto de centrar máis a atención nos aspectos concretos relativos á nosa titulación. Esta comisión se constituíu o 17 de xuño do 2021 e leva desde ese momento traballando na actualización do plan de estudos. Nos aspectos no que más se ten avanzado son na redefinición das competencias (da man dun equipo de traballo creado especificamente para este asunto) e na distribución entre docencia interactiva e docencia expositiva na titulación.

Os **mecanismos** formais dos que dispoñemos para **valorar** se o perfil de egreso mantén o interese académico, acada os seus obxectivos de aprendizaxe e atende aos requisitos da profesión (e que se irán comentado ao longo do presente informe) son:

- enquisa aos egresados (INF. 09)
- enquisa aos titores profesionais das prácticas externas (INF. 07)
- consultas aos propios estudiantes de cuarto curso sobre as competencias adquiridas e sobre os baleiros e duplicidades no grao [enquisa de coordinación – resultados recollidos no Informe de coordinación 2020-21].
- Comité Consultivo Externo formado por representantes dos diferentes grupos de interese.

O 30 de setembro de 2021 celebrouse a reunión do Comité Consultivo da facultade e plantexáronse cuestións sobre a modificación dos títulos aos seus membros. A acta da reunión pode consultarse no seguinte enlace:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Actas Comité Consultivo - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

É importante subliñar que os procedementos para obter información sobre a adecuación do perfil de egreso non se limitan aos citados mecanismos formais dado que o contacto do centro co entorno profesional, empresarial e académico é permanente (o Colexio de Economistas de A Coruña ten a sede no noso centro; o contacto cas asociacións de empresarios é constante; coa Cámara de Comercio; co club financeiro; co profesorado doutras facultades de Economía tanto nacionais como estranxeiras; moitos profesores/as do centro participan activamente, ao longo da súa carreira, na xestión pública e no eido político; a vinculación con antigos alumnos do centro...).

O mércores 4 de marzo de 2020, a USC recollía no seu xornal os resultados do [Ránking QS 2020 por materias](#). Nel a USC destaca en trece materias das cinco grandes áreas de coñecemento. Entre elas figura Economía e Econometría (intervalo 401-450), que subiu postos.

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/ranking-qs-destaca-usc-trece-materias>

### MVT e tamaño dos grupos

Na MVT establecíase 75 estudiantes por grupo de teoría e 25 no interactivo, segundo viña ditado pola normativa da USC daquel momento, pero se indicaba que o tamaño de grupo adecuado debería ser 60 e 20 respectivamente. Non dispoñemos do dato da media da USC nos grupos de teoría no curso 20-21, aínda que en todos os cursos anteriores os

datos amosaban que a media de alumnado por grupo de teoría nas materias de formación básica e obligatorias é lixeiramente maior ao grupo medio da USC e que nas materias optativas era moi superior á media (20 alumnos/as por riba no curso 19-20). En canto aos grupos de docencia interactiva, superan claramente o indicado na MVT, tanto nos grupos de seminario (31,53) como nos de laboratorio (27,76). Ademais, o grupo interactivo supera en 9 alumnos á media da USC.

		2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	<b>USC 20-21</b>
IN31G	Media alumnos por grupo de teoría	64,55	65,66	-----	-----	-----	
IN55G	Media alumnos por grupo de teoría (materias FB y OB)	----	----	67,58	69,24	67,50	-----
IN56G	Media alumnos por grupo de teoría (materias optativas)	----	----	39,17	49,33	51,42	-----
IN32G	Media alumnos por grupo de docencia interactiva	32,94	34,09	32,22	31,58	31,01	22,52

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos de laboratorio	34,78	29,86	30,24	26,48	27,76
Grupos de seminario	32,68	34,67	32,49	32,40	31,53
<b>Total</b>	<b>32,94</b>	<b>34,09</b>	<b>32,22</b>	<b>31,58</b>	<b>31,01</b>

No que se refire ao **cumprimento das guías docentes**, como xa indicamos, ante a previsión de que a emergencia da COVID-19 continuase, as planificacións do curso 2020-21 e as guías docentes xa se fixeran tendo en conta tal circunstancia, incluíndo nas mesmas un Plan de continxencia con 3 escenarios: escenario 1, docencia presencial; escenario 2, combinación de docencia presencial e virtual; e, escenario 3, docencia non presencial. Do mesmo xeito que no curso anterior, a USC admitiu e alentou os cambios temporais necesarios con respecto ao que aparecía na MVT: docencia non presencial tanto síncrona como asíncrona, incremento do peso da avaliación continua, substitución total ou parcial das probas finais por outras actividades...

As coordinadoras de curso comprobaron que en todas as programacións das materias para o 2020-2021 se incluiría o Plan de continxencia fronte ao COVID-19.

En relación aos **procedementos de coordinación**, expoñemos a continuación as accións de coordinación (excluíndo as relacionadas coas prácticas externas e a mobilidade que se tratan nos puntos específicos) que se desenvolveron durante o curso 2020-2021. Explícanse máis polo miúdo no Informe de coordinación 2020-2021.

#### 1.- Reunións con profesorado:

Durante o 2020-2021, realizáronse as seguintes reunións de **coordinación de curso**:

- Accións para coordinar as probas e tarefas do alumnado en cada curso. Mantívose a liña comezada durante a etapa do confinamento de empregar para a planificación os calendarios das aulas virtuais de coordinación por ser más inmediatos e flexibles que os cronogramas.

- Reunións de coordinación en cada curso. Desenvolvéronse por MsTeams a finais do curso académico (maio-xuño). Nelas se trataron, entre outros, os seguintes aspectos: a mellora da coordinación das tarefas do curso e o funcionamento dos calendarios das aula virtuais para dito cometido; a avaliación da experiencia no escenario de docencia semipresencial; posibles accións de mellora; e, dado que estamos nese proceso, suxestións cara á reforma dos plans de estudos do Grao.

Nas reunións levadas a cabo co profesorado, este valorou moi positivamente todo o esforzo realizado no centro para que conseguira desenvolverse coa maior normalidade posible un curso marcado pola pandemia e, especialmente, que o alumnado de primeiro estivera todo o curso en presencial. Considérase que, aínda que deban aproveitarse as oportunidades que ofrecen as TIC, **a docencia no Grao é presencial e esa é unha faceta que debemos potenciar**. Tamén expuxo á súa preocupación ca baixa asistencia do alumnado ás clases e valorou algunas possibles causas do abandono en primeiro curso. Tamén fixérонse algunas suxestións de cara á modificacións do plan de estudos que transmitíronse á comisión creada ao efecto. Todas estas cuestións están expostas más polo miúdo no Informe de coordinación 2020-2021.

## 2.- Reunións ou enquisas ao alumnado:

### Reunións ou enquisas ao alumnado da coordinación de curso:

No Protocolo de coordinación recóllense como alternativas a posibilidade de realizar reunións co alumnado/delegados ou substituílas por unha enquisa, optándose en todos os cursos pola segunda por ser más representativa (no caso de que o alumnado responda). Por coincidir coa baixa da coordinadora, este curso non se fixo a enquisa de coordinación ao alumnado de segundo. Agora ben, a coordinadora do Grao asistiu á reunión cos delegados que se realizou o 9 de xuño do 2020 á que, loxicamente, estiveron convocados os delegados de segundo de Economía, polo que poido recoller as súas inquedanzas. En cuarto curso, combinouse a enquisa cunha reunión co alumnado, nas que, dado que están a piques de rematar, se lles preguntaba non só polos aspectos específicos de cuarto curso senón tamén pola súa satisfacción coa formación recibida na titulación e sobre os baleiros de duplicidades que atoparon. Recollemos as respostas a estas cuestións relativas a todo o grao máis abaixo.

En canto ao resto dos temas, as principais conclusións que se obtiveron das enquisas ao alumnado foron: necesidade de adaptar o grao aos requisitos actuais da profesión, con contidos más prácticos e maior manexo nos programas de tratamiento/análise de datos e nas TICs, evitar as duplicidades entre algunas materias, carga más elevada no primeiro cuatrimestre en cuarto y excesiva carga de actividades nalgúnhas materias dese cuatrimestre.

## 3.- Outras accións que a coordinación levou a cabo ao longo do curso

Tanto a coordinadora do Grao como as coordinadoras de curso participaron en **todas as comisións** das que forman parte por normativa.

Entre as diversas tarefas que lles corresponde como membros da Comisión Académica do Grao, cabe lembrar a coordinación, debate e aprobación do Informe de Resultados do título.

No curso 2020-21 comezou a aplicarse o novo protocolo de coordinación. Non obstante, non se pediron este curso os informes de verificación debido a que a incorporación de diferentes escenarios polo protocolo COVID e o impulso á avaliación continua que se solicitara desde a Reitoría fixeron que os programas para o vindeiro curso non se axusten completamente á MVT, o que podía causar confusión no momento de cubrir ditos informes.

Outras accións:

**Coordinacións de curso e de TFG:**

- Mantiveron operativas as aulas de coordinación de curso.
- Transmitiron información actualizada e constante sobre actividades complementarias de interese para o alumnado. Fíxose a través do foro do campus virtual.
- Atenderon aos correos enviados polo alumnado e, cando foi preciso, canalizaron as súas solicitudes cara os órganos pertinentes.
- Coa finalidade de fortalecer a interlocución entre profesorado e alumnado, as coordinacións de curso realizaron as accións oportunas para que cada grupo expositivo tivera un/una alumno/a representante. A pesar da insistencia, non se conseguiron delegados/as nin en primeiro nin en terceiro neste curso académico. Unha das causas poido ser a situación xerada pola pandemia que dificultou as interaccións entre o alumnado.

**Coordinación do Grao:**

- Coordinación e redacción do informe de resultados do título.
- Participación nas reunións de delegados/as de curso convocadas polo Decanato.
- Participación nas reunións cos egresados convocada polo Decanato.
- Participación nas reunións para a reforma do Plan de estudios do Grao en Economía.
- Elaboración de informes para enviar a cada un dos departamentos cos resultados das enquisas de coordinación desde o curso 2015-2016 ata o 2019-2020 sobre os baleiros e duplicidades no Grao. En cada informe faié fincapé nos que lle atinxen directamente a cada departamento, para que poidan avaliar dita información e tela en conta, de ser preciso, cara á revisión do plan de estudios.

**4.- Resultados das cuestións incluídas na enquisa de coordinación de cuarto curso sobre o conxunto da titulación:**

Como xa indicamos, **na enquisa de coordinación ao alumnado de cuarto**, incluíronse tamén algunas cuestións relativas aos baleiros e duplicidades e á satisfacción co conxunto do Grao. A coordinadora de cuarto curso e a coordinadora do Grao mantiveron ademais unha reunión co alumnado de dito curso na aula para que, ademais de responder á enquisa, puideran expoñer os seus argumentos. Este curso responderon 28 alumnos/as. Recollemos a continuación os principais resultados (os resultados completos están no anexo de informe de coordinación).

Nos resultados da ambas, reunión e enquisa, repítense moitas das conclusións de cursos anteriores:

- O alumnado está satisfeito coa formación teórica recibida e síntese preparado para desenvolver estudos más avanzados tanto nesta como noutra Universidade. Pola contra, pensa que non están ben preparados para saír ao mercado de traballo.
- Detectan algúns baleiros na formación recibida (véxase abaixo).

Redúcese con respecto a enquisas anteriores a percepción de duplicidades innecesarias

En relación ao **perfil de ingreso**, da súa análise e dos indicadores de demanda se deduce que: o Grao en Economía da USC segue a ser unha titulación con alta demanda; os datos da matrícula en primeira opción revelan interese polos coñecementos que nela se imparten, aínda que estanse a reducir; o alumnado procede maioritariamente de Galicia e accede maioritariamente desde o bacharelato, características ambas que suponen garantir o cumprimento dalgúns dos requisitos do perfil definido na MVT; e, por último, a nota media de ingreso é un 9,50, o que supón un incremento importante respecto aos anos anteriores. Debe terse en conta que o número de prazas que se ofertan é amplo.

Da análise deducimos que existe bastante coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil

real do estudantado matriculado no título. Non obstante, cabe a posibilidade dun vínculo entre a taxa de abandono e o perfil real de ingreso.

### Perfil de ingreso real

Recollemos na seguinte táboa os indicadores que, xunto con datos proporcionados pola CIUG sobre a matrícula e outros informes achegados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, imos empregar para a análise do perfil de ingreso real e do nivel de demanda.

Indicador	Nome	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN01G	Prazas ofertadas	150	150	150	150	150
IN02G	Matrícula (non contabiliza aos estudiantes de programas de mobilidade)	622	621	616	614	602
IN03G	Matrícula de acceso	166	151	152	157	163
IN04G	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	159	144	146	150	160
IN12G	Taxa de ocupación (%)	106,00	96,00	97,33	100,00	106,67
IN06G	Nota media de acceso por preinscripción	7,97	8,25	7,87	8,76	9,50
IN07G	Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	82,69	85,21	86,11	92,62	100
IN08G	Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados	2,09	2,09	1,95	2,93	3,16
IN09G	Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	1,61	1,45	1,46	1,14	0,83
IN18G	Porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3,70	4,35	2,44	4,40	1,00
IN10G	Relación de estudiantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	71,33	68,67	74,67	73,33	66,00

Segundo a estatística da CIUG, aproximadamente un 37% son mulleres.

Respecto á vía de acceso, case a totalidade acceden na cota xeral e deles o 97% procede do bacharelato e o 3% da FP.

En relación ca **nota de acceso** (IN06G e IN07G), sube a nota media de acceso por preinscripción, ate o 9,50, e aumenta

considerablemente a porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (100%).

No relativo á **preferencia** pola titulación, o 66% dos matriculados por primeira vez preinscribiránse en Economía en 1ª opción (IN10G), o que supón unha redución considerable sobre o dato do curso anterior. Non obstante, debe terse en conta que, áinda que as prazas ofertadas eran 150, matriculáronse 163 alumnos/as, o que puido favorecer que accederan máis persoas que non elixiran a titulación en primeira opción.

En canto á **procedencia**, o alumnado matriculado procede maioritariamente de Galicia. Só o 3,16% dos matriculados no 2020-21 son estranxeiros (IN08G), áinda así a porcentaxe más elevada de toda a serie, e só o 0,83% son nacionais de fora de Galicia (IN09G), neste caso a porcentaxe más baixa de toda a serie.

O alumnado recibido por programas de **mobilidade** (IN18G) supuxo o 1% sobre o total de matriculados, cifra moi baixa que pode estar determinada pola emergencia sanitaria.

Para máis detalle sobre a adecuación do perfil de ingreso real ao perfil idóneo revisar o informe de resultados do título.

#### [informes resultados 20-21](#)

#### - **Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación:**

O perfil formativo do título mantén relevancia e vaise actualizando segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional. O Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación ten carácter anual (60 créditos ECTS) e presencial. Impártese de xeito continuado dende o curso académico 2009-2010.

O plan de estudos implantouse de acordo co establecido na memoria inicial verificada en 2009, as modificacións incorporadas nos informes de seguimento anual por non ter carácter substancial e, a modificación do plan de estudos verificada en abril de 2016. Como consecuencia do proceso de revisión do título, no curso 2016-2017 implantouse a segunda edición do título. No curso 2018-2019, tivo lugar a última renovación da acreditación. No curso 2020-2021 realizouse unha modificación non substancial do título que afecta ao cambio de materias optativas que se aplica dende o curso 2021-2022. Igualmente, iniciouse o proceso para unha modificación substancial do título. Así, no curso 2022-2023 prevese incorporar esas modificacións substanciais que conforman a terceira edición do Máster e que permitirán a implantación dunha nova especialidade centrada na economía circular e a sustentabilidade que substituirá a especialidade de desenvolvemento local e rexional.

O alumnado adquire as competencias previstas, como acreditan a valoración dos egresados e a súa inserción laboral. Asemade, o alumnado egresado recomenda a realización do máster a compañeiros e coñecidos.

A denominación do título reflicte os principais contidos e refírese ás dúas especialidades que o conforman (Xestión da Investigación e da Innovación e Desenvolvemento Económico Rexional e Local). O máster ofrece a dobre orientación académico-profesional e investigadora.

A xustificación do título indicada na memoria verificada resulta axeitada. A titulación oriéntase a formar persoal especializado nos eidos da innovación e do desenvolvemento económico, social e sustentable, no ámbito sectorial, local e rexional, destinados tanto ao ámbito público como ao privado. Prepara para o deseño e fortalecemento de estratexias de desenvolvemento territorial e sectorial, e planeamento local e rexional, de I+D e innovación; prestando especial atención ao caso galego.

O máster aborda temáticas de interese, relevancia e carácter estratéxico para o desenvolvemento económico, social e ambiental de Galicia. O título fai un esforzo continuo por incorporar temáticas novedosas e de relevancia como a economía

circular, a ecoinnovación, as cadeas globais de valor, as Estratexias de Especialización Intelixente ou as novas políticas de innovación orientadas á misión. Diversas instancias políticas, científicas e profesionais manifestan a necesidade de contar con formación especializada avanzada nos eidos da innovación e o desenvolvemento. Nese sentido, diversas institucións (como a Axencia Galega de Innovación, GAIN) veñen colaborando co máster en diversas actividades. Outras Universidades tamén detectan a necesidade de ofrecer esta formación, especialmente no ámbito latinoamericano.

Tal e como se comentou anteriormente, estase a traballar para incorporar as modificacións substanciais á memoria verificada que reforzan os contidos relativos á sustentabilidade e a Economía Circular a través dunha nova especialidade, no marco da progresiva adaptación do Máster retos da sociedade e ás demandas do mercado laboral.

O plan de estudos desenvólvese segundo o establecido na memoria actualizada verificada en 2016. A programación docente, a planificación e a avaliación das materias, o deseño das actividades interactivas e a organización de actividades complementarias contribúen á adquisición das competencias xerais e específicas.

A planificación de cada materia recóllese nas Guías Docentes, nas que se indican os contidos, competencias, metodoloxía ou sistema de avaliación. As guías docentes están disponíveis antes do inicio da matrícula e son revisadas e aprobadas anualmente pola Comisión Académica, seguindo o calendario de planificación académica anual establecido pola USC.

As competencias propostas na memoria son coerentes co deseño do plan de estudos, sendo traballadas e avaliadas en distintas materias. As materias Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster (TFM) permiten avaliar dun xeito integral a adquisición das competencias que deben acadar os egresados.

A docencia é presencial e organízase en clases expositivas e interactivas; algunas materias impártense na aula de informática. Ao longo do curso tamén se organizan diversas actividades complementarias, como conferencias, seminarios e visitas. No curso 2020-2021 o máster participou na convocatoria de prácticas de campo da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa. A pesares de ter concedidas as axudas, non foi posible organizar ditas prácticas de campo debido as restricións COVID para realizar as visitas nas empresas.

A Comisión Académica do título reúne periodicamente para asegurar o adecuado desenvolvemento do título.

No curso 2020-2021 debido á situación excepcional da COVID19 e a suspensión das actividades presenciais dúas semanas no mes de febreiro houbo que adaptar algunas metodoloxías. Esas modificacións non afectaron aos contidos, centrándose na adaptación das metodoloxías e o sistema de avaliación a un escenario non presencial. As modificacións das guías docentes seguindo as indicacións e calendario establecidos pola USC foron aprobadas pola Comisión Académica do título e informouse adecuadamente ao alumnado.

Cada materia conta coa súa guía docente, que se publican antes do inicio do curso. Ditas guías detallan os contidos, competencias, metodoloxía ou sistema de avaliación. Son revisadas e aprobadas anualmente pola Comisión Académica, seguindo o calendario de planificación académica anual establecido pola USC.

A programación das materias é supervisada polo coordinador do Máster, así como polos distintos membros da Comisión Académica e os coordinadores dos catro módulos nos que se organiza o título. O inicio de cada curso realizanse reunións co profesorado da titulación para revisar e adecuar, no caso de que sexa necesario, os programas e as guías docentes facendo os axustes que se consideran pertinentes consensuadamente entre a coordinación e o profesorado do título, principalmente para evitar solapamentos de materias. Estas reunións serven como avaliación de carácter interno do cumprimento dos obxectivos do título en termos de competencias e coñecementos.

Como se indicou anteriormente, seguindo as indicacións do servizo de planificación académica, no curso 2020-2021 realizáronse modificacións nas guías docentes para adaptarse a un escenario non presencial, presencial ou mixto especialmente nas metodoloxías e no sistemas de avaliación. Os contidos das materias non se modificaron.

Este máster é un título universitario da USC e impártese en modalidade presencial. Dado que é un título de só un curso académico, os esforzos céntranse na coordinación horizontal. O coordinador do título establece os mecanismos para a

coordinación docente, contando coa colaboración da coordinación dos módulos.

A preocupación pola calidade e bo funcionamento da titulación, manífestase na reflexión continua realizada pola Comisión Académica para valorar a titulación e formular propostas de mellora, co obxectivo de que o alumnado acade o máximo aproveitamento da titulación. Asemade, manífestase nas reunións celebradas periodicamente, tanto da Comisión Académica, como do profesorado, do estudiantado e mixtas profesorado-estudiantado.

A coordinación docente efectúase mediante reunións do profesorado e tamén entre a coordinación do máster e o profesorado, en grupo e individualmente, para o seguimento da titulación e avaliación do seu funcionamento, para coordinar contidos e competencias, así como para propoñer as melloras oportunas. Como vén sendo habitual dende a implantación do máster en 2009, hai reunións co profesorado ao principio do curso para presentar o perfil do novo alumnado e coordinar as materias (en contidos, competencias e carga de traballo do estudiantado), centrándose especialmente nas do primeiro cuatrimestre; ao final do primeiro cuatrimestre e, co obxectivo de realizar un mellor seguimento da titulación, a coordinación das materias do segundo cuatrimestre (incluíndo Prácticas e Traballo Fin de Máster), valorar os resultados obtidos polo alumnado, informar das actividades previstas (conferencias, visitas,...) e calquera outra incidencia, modificación ou mellora que se considere; e outra no mes de xullo para valorar o funcionamento xeral da titulación, o rendemento dos estudiantes, preparar o novo curso e plantexar posibles melloras.

Tendo en conta a dificultade de poder reunirse simultaneamente co conxunto do profesorado, a información relevante sobre os aspectos mencionados transmítense por correo electrónico e a coordinación do máster ten reunións individuais ou en grupo co profesorado da titulación para ter un maior coñecemento sobre o desenvolvemento do curso. Tamén se promoven reunións entre o profesorado das materias más relacionadas, para evitar solapamentos de contidos ou que haxa contidos relevantes que queden sen cubrir. Ademais hai reunións co profesorado responsable de titorizar as materias Prácticas e Traballo Fin de Máster para abordar as cuestións específicas destas materias. A comunicación entre tutores académicos e profesionais céntrase nos aspectos referidos ao plan formativo e desenvolvemento de habilidades e competencias transversais.

Por outra banda, a opinión do alumnado recíbese fundamentalmente a través dos seus dous representantes na Comisión Académica, que transmiten os comentarios das reunións periódicas que ten o alumnado da titulación. Tamén se celebran reunións entre a coordinación do máster e o alumnado para coñecer a súa valoración da titulación, as debilidades e dificultades que detectan e as propostas de mellora. Como resultado dese proceso de diálogo co alumnado, a principal queixa é a acumulación de tarefas das distintas materias en determinadas semanas e a intensidade da carga docente en algúns momentos do curso.

Ademais de continuar co esforzo de coordinación entre as distintas materias, pediuse ao profesorado que informe ao comezo de cada materia das actividades a realizar e das datas previstas de entrega de traballos para que se poidan organizar mellor. Tamén se solicitou ao profesorado que, con carácter xeral, non se pidan máis de dúas actividades por materia, salvo que sexan tarefas de pequena dimensión ou obligadas para o correcto desenvolvemento das materias. Hai que ser conscientes do elevado número de materias e de que o conxunto das materias con docencia presencial (agás Prácticas e TFM) só teñen 3 créditos ECTS. Ademais dende o curso 2018-2019 realizouse algún cambio nos horarios, tratando de deixar na medida que o permita o calendario algunha tarde sen docencia ó longo do curso, especialmente no primeiro cuatrimestre, para que podan avanzar na realización de lecturas ou traballos individuais ou en grupo.

A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, inclúe unha cuestión referida á coordinación na organización do título, ítem no que se acada unha puntuación de 4,23 unha puntuación considerablemente alta.

Dende o curso 2017-2018 cóntase con coordinadores de módulos ou especialidades, para unha mellor distribución das tarefas que implica a organización e funcionamento do máster. Así, o 05 de decembro de 2017 a Comisión Académica do Máster, aprobou a seguinte asignación de tarefas

- Coordinación de TFM: María Ángeles Pereira Sánchez
- Coordinación de Prácticas Externas: María del Carmen Sánchez Carreira
- Coordinación da Especialidade de Xestión da Investigación e da Innovación: Xavier Vence Deza
- Coordinación da especialidade de Desenvolvemento Económico Rexional e Local: Xavier Vence Deza

- Coordinación de módulos:

- Módulo de materias de nivelación: María de los Dolores Cadaval Sampedro
- Módulo obligatorio de Desenvolvemento Económico e Innovación: Xavier Vence Deza
- Módulo Especialidade Xestión da Investigación e da Innovación: Óscar Rodil Marzábal
- Módulo Especialidade Desenvolvemento Económico Rexional e Local: Ángeles Pereira Sánchez
- Módulo de Aplicación: María del Carmen Sánchez Carreira

Óscar Rodil Marzábal e Ángeles Pereira colaboraran co coordinador do Máster nas tarefas específicas de elaboración dos horarios e das actividades complementarias, respectivamente.

### Perfil real de ingreso/egreso

Existe unha alta coherencia do perfil de ingreso real co establecido na memoria verificada, que contempla unha heteroxeneidade de perfís. Deste xeito, o perfil do alumnado por titulación tamén é variado. Dos 18 estudiantes da matrícula final do curso 2020-2021, 7 proviñan de estudos vinculados a Economía e/ou ADE, o resto eran graduados en Ciencias Políticas, Turismo, Dereito e Enxeñería. O perfil do alumnado é acaído, predominando os estudiantes de Economía e ADE. A diversidade de titulacións resulta enriquecedora, igual que a diversa procedencia xeográfica, como valoran positivamente os distintos grupos de interese implicados na titulación. Nese sentido, o plan de estudos da titulación inclúe tres materias de nivelación (Introducción á Economía, Introducción á Empresa e Finanzas e Introducción á Econometría), que deben cursar as persoas matriculadas que non sexan tituladas en Economía ou Administración e Dirección de Empresas e que non teñan coñecementos previos sobre esas áreas. Esas materias compren unha función axeitada para o correcto seguimento do máster polo alumnado procedente doutras titulacións, ao non identificarse especiais dificultades.

A principal preocupación en canto ao perfil do ingreso constitúa o baixo nivel de coñecemento dos idiomas nos que se imparte a docencia do máster (galego e castelán) por parte dalgúns estudiantes estranxeiros. Este problema tende a concentrarse naquelas persoas que só dominan o inglés (como sucede nalgún curso con estudiantes dos países árabes, aos que se lle axudou con material en inglés ata que van coñecendo o idioma e que puideron finalizar o máster) e, sobre todo, estudiantes procedentes de China cun nivel moi baixo de castelán, o que dificulta enormemente que poidan seguir as materias ou ter unha comunicación básica co profesorado e cos compañeiros. A pesares dos esforzos da USC por implantar a esixencia de idioma, nalgún caso non é efectiva, dado que hai alumnado cun nivel moi baixo de castelán que consigue superar as probas de idioma (ou encontra outros subterfuxios legais para cumplir formalmente os requisitos), pero que á hora de recibir clase demostrase as dificultades lingüísticas e a falta de comprensión básica do idioma.

A admisión de alumnado estranxeiro sen competencias lingüísticas non compete ao título, senón á Universidade. A pesar diso, tanto o título en repetidas ocasiones, como o propio centro, a través da Comisión de Calidade, realizaron diversas actuacións para informar á Reitoría do problema e solicitamos que a USC esixa un nivel mínimo de idioma ao alumnado estranxeiro que accede ao máster. Así, o Consello de Goberno da USC aprobou o 28 de febreiro de 2019 o acordo sobre a esixencia do nivel de coñecementos da lingua galega ou española para la matrícula en estudios de grado, máster e doutoramento. Segundo o apartado 2 de dito acordo, a Comisión de cada máster deberá indicar o nivel de coñecemento de lingua requerido para acceder a eses estudios, a Comisión Académica do Máster aprobou por unanimidade na súa reunión do 14 de marzo de 2019 establecer que o alumnado procedente de países que teñan o español, galego ou portugués como lingua oficial accederán directamente. Todos os demais solicitantes deberán estar en posesión dun certificado de idioma B1 ou superior para acceder ao máster.

En canto á análise dos indicadores relativos ao perfil de acceso, destácase o IN01GPC-05 Prazas ofertadas: ofértanse 25 prazas, este número non foi modificado nos últimos anos. No curso 2020-2021 o número de persoas matriculadas (IN02GPC-05, IN03GPC-05, IN04GPC-05) foi de 33, incluíndo o alumnado repetidor e de tempo parcial, se ben de novo ingreso foron 19 persoas. Desas 19 persoas por cuestións posteriores de cancelación de matrícula siguiron o máster 16. En canto á taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN05GPC-05) foi dun -9,52%, manténdose a tendencia do curso 2019-2021 a pesares do estado de pandemia no que se rematou o curso anterior. De xeito xeral, é importante destacar a distorsión que provoca a matrícula de estudiantado estranxeiro, principalmente de

orixe china, que posteriormente non consolida a súa incorporación á actividade docente do Máster, cuestión que incide en varios dos indicadores que se miden como é a taxa de graduación, de abandono etc.

A nota media de acceso por preinscripción (IN06GPC- 05) foi de 6,88 ligeiramente inferior ao 7 que foi a nota media no curso 2019-2020. A porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados (IN08GPC-05) foi do 18,18% algo inferior ao curso 2019-2020 que foi do 21,88, este dato debeuse á redución da mobilidade do estudiantado estranxeiro. Polo que se refire á Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09GPC- 05) é do 6,06% continuando a tendencia do curso anterior e bastante superior á dos últimos anos, que se mantiña a 0 nos últimos dous cursos. Polo que se refire á taxa de ocupación do título (IN12GPC- 05) estamos nun 76% inferior ao 84% do curso 2019-2020, pero igualmente superior ao 64% do curso anterior (2018-2019) e na liña dos cursos 2017-2018 e 2016-2017. Con respecto á mobilidade entrante e saínte, debe indicarse que no curso 2020-2021 non se recibiron estudiantes de intercambio. Aínda que o máster participa no programa Erasmus, tendo asinado convenios con distintas Universidades de Italia, Portugal ou Francia, non se envían alumnado de mobilidade. Este feito explícase polas dificultades de realizar a mobilidade Erasmus para un máster de carácter anual.

- **Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas:**

O título de Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas ten como obxectivos principais:

(1) dotar ao alumnado das competencias más relevantes, tanto desde unha perspectiva teórica como aplicada, da planificación e dirección do turismo urbano e da xestión de empresas no ámbito turístico, proporcionándolle unha visión global e integradora, seguindo os criterios de innovación, eficiencia e sustentabilidade; e

(2) formar dun modo rigoroso a expertos que orienten a súa carreira cara á investigación e o desenvolvemento do coñecemento no ámbito turístico.

As materias ofertadas e que os estudiantes traballan durante os seus estudos e que se lles exige superar para lograr o título, axústanse a estes obxectivos e ao establecido na memoria do título. En todo caso, a Planificación da Actividade Docente (elaboración, aprobación e publicación do PDA, POD e programación das materias) realiza de acordo co procedemento previsto no SGC. Toda a planificación docente do máster apróbaa a Comisión Académica. As guías docentes, incluíndo a programación das materias apróbanse na propia Comisión Académica, nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade.

Todas as guías docentes presentan unha metodoloxía distribuída en docencia expositiva e interactiva cun alto grao de aplicación práctica dos contidos, a través de casos, resolución de problemas ou similares, e interese pola participación, en liña co proposto na memoria do título. As guías docentes están dispoñibles na web:

<http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/titulaciones.html?plan=14487&estudio=14488&codEstudio=14001&valor=9>

Así mesmo, cabe sinalar que o tamaño dos grupos é axustado á docencia recibida e ao proposto na memoria do título, cunha media de alumnos por grupo de docencia interactiva e expositiva por baixo do definido na memoria do título. Cabe destacar que, neste título, a docencia organízase a través dun grupo de docencia expositiva e outro de docencia interactiva, polo que o número de persoas que recibe docencia cada ano é o mesmo, se ben varía nas materias optativas. No curso 2020-21 o tamaño do grupo de alumnos de docencia expositiva para as materias obligatorias é de 13,64 persoas. No caso do valor medio para as materias optativas é de 7,64 alumnos/as. O número medio de alumnos/as por grupo de docencia interactiva é no curso 2020-21 de 10,64.

O acceso, admisión e matrícula dos estudiantes está regulado pola Normativa Académica da USC que, anualmente, faise pública previa aprobación da Xunta de Goberno da Universidade. Este proceso, así como os criterios, etc. publícanse na web corporativa.

As guías docentes, incluíndo a programación das materias, apróbanse na propia Comisión Académica, nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade.

Antes da aprobación pola Comisión Académica, a coordinación do mestrado revisa se hai discrepancias entre as propostas de guías docentes que realiza o profesorado e o disposto na memoria do título. De ser así, indícase ao profesorado das discrepancias detectadas e se insta a solucionalas.

En cursos anteriores, téñense detectado discrepancias nos sistemas de avaliación propostos para un número reducido de materias e o disposto na memoria do título. Esas discrepancias foron corrixidas, se ben cómpre verificar que non se volvan producir, tal e como se informou no autoinforme de seguimento do curso 2018-19.

Como no caso dos demais títulos xa comentados, durante o curso 2019-20, houbo que modificar as guías docentes para adaptalas á docencia telemática derivada da COVID2019. A coordinación do mestrado instou ao profesorado a que todas as materias se adaptaran ás instrucións indicadas dende o Reitorado da universidade relativas ao desenvolvemento a docencia e avaliación do alumnado de modo telemático. A modificación da modalidade de docencia, puido implicar cambios nos sistemas de avaliación, sendo preciso verificar que se manteñen dentro do establecido na memoria do título, ideado para docencia presencial. Propúxose unha acción de mellora neste sentido (AM05) que foi executada durante o curso 2020-21.

## Procedementos de coordinación

O título conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais necesarias para garantir que a docencia se desenvolve de acordo coa memoria. Son as seguintes:

- Unha Comisión Académica formada por profesorado de diferentes áreas de coñecemento e con representantes do alumnado que se reúne para solucionar calquera cuestión relacionada co funcionamento do título (ver as Actas das reunións). A Comisión Académica reúñese de forma periódica para garantir o bo funcionamiento do título e a comunicación de forma continua, tanto a docentes como a estudiantes, de todas as datas e procedementos importantes en relación aos diferentes ámbitos do máster.
- Un coordinador/a do título que recolle suxestións relativas á titulación, tanto do estudiantado como do profesorado, participa na elaboración do informe de resultados anual do título, coordina o programa de prácticas, xestiona a distribución e avaliación de TFM, e informa de forma permanente daquelas cuestións de interese para un bo funcionamento e coordinación do máster aos diferentes axentes implicados.
- Representantes do alumnado que participan nas reunións da comisión académica e que serven de fonte de información á Coordinación sobre calquera tema de interese vinculado ao alumnado.
- Comisións da facultade que velan por un bo proceso de ensino-aprendizaxe de todos os títulos impartidos no centro: comisión de igualdade e comisión de actividades complementarias, comisión de calidad, comisión de asuntos económicos, comisión de normalización lingüística, comisión de biblioteca.
- Este máster impártese en modalidade presencial nun único centro, polo que non é precisa coordinación neses ámbitos.
- No caso das prácticas externas, o mestrado elabora enquisas propias de satisfacción do alumnado, titores académicos e titores profesionais. Os resultados destas enquisas son comentados nun apartado específico, dentro da *Dimensión 1, Xestión do título* deste informe. A elevada satisfacción de titores profesionais e académicos amosa que o estudiantado acada as competencias asociadas ás prácticas.

Asemade distas estruturas xa implantadas, para o curso 2021-22 proponse, como acción de mellora, a creación dunha comisión executiva que permita resolver mais axilmente os asuntos de trámite (AM02, [informes resultados 20-21](#))

Por outra banda constatamos que, ao longo dos anos, incrementouse o esforzo de divulgación da información sobre o máster. Toda a información relativa aos diferentes procedementos que afectan á docencia se comunica con antelación a través da web da Facultade. Adicionalmente, o coordinador/a comunica de xeito continuo ao longo do curso, tanto a docentes como a alumnos, todas as datas e procedementos relevantes en relación aos diferentes ámbitos do Máster: presentación e acollida de alumnos para a inauguración do curso, inicio das actividades docentes, datas de realización de exames, convocatoria para asignación de temas e titores para os TFMs, convocatoria para a realización de prácticas, datas

de peche de actas, convocatorias para a presentación e defensa de TFM, así como as datas de todas as reunións da Comisión Académica como órgano máximo de coordinación. No caso do alumnado, esta información comunicase mediante email e a través da web da facultade e da web propia do máster.

Co fin de afondar neste obxectivo, aumentando a transparencia cara os diferentes grupos de interese, a partires deste curso 2020-21 (executando a acción de mellora AM01 prevista no informe anual 2019-20) as actas das reunións da Comisión Académica se publican na web institucional.

Todo isto tradúcese en que, de acordo co *Informe sobre satisfacción do profesorado coa docencia impartida*, a satisfacción do profesorado coa coordinación entre as distintas materias e distintos niveis do título é elevada (4,23 puntos sobre 5 no curso 2020-21). Ata o curso 2017-18, *Informe de satisfacción do alumnado coa docencia recibida*, incluía unha pregunta sobre a coordinación dos distintos profesores dunha mesma materia. O último dato dispoñible é o do curso 2017-18 e amosaba unha puntuación elevada, 4,21 puntos sobre 5.

### **Análise do perfil real de ingreso/egreso**

No curso 2020-21 houbo 16 matriculados de novo ingreso, o que supón unha taxa de ocupación do 64%. Se se observan os indicadores no seu conxunto se deduce que esta baixada respecto do curso anterior está motivada polo descenso de do número de estudiantes estranxeiros matriculados -supoñemos que debido ás incertezas derivadas da COVID-19. Os indicadores amosan, tamén, que a totalidade do alumnado accede á titulación cunha nota superior a 6, sendo a nota media de acceso (7,22) a mais alta desde que dispoñemos do indicador.

A diversidade do alumnado é evidente tanto en termos de procedencia xeográfica como de titulación de orixe. De acordo co Informe I2 *Número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia* (USC), o número de titulacións de acceso ao máster é de cinco no curso 2020-21. A cifra real é maior, pois unha das titulacións incluídas nese informe é "Resolución Reitoral de Equivalencia", na que se inclúen cinco alumnos/as, sen especificar as súas titulacións. Este grupo de estudiantes procede do estranxeiro e constitúe o 31,25% do alumnado da titulación.

A composición do alumnado axústase ás características dos estudos de Máster en Turismo, ao tratarse dunha titulación cun carácter interdisciplinario. Nese curso as titulacións relacionadas co turismo son fonte da metade dos novos estudiantes.

Para maior detalle consultar o informe de resultados do título.

[informes resultados 20-21](#)

#### **- Máster Universitario en Dirección de Empresas:**

Non se observaron cambios significativos respecto do recollido na memoria. Realizáronse dúas modificacións (axuste da distribución horaria entre as sesións expositivas e interactivas das materias á efectivamente aplicada na realidade segundo as normas da Programación Académica Anual e inclusión na memoria do título das materias que se imparten nun idioma non recollido na memoria). No curso 2020-21 foi tramitada a Modificación da Memoria Verificada do Título do Máster Universitario en Dirección de Empresas (aprobada en marzo de 2021).

A planificación da actividade docente (elaboración, aprobación e publicación do PDA, do POD, do tamaño de grupos e da programación das materias) levouse a cabo segundo o establecido no SGC. As materias obligatorias e optativas, así como o módulo preparatorio (neste último caso, con un nivel de cumprimento do 100%), discorrendo sen contratempos, observándose un bo nivel no cumprimento de programas e obxectivos docentes, así como os horarios de clase e das actividades de avaliación, incluíndo as datas oficiais de exámenes.

A programación docente estivo disponible dende o primeiro momento no sitio web da Facultade e o Campus Virtual utilizouse para a difusión de información e material de apoio, así como para a recepción das tarefas propostas nas materias.

Como consecuencia do anterior, a programación docente de tódalas materias presenta unha metodoloxía distribuída en **docencia expositiva e interactiva** cun alto grao de aplicación práctica dos contidos, a través de casos, resolución de problemas ou similares, e interese pola participación, así como uns **sistemas de avaliación** que ponderan estas actividades a través de exámenes teóricos finais e de actividades de avaliación continua, axustándose ao proposto na memoria do título e con equivalencia entre os dous campus.

O tipo de ensino continúa sendo **presencial**, co apoio do campus virtual que ofrece a Universidade de Santiago en tódalas materias do Máster, de modo que o seu uso complementa de forma notable as actividades da aula.

Adicionalmente, utilizouse a **Aula de Coordinación do Campus Virtual** en cada campus, a disposición das persoas coordinadoras, como medio para informar a estudiantes e profesorado de toda a información e tódalas actividades de interese relacionadas co Máster.

No que se refire aos **mecanismos de coordinación**, o título ten estruturas de coordinación verticais e horizontais para garantir que a docencia se realiza de acordo coa memoria:

- Un coordinador/a de título en cada campus, que se coordinan entre si e que recollan suxestións sobre a titulación, tanto do corpo estudiantil como do profesorado, participan na preparación do Informe Anual de resultados da titulación, coordinan o programa de prácticas, xestionan a distribución e avaliación de TFM, e informan permanentemente daqueles temas de interese para o bo funcionamento e coordinación do Máster aos distintos axentes implicados.
- Unha Comisión Académica Intercentros integrada por membros dos equipos directivos dos centros, polos responsables de calidade de ambos centros, por persoal de administración e servizos, por profesores de distintas áreas de coñecemento e por representantes dos estudiantes, equilibrados por campus, e que se reúne para resolver calquera cuestión relacionada co funcionamiento do título. A Comisión Académica Intercentros reúne periodicamente para garantir o bo funcionamiento da titulación e a comunicación continua, tanto a profesores como a estudiantes, de todas as datas e procedementos importantes en relación coas diferentes áreas do máster.
- Comisións de Facultades, que aseguran un bo proceso de ensino-aprendizaxe para todas as titulacións impartidas nos centros, con especial referencia á Comisión de Calidade, que é a encargada de garantir o bo funcionamento do SGC dos centros.

En canto ao **perfil de ingreso**, en torno á metade do alumnado matriculado procede de titulacións de ADE ou relacionadas (en función da titulación segundo o país de procedencia), e a metade restante procede de titulacións de Economía e outras titulacións. Deste modo, o perfil real do estudiantado matriculado responde ao perfil de ingreso establecido na memoria verificada, onde se establece esta preferencia. A matrícula do alumnado realizase en base a criterios xerais, y o sistema de admisión no máster segue o establecido na memoria do título, que establece que se seguirán os criterios e procedementos establecidos na normativa de matrícula da USC seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. A Normativa Académica da USC relativa á admisión dos estudiantes faise pública anualmente previa aprobación da Xunta de Goberno da Universidade. Este proceso, así como os criterios, etc. publícanse na web corporativa.

Cabe sinalar que o alumnado estranxeiro ten unha presencia importante no máster, polo que resulta de interese referir o proceso de admisión para o estudiantado con este perfil. Neste caso, a memoria do título establece que poderán acceder ao máster as persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o/a interesado/a, nin o seu recoñecemento a outros efectos que os de cursar as ensinanzas de máster.

Finalmente, tamén debe sinalar que tal e como se indica na Memoria do MUDE, ao inicio do curso desenvólvese un **módulo preparatorio de complementos formativos** dirixido a alumnado procedente de titulacións diferentes ao perfil de ADE. O devandito módulo consta de dúas materias de dous créditos cada unha: Fundamentos de Contabilidade e Fundamentos de Finanzas. Fundamentos de Finanzas debe ser cursada por todo o alumnado que non realizara un mínimo de 2 créditos en materias sobre finanzas en titulacións universitarias. Fundamentos de contabilidade deberá ser cursada por todo o alumnado que non realizara un mínimo de 2 créditos en materias sobre contabilidade en titulacións universitarias. A superación das materias que conforman módulo preparatorio é un requisito obligatorio para obter o título para o alumnado que deba cursalo. O devandito módulo desenvolveuse no curso 2020-2021 cun nivel de cumprimento do 100% para o estudiantado das titulacións establecidas, permitindo alcanzar os complementos de formación necesarios para a realización do resto do programa formativo.

- **Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira:**

O obxectivo fundamental do título é a formación de directivos e xestores cun perfil profesional claramente especializado nunha das áreas de xestión con maior demanda, na actualidade, polo sector empresarial. As distintas materias impartidas cobren o marco teórico-práctico necesario para comprender a realidade da xestión contable e financeira empresarial fomentando, á vez, o desenvolvemento das competencias e habilidades que os directivos deste ámbito precisan para o exercicio profesional, nun contexto globalizado e con crecente complexidade, tanto mediante o traballo na aula como mediante a realización de prácticas profesionais.

O programa formativo do Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira desenvolveuse conforme ao establecido na memoria verificada do título cuxo texto, tras a modificación realizada en 2019, está publicado en:

[Direccion e Xestion Contable\\_2020\\_21.pdf \(azureedge.net\)](#)

Non se produciron modificacións posteriores da MVT.

Durante o curso 2020/2021 ofertáronse todas as materias previstas na memoria verificada. Os programas e as guías docentes de todas elas foron aprobados pola Comisión Académica do Máster e posteriormente polo Consello de Departamento e a Xunta de Facultade. Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

#### **Procedementos de coordinación**

O máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira foi proposto, desde o momento inicial de elaboración da Memoria, polo Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, co obxectivo de proporcionar unha formación adecuada ás necesidades do mundo empresarial realizando a oferta de materias con diferentes contidos, pero interrelacionadas, de tal forma que se permita ver a complementariedade das mesmas sen duplicidade de contidos. Así, ofértanse 4 materias do ámbito contable (3 obligatorias e 1 optativa), 4 materias do ámbito financeiro (3 obligatorias e 1 optativa) e unha materia do ámbito fiscal (Departamento de Economía Aplicada).

Anualmente compróbase que non haxa solapamento dos programas das materias tanto antes da súa aprobación polo Consello de Departamento, como posteriormente na Comisión Académica do Máster, formada pola maioría dos profesores con docencia no mesmo.

A supervisión do cumprimento dos programas das materias realizase de xeito continuo, o cal se pon de manifesto pola aplicación do Protocolo de Coordinación do Máster (aprobado pola CAM do 19/06/2020, como consecuencia dunha Proposta de Mellora (nº 1) realizada no Autoinforme de Seguimiento do curso 2018/2019 para o curso 2019/2020) e, sobre todo, polo feito de que os profesores das diferentes materias traballan en despachos moi próximos e realizan habitualmente reunións non-formais nas que se intentan mellorar as posibles deficiencias detectadas diariamente nas aulas.

As materias que imparten os profesores de contabilidade, finanzas e fiscal teñen contidos diferenciados e áinda que en algún tema poida parecer que existe solapamento o enfoque será diferente (contable, financeiro ou fiscal).

En relación á coordinación na realización de probas, exames, traballos etc., nos últimos anos, no primeiro cuadri mestre, a coordinadora do máster solicita a todos os profesores que cubran unhas *Táboas de información para a coordinación das materias do máster*.

En base á información obtida nestas táboas compróbase se existe solapamento e procédese a falar cos profesores implicados para evitalo.

#### **Análise do perfil real de ingreso/egreso**

No curso 2020/2021 matriculáronse 32 alumnos, dos cales 16 foron de novo ingreso sendo a titulación de procedencia a seguinte:

Titulación de procedencia	Nº de estudiantes
Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade da Coruña	1
Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela	11
Grao en Economía pola Universidade de Oviedo	1
Grao en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela	1
Estudos realizados no estranxeiro	2
<b>TOTAL</b>	<b>16</b>

A diferenza entre matriculados e alumnos de novo ingreso radica, fundamentalmente, no feito de ter alumnos de edicións anteriores co TFM pendente e a variación de matrícula de novo ingreso por preinscripción sufriu unha baixada significativa, do 27,27%, como consecuencia das incertezas existentes no momento da matrícula por mor da COVID-19 o que tamén levou a un descenso da porcentaxe de alumnos procedentes de terceiros países e, en consecuencia, a un incremento na porcentaxe de matrícula dos alumnos procedentes da USC (pasando do 43,59 ao 62,50%).

En base ao Informe de procedencia xeográfica (INF 16), dos 32 estudiantes matriculados, 16 proceden de A Coruña, 1 de Lugo, 1 de Ourense, 6 de Pontevedra, 1 de Asturias, 1 de Salamanca, 2 de Madrid, 1 de Alemaña, 1 de Brasil, 1 de Xapón e 1 de Uruguai. Sinalar que, áinda que na documentación constan 2 estudiantes procedentes de Madrid e 1 de Salamanca, trátase de 3 estudiantes de nacionalidade China que descoñecen o idioma no que se imparte o máster.

#### **- Máster Universitario en Economía:**

O desenvolvemento do plan de estudos do Máster Universitario en Economía na súa terceira edición realizouse conforme á memoria verificada. A pesar de ter unha loxística complicada, e impartirse simultaneamente en tres campus diferentes (Facultades de Economía das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), apenas se produciron incidencias fóra das lóxicas referidas á adaptación á dinámica do Máster. Isto que permitiu unha correcta adquisición das

competencias por parte do alumnado e de desenvolvemento docente do profesorado. A situación de emergencia da Covid-19, non ocasionou ningunha incidencia na actividade docente do Máster: os sistemas de videoconferencia e de teledocencia empregado permitiu superar a situación sen ningún atranco. Pódese comprobar ao analizar os resultados acadados polo alumnado.

A demanda do título entre as tres universidades participantes, superou con creces o requisito mínimo de 20 alumnos, o que xustifica a súa existencia e sustentabilidade. O título mantén un alto interese académica e os seus contidos están actualizados conforme, dunha banda, coas aportacións más recentes da análise económica, política económica, e técnicas estatísticas e económicas; e, doutra banda, das necesidades sociais, institucionais e os requisitos da profesión. Os indicadores de seguimento e acreditación ofreceron resultados favorables.

O perfil de alumnos que solicitaron acceder ao Máster nas tres universidades participantes no curso 2020-21 foi heteroxéneo, pero especialmente son licenciados/graduados de Economía, ADE, e Enxeñería. Os indicadores de matrícula relacionados co acceso de novos/as estudiantes ao título (notas de acceso, ocupación, preferencia, adecuación, etc.) amosan resultados positivos, acordes cos obxectivos establecidos para a titulación. Isto pon de manifesto a existencia dunha demanda que xustifica a oferta de prazas de novo ingreso (15 en cada unha das universidades participantes). No curso 2020-2021 cubríronse 27 prazas ofertadas. A memoria do Máster en Economía recolle 15 prazas ofertadas en cada Campus (45 prazas en total). Deses alumnos, 3 alumnos abandonaron o Máster, e outros cambiaron o seu estatus a tempo parcial ao atoparen emprego ou por razóns persoais. Alén destes, temos 7 alumnos que xa cursaron o curso 2019-20 e que estaban a tempo parcial por motivos laborais (3 alumnos), ou aos que lle faltaba por presentar o TFM (4 alumnos). Adicionalmente aos alumnos do Máster, a UDC oferta a alumnos de Erasmus os cursos do Máster, e na USC alumnos de intercambio. No curso 2019-20 tivemos 1 alumna dunha universidade polaca na UDC, e 2 alumnos italianos na USC.

No que respecta á coordinación, tamén se revisan as guías docentes de todas as materias da titulación. Todas as Guías Docentes se publican en castelá e en galego nas webs das tres universidades, na web do Máster ([www.mastereconomia.gal](http://www.mastereconomia.gal)), e en cada páxina das materias aloxadas en [faitic.uvigo.es](http://faitic.uvigo.es).

### **Diretriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliação do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliação da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliação).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Durante o proceso de implantación dos títulos, desenvolvéronse e aplicáronse diferentes normas de aplicación xeral e específica aos distintos graos da USC, que están disponíveis para os estudiantes na páxina web da USC:

- Normativa de interese para estudiantes da USC (sistemas de permanencia, transferencia e recoñecemento de crédito, asistencia a clase, etc.).

**A continuación preséntase unha reflexión para cada un dos títulos impartidos no centro en relación coa directriz 3:**

- **Grao en Administración e Dirección de Empresas:**

**Accións de captación**

Como sinalamos no epígrafe anterior, os criterios de admisión non se modificaron respecto aos que figuran na Memoria orixinal do Título.

En canto as accións de captación desenvólvense no marco do programa de captación institucional que ten a USC.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en Santiago proporciona toda a información necesaria que permite establecer relacóns entre a comunidade universitaria e o sector profesional, participando os nosos estudiantes en diferentes actividades. A participación en diferentes eventos do sector profesional como empregadores foi unha tarefa prioritaria para este centro. A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais mantén unha relación directa co Colexio de Economistas e outras organizacións profesionais. Este contactos teñen como obxectivo coñecer máis en profundidade a vixencia dos nosos plans de estudos, as necesidades das empresas na formación dos futuros profesionais, e realizar un seguimento do traballo realizado polos nosos alumnos en prácticas.

En canto o Plan de Captación 2020-21 en Santiago foi comentado na directriz 1.

Entre as accións de captación en Lugo destaca a participación da Facultade de ADE no programa “A Ponte” da USC, mediante o cal profesorado da Facultade acode a centros de secundaria para impartir charlas, o alumnado de secundaria visita a Facultade na Xornada de portas abertas e se intenta facerles chegar a maior cantidade de información posible para que o alumnado que acceda ao grao o faga coa mellor orientación posible. Así mesmo a participación en feiras virtuais de difusión de graos (Encontros Virtuais da USC), así como a difusión do grado a través de redes sociais.

**Plan de acción titorial**

As accións dirixidas aos estudiantes de grao encádranse no plan de acción titorial (PAT), que se poden consultar nas webs das dúas Facultade e que se revisa anualmente nas Comisións de

Calidade. Non obstante, debe terse en conta que, a consecuencia do confinamento, non se puideron organizar todas as actividades que se veñen desenvolvendo habitualmente.

En canto ao Plan de Acción Titorial, entre as accións recollidas nel cómpre salientar:

- Cursos de competencias informacionais e dixitais, impartidos polo Servizo de Biblioteca da Facultade de Santiago e pola Biblioteca Intercentros en Lugo.
- Cursos para a elaboración e presentación de traballos académicos, impartido polo Servizo de Normalización Lingüística.
- Para o segundo semestre programouse xunto coa Área de Orientación Laboral da USC, o modulo Módulo de orientación laboral para o fomento da empregabilidade.
- Sesión de presentación dos Traballos de Fin de Grao, na que se lle explican as ferramentas das que dispón para desenvolver con éxito esta materia.
- En Lugo curso de formación sobre normas de citación para estudiantes de TFG.
- En Santiago revisouse a información dispoñible na web en relación ao PAT e organizouse de forma más clara (en resposta a unha acción de mellora plantexada a nivel de centro).

<https://www.usc.es/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/plan-accion-titorial>

- Para facilitarlle ao alumnado que accede por primeira vez á universidade e as ensinanzas de grao, os centros organizaran unha xornada de acollida e orientación. En dita xornada dáselle información relevante sobre a organización dos centros, as organizacións de estudiantes que os representan nos distintos órganos dos Centros e da USC, ademais de explicarles o funcionamento dos centros, da biblioteca e os servizos que ten ao seu alcance. Reciben información precisa sobre a localización das distintas dependencias e dos contidos da web dos centros e xeral da USC que están especificamente dirixidos a eles. A estas xornadas de acollida común para os estudiantes de novo acceso, súmase a presentación que o persoal da Biblioteca realiza deste servizo, dirixido ao alumnado do primeiro curso en sesións desenvolvidas no primeiro día de clase nos distintos grupos de alumnos existentes.
- O alumnado titor colabora na recollida de suxestións, información e opinións do alumnado de cara a coordinación dos diferentes cursos.

Por outra parte, entre as actividades deseñadas pola USC e desenvolvidas para a orientación do alumnado que valoramos de especial interese están:

- O programa de Titores, pertencente ao programa A Ponte da USC, crea a figura de alumno/a-titor/a que é un estudiante veterano que orienta e apoia ao novo alumnado. Unha avaliación positiva da dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do alumnado. En relación a este aspecto, no campus de Lugo fixose unha difusión do programa titores polas aulas, a través da páxina web, redes sociais e monitores de televisión da Facultade. Ademais, enviouse un e-mail aos coordinadores de curso de 3º e 4º para que difundisen o programa Titores entre o alumnado. Este curso o resultado foi satisfactorio xa que presentáronse catro alumnos/as. No Campus de Santiago tamén se realizou unha ampla difusión do programa titores a través das aulas, comunicacións a través de correo electrónico ao alumnado, cartelería e pantallas do centro. Este curso o resultado foi satisfactorio xa que participaron seis alumnos/as.

### Actividades extra académicas

Como sinalamos, as dúas Facultades ofrecen múltiples actividades, complementarias ás que oferta a USC, dirixidas a mellorar e incrementar as competencias do alumnado: conferencias, seminarios, actividades con asociacións de economistas e empresarios, acordos cos Colexios de Economistas de Santiago (que ten a súa sede na facultade de Santiago) e Lugo, concursos de pintura, etc.

En Santiago, durante o curso 20/21 ofertáronse na Facultade diferentes cursos coa finalidade de complementar a formación do noso alumnado como: o Taller práctico sobre o proceso de creación dun Informe fundamentado en enquisas (sep 2020), os Cursos básicos e avanzado de competencias en información, o curso Fundamentos de folla de cálculo para economía e empresa (novembro 2020) e o curso R para Economía e Empresa (febreiro e marzo 2021).

Entre as charlas e cursos destinados a fomentar o emprego e o emprendemento destacamos:

O uso de LINKEDIN como ferramenta de aprendizaxe e empregabilidade (decembro 2020), o Modulo de orientación laboral para o fomento da empregabiliade (8 sesións entre febreiro e abril) impartido pola Area Orientación Laboral da USC, a Xornada de emprendemento universitario (GEM Galicia abril 2021) e o taller O Contacto Profesional coas Empresas: Elaboración do correo de presentación e do CV (abril 2021).

Houbo tamén durante o curso encontros telemáticos entre o alumnado do último curso do grao e empresas que presentaron o seus programas de talento: Deloitte Auditoría, Deloitte Legal, Boston Consulting Group o o programa Alevín do Grupo Nueva Pescanova.

Entre as conferencias que houbo durante o curso 20/21 podemos destacar A Ciencia de Datos: Un novo futuro profesional para os economistas ou as Conversas Iberoamericanas organizadas pola Cátedra Iberoamericana como a que tivo lugar en novembro de 2020 A Economía Circular: presente e futuro tras a Covid-19.

### Mobilidade

En **Santiago**, a porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G-PC-05) sobre matriculados sitúase no curso 2020-21 no 0,84% (porcentaxe similar a de cursos precedentes); mentres que a porcentaxe de alumnado estranxeiro (IN08G-PC-05) segue sendo baixa, 2,42.

En **Lugo**, estas porcentaxes foron lixeiramente máis altas, e con dinámicas similares ás de Santiago. A porcentaxe de estudiantes de procedencia galega é máis elevada, pero descendeu lixeiramente durante o curso obxecto deste informe. En tanto ós estranxeiros matriculados representaron o 4,07%, por debaixo do 4,6 do curso 2018/19.

No último curso 2019-20, en Santiago a mobilidade saínte foi de 42 estudiantes (38 Erasmus, 2 convenios con outras universidades e 2 Sicue). En Lugo, non hai datos no INF3 de alumnos enviados pola USC a programas de mobilidade. Desde a facultade séguese a facer un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas. INF 03).

Por outra parte a porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre

o total de matriculados (IN18G-PC-08) viña medrando no campus de Santiago, pasando do 5,46% ao 8,19% no curso 2019-2020. No último curso, pensamos que por mor da pandemia, diminuíu de forma moi importante ata o 1,26%. En Lugo o indicador tamén aumentou de xeito notable en cursos pasados, pasando do 14,75% do curso 2018-2019 ó 17,62% no curso 2019-2020. No último curso 2020-21, pensamos que por mor da pandemia, diminuíu de forma moi importante ata o 4,07%.

En Lugo a mobilidade entrante foi de un total de 10 alumnos, 7 mediante convenios bilaterais.

Finalmente, de forma xeral sinalamos a valoración xeral respecto a mobilidade en Santiago e Lugo. Durante o curso 2019-20, a mobilidade transcorrería con total normalidade, pero neste curso houbo una diminución significativa nos estudiantes entrantes e saíntes. Na área de mobilidade da facultade continuaron este curso coa iniciativa Welcome Day, unha sesión para recibir ao alumnado entrante na que se lles presentou a facultade e se lles deron orientacións xerais sobre horarios, grupos e cambios nos acordos de estudos. Ademais, púxose en contacto aos estudiantes entrantes con alumnos e alumnas titulares, que responderon ás súas inquietudes desde a súa perspectiva de estudiantes da facultade.

No curso pasado non dispuxemos de datos da satisfacción dos estudiantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G-PC-08, IN16G-PC, INF.04, INF 05). No curso 2020-21 o grado de satisfacción do alumnado saínte foi do 4,51 tanto en Lugo como en Santiago, superior os cursos anteriores para os que si dispoñemos de información. En canto a satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade foi de 4,20 en Santiago e en Lugo. En xeral as valoracións son moi positivas sendo os valores máis baixos a preparación lingüística proporcionada pola USC e a axuda económica proporcionada.

Para maior detalle consultar o informe de resultados do grao en ADE.

#### [informes resultados 20-21](#)

#### **Prácticas externas**

En canto a porcentaxe de estudiantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G-PC-09), en xeral, vense incrementando nos últimos anos nos dous campus con pequenas variacións anuais.

**Santiago:** En Santiago no curso 2018-2019 o indicador repunta de xeito apreciable ata o 39,33%. No 2019/20 a pesar das restricións situouse no 36,59% e no curso 20/21 no 36,33.

O número de alumnos/as do grao en ADE que fixeron prácticas curriculares no curso 20/21 foi de 69 (o ano pasado foran 36). Tamén durante ese curso 39 alumnos e alumnas do grao fixeron, prácticas extra curriculares (tanto organizadas pola Facultade como polo Consello Social da USC). A valoración global do alumnado das prácticas organizadas pola Facultade foi moi positiva, cun valor medio do 4,73 sobre 5 na satisfacción coas prácticas realizadas .

**Lugo:** En Lugo a porcentaxe de estudiantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións diminuíu respecto o curso 2019-20 (53,33% fronte o 58,70), pero aínda así moi superior o curso 2018-19 (35,29%).

A convocatoria de prácticas externas publicouse o 3 de febreiro de 2020, aínda que o calendario do procedemento estivo publicado dende o inicio de curso. Dun total de 81 empresas coas que existe convenio de colaboración, foron 24 empresas cun total de 25 prazas as que decidiron ofertar prácticas. Por outra banda o SERGAS ofertou cinco prazas. Das prácticas ofertadas, 8 delas foron con empresas que propiciaron os convenios de colaboración os alumnos interesados. Non se cubriu a totalidade da oferta de prácticas, só 22 alumnos manifestaron estar interesados en cursar as prácticas, e destes 22 (debido a situación de confinamento e pandemia vivida no curso 2019/20) finalmente só fixeron as prácticas 18 alumnos. As prácticas foron realizadas no período comprendido entre o 01.06.2020 e o 30.09.2020, o habitual era do 1 de abril ao 31 de agosto.

Nos centros leváronse a cabo iniciativas para mellorar a difusión entre o alumnado sobre as prácticas como a publicidade a través de cartaces e da publicación nas redes sociais dos centros das reunións informativas sobre prácticas e das convocatorias abertas de prácticas das dúas Facultades así como das convocatorias de prácticas extra curriculares do Consello Social da USC. Aínda que nos anteriores cursos nos dous centros veuse incrementada a oferta de prácticas en empresas (tanto curriculares como extra curriculares) esta oferta reduciuse no ano 2020 por mor da pandemia tal como explicamos anteriormente. Por outra parte, en virtude da AM-9/19-20 de Santiago, elaborouse unha guía docente de prácticas en empresas e se avanzou na harmonización da documentación relativa ás prácticas nos diferentes títulos do centro. As guías docentes están colgadas na web da Facultade (a primeira é para as prácticas curriculares e a segunda para as extracurriculares):

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/f4koTrAiM63poja-skcmqON2-YqzOvzisi9ISOzqZJw/1635401144/public/paragraphs/links/2020-10/guia-docente-practicas-curriculares-eco\\_ade.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/f4koTrAiM63poja-skcmqON2-YqzOvzisi9ISOzqZJw/1635401144/public/paragraphs/links/2020-10/guia-docente-practicas-curriculares-eco_ade.pdf)

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/REq3OdKdmZYSDbsay7x6sX6I-SF9LM4AWqVoh--tjKU/1635401104/public/paragraphs/links/2020-10/guia-docente-practicas-extracurriculares-eco\\_ade.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/REq3OdKdmZYSDbsay7x6sX6I-SF9LM4AWqVoh--tjKU/1635401104/public/paragraphs/links/2020-10/guia-docente-practicas-extracurriculares-eco_ade.pdf)

Os axentes implicados nas prácticas externas que responderon á enquisa no 2020-21 (titores externos, titor académico e estudiantes) amosaron unha satisfacción boa coa experiencia. Non temos datos en Santiago dos indicadores relativos a satisfacción media no último curso dos titores académicos (IN21G) nin profesionais (IN20G) en Santiago. Non obstante, no INF07 tamén se recolle a satisfacción dos titores externos que en xeral, é elevada en Santiago e en Lugo. Nos dous casos o 100% deles volverían a ofertar a praza de prácticas.

En Lugo a satisfacción dos axentes é moi elevada. Tamén a satisfacción media do alumnado coas prácticas externas é elevado, tanto en Lugo (4,67%) como en Santiago (4,25).

Código	Nome	Campus	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas	Santiago	4,11	4,39	4,38	-	4,25
		Lugo	4,35	4,17	3,06	-	4,67
IN20G-PC-09	Satisfacción dos titulares externos cos programas de prácticas externas	Santiago	4,00	4,17	4,15	-	..
		Lugo	4,21	3,99	4,14	-	4,70
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titulares académicos cos programas de prácticas externas	Santiago	-	4,20	4,88	-	..
		Lugo	4,73	-	4,88-	-	4,00
IN22G-PC-09	Porcentaxe de estudiantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	Santiago	35,15	26,09	39,33	36,59	36,33
		Lugo	49,06	52,63	35,29	58,70	53,33

### Traballo fin de grao

Mantivéronse as melloras no deseño e desenvolvemento do TFG levadas a cabo nos cursos anteriores e recollidas nos Informes de Seguimento/Acreditación previos:

- 1. En Santiago elaborouse unha guía docente e publicouse un documento de apoio ás presentacións póster. Ademais organizouse unha sesión de presentación da materia “Traballos de Fin de Grao” (conxunta para todos os matriculados de Economía y ADE). En Lugo fixérонse dúas sesión informativas dirixidas ao alumnado matriculado no Traballo de Fin de Grao, unha no mes de setembro e outra no mes de febreiro. Nestas reunións explicouse todo o contido da Guía Docente (metodoloxía, procedemento, tempo, responsabilidades do alumno/a e do tutor/a,...) e indicárónse as fontes dispoñibles de información e as actividades de formación que se ían desenvolver.
- 2. En Santiago, o Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais mantivo diferentes guías formativas relativas ás competencias informacionais. Estes documentos están dispoñibles na aula virtual e na web dos TFG da Facultade. O alumnado foi invitado a asistiron participar nos cursos de formación en Competencias Informacionais organizado polo biblioteca da facultade. En concreto o nivel avanzado está dirixido á elaboración do Traballo de Fin de Grao.
- 3. En Lugo, o alumnado foi invitado a participar nun curso de competencias informacionais organizado para todo o alumnado do campus pola Biblioteca Intercentros.
- 4. Sobre todo en Santiago, segue a ser unha materia cunha xestión complicada nun centro con tanto alumnado. As reformas na normativa pensamos axudaron a mellorar o proceso. No relativo a esta materia, a meirande parte do alumnado presenta os traballos en formato póster, (a valoración máxima que pode outorgar o tutor é de 7,5 puntos). Ademais, En Santiago

mantívose a Aula Virtual do TFG dirixida pola coordinadora do 4º curso do grao, na que se daba conta de aspectos relacionados co TFG. Asemade, tamén se utilizou como instrumento para solucionar posibles dúbidas que tivera o alumnado matriculado nesta materia.

- En Lugo, tamén habilitouse unha Aula Virtual do TFG, dirixida polo coordinador do 4º curso do grao, no que se informou ós alumnos das actividades formativas relacionadas co TFG, e que serviu como canle de comunicación relativa ós diferentes prazos de elaboración, entrega e defensa do TFG. Asemade, tamén se utilizou como instrumento para solucionar as posibles dúbidas que tivera o alumnado matriculado nesta materia. Como resultado dunha acción de mellora proposta no informe anterior a Facultade de Ade realizou un curso para alumnos matriculados no TFG sobre normas de citación. O curso tivo unha boa acollida participando 10 alumnos de 4 curso. Polo que se decidiu continuar con esta formación nos seguintes cursos.
- 4.- Difusión de TFGs excelentes polo Servizo de Biblioteca a través do repositorio institucional MINERVA.

En canto á materia TFG, cómpre salientar que a taxa de éxito en Santiago mantense en niveis altos nos últimos cursos académico (16/17: 94,40%, 17/18: 100%, 18/19: 98,68%, 19/20: 98,40% e 20/21: 98,62), mentres que en Lugo se incrementou notablemente situándose nos últimos anos no 100% (15/16, 16/17, 17/18, 18/19 19/20 e 2020-21: 100,00%). Ambas as dúas cifras demostran que a materia non presenta problemas especiais unha vez que o alumnado reúne os requisitos para presentarse, xa que praticamente a totalidade do alumnado supera esta materia.

Indicador		2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020-21
Taxa de éxito TFG (créditos superados/ presentados)	Santiago	94,40	100	98,68	98,40	98,62
	Lugo	100	100	100	100	100
Taxa de avaliación TFG (créditos presentados/matriculados)	Santiago	50,00	53,49	61,04	60,68	60,92
	Lugo	48,62	58,16	38,20	54,76	37,50
Taxa de rendemento TFG (créditos superados/matriculados)	Santiago	49,70	53,49	60,24	59,61	60,08
	Lugo	48,62	58,16	38,20	54,76	37,50

A taxa de rendemento (créditos superados/matriculados) da materia TFG segue a ser baixa nos dous campus, (Santiago 15/16: 41,88%, 16/17: 49,70%, 17/18: 53,49%, 60,24% no 18/19, 59,61 no 19/20 e 60,28% no 2020-21 e en Lugo 15/16: 51,75%, 16/17: 48,62%, 17/18: 58,16%, 38,20% 18/19, 54,76% no 19/20 e 37,50% no 2020-21).

O mesmo acontece coa taxa de avaliación (créditos presentados/matriculados) que diminúe lixeiramente nos dous campus (43,18% 2015-16; 50,00% 2016-17, 53,49% 2017-18, 61,04% no 2018-19, 60,68% no 19/20 e 60,92% no 2020-21) no último curso en Santiago e en Lugo (51,75% no 2015-2016, 48,62% no 2016-17, 58,16% no 2017-18, 38,20% no 18/19, 54,76% no 19/20 e 37,50% no 2020-21)). De novo, se esta materia non pode ser avaliada sen superar o resto, tampouco pode ser aprobada. Consideramos que as modificacións recollidas no regulamento dos TFG en Santiago de Compostela foi positiva, tanto para o alumnado como para os titulares.

Aclarar que para poder presentar o TFG, é preciso ter superados todos os demais créditos da titulación. Ademais, no suposto de que o alumnado non reúna os requisitos para presentar o TFG por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática, polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria, o que pode incentivar a matricularse nela aínda que finalmente non chegue a examinarse.

A maioría do alumnado non presentou o TFG porque non aprobaron todas as materias do grao e renunciaron a mesma. No curso 2020/21 do total de alumnos matriculados en Santiago (238), 51 renunciaron e 42 non se presentaron (39,08% en conxunto). En Lugo, dos 30 alumnos matriculados, 0 renunciaron e 0 non se presentaron.

## Resultados da aprendizaxe

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar nas páxinas webs dos centros (Santiago e Lugo).

Na Memoria de Verificación do Título non se incluíron explicitamente os resultados de aprendizaxe para o título e materia posto que, de acordo co establecido na lexislación, só se establecía en termos de competencias. As competencias e os obxectivos que os estudiantes adquieren durante os seus estudos e que son esixibles para outorgar o título de graduado en ADE, segundo a memoria do título e as modificacións do mesmo, axústanse ó establecido nos RD 1393/2007 e RD 861/2010 (que modifica o anterior) e o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES. Tal e como se establece no artigo 9 do RD 1393/2007, de 29 de outubro, as ensinanzas de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudiante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

En base a este principio xeral, o obxectivo fundamental do título de grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela é a formación, a un nivel xeral, de profesionais que sexan capaces de desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións produtivas, pois estes labores pódense desenvolver no ámbito global da organización ou en calquera das súas áreas funcionais: producción, recursos humanos, financiamento, comercialización, investimento, administración ou contabilidade. Para alcanzar estes obxectivos, os graduados e graduadas deben adquirir unha serie de competencias xerais, específicas e transversais. A avaliación das competencias recollidas na MVT complétase coa realización e avaliación do traballo de fin de grao presentado por cada alumno.

En relación ao TFG, toda a normativa e documentación relacionada con esta materia (regulamento, guía docente, material de apoio...) pódese consultar polo alumnado no apartado corresponde ao Traballo de Fin de Grao nas webs dos centros ([Santiago](#) e [Lugo](#)).

As disciplinas que componen o Plan de estudos do Grao en ADE están orientadas a garantir que o alumnado adquire as habilidades e coñecementos, teóricos e prácticos, relativos a todas as formulacións de demanda mencionadas no perfil idóneo. Consideramos que o deseño do Plan cumple tales características. Asemade, hai unha serie de competencias que se poden complementar con outras actividades ofertadas nos dous centros, tales como as prácticas externas, os programas de mobilidade, o plan de acción titorial e as actividades extraacadémicas.

Como xa analizamos no punto relativo ao TFG e as prácticas , os resultados no 2020-2021 foron moi satisfactorios:

Outro indicativo da consecución das competencias previstas no título é a taxa de éxito (IN35-S01-PM-01) que se sitúa en ambos campus por debaixo da prevista na MVT (80%) despois de terse

incrementado moito no curso precedente. Esta taxa mide a relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudiantes e o número total de créditos aos que se presentaron. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

En ambos campus a taxa de éxito diminuíu no último curso. En Santiago, sitúase no 74,17% (81,63% no 19/20). En Lugo a taxa diminuíu moito no último curso, situándose no curso no 18/19 no 72,19% e no 2019/20 no 84,43 fronte o 69,66 do 2020-21. . A media da USC no curso 20-21 foi do 87,92%.

		2016/17	2017/18	2018-19	2019-20	2020-21
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	Santiago	74,87	73,71	72,56	81,63	74,17
	Lugo	76,06	75,95	72,19	84,43	69,66
	Conxunta	75,16	74,24	72,49	82,17	73,37

Tendo en conta a diferente situación existente nos dous centros farase unha análise por separado en función dos indicadores incluídos neste criterio.

En Santiago, no total dos cursos do grado en ADE o número de alumnos matriculados permanece estable (IN02G-PC-05), no 2018-19 (989), no 2019-20 (928) e no 2020-21 (950) . Sinalar que a pesar da limitación das prazas ofertadas (IN01G-PC-05) a 200 alumnos nos últimos anos, os alumnos matriculados de novo ingreso por preinscripción (IN04G-PC-05) no último ano foron de 207, os mesmos que no ano anterior, cubrindo todas as prazas na convocatoria de xullo dada a gran demanda do mesmo.

Se seguimos a mesma liña de análise para o título de ADE en Lugo, o número de prazas ofertadas é de 80. Neste curso académico produciuse un ligeiro descenso na matrícula conxunta de todo o grado en relación ao curso anterior (246 fronte a 261), pero a matrícula de novo ingreso subiu, de 57 a 65 polo que é previsible que a matrícula conxunta se incremente nos próximos cursos.

A facultade segue a facer esforzos para manter esa demanda a través de diferentes accións (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundarios, visitas dos centros de ensino secundario á facultade, incorporación ao programa “Para estudar, Lugo”, participación no campus de verán Xuven-Ciencia da USC, etc.).

#### Indicadores satisfacción relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Os índices de satisfacción dos estudiantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe son adecuados. Neste punto faremos unha breve referencia a aquellas que consideramos más relevantes.

Código	Nome	Campus	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Santiago	3,70	3,74	3,83	3,78	3,80
		Lugo	3,44	3,50	3,87	3,73	3,88
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do PDI coa docencia impartida	Santiago	3,66	3,77	4,16	3,97	3,95
		Lugo	3,88	3,90	4,24	4,24	4,25
IN48G	Taxa de resposta satisfacción alumnado docencia recibida	Santiago	27,39	26,79	27,22	34,24	25,52
		Lugo	66,38	52,10	57,74	39,73	40,00
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	Santiago	3,20	3,31	3,13	3,21	3,39
		Lugo	3,44	3,71	3,40	-	3,39

Os niveis de satisfacción coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-01) presentan valores similares aos cursos anteriores tanto en Santiago (3,80 no 15/16, 3,70 no 16-17, 3,74 no 17-18, 3,83 no 18-19, 3,78 no 19-20, 3,80 no 2020-21), como en Lugo (3,59 no 15/16, 3,44 no 16-17, 3,50 no 17-18, 3,87 no 18-19) e 3,73 no 2019/20 e 3,88 no 2020-21. Empeorou a taxa de resposta da satisfacción do alumnado coa docencia recibida en Santiago que pasa a ser do 25,52%. En Lugo esta taxa manteñese no 40%.

Con relación a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, compre destacar que ó profesorado está satisfeito, en xeral, coa docencia impartida, tanto en Santiago (3,95) como en Lugo (4,25). En canto ao grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G-S01-PM-01) en ambos campus son correctos. En Santiago presenta valores similares nos últimos anos, pasando do 3,35 no 15-16, 3,20 no 16-17, 3,31 no 17-18, 3,13 no 18-19, 3,21 no 19-20 e 3,39 no 20-21. En Lugo pasouse do 3,25 no 15-16, a 3,44 no 16-17, 3,71 no 2017-18 , 3,40 no 2018-19 e 3,39 no 20-21. En xeral os valores son adecuados e creceron en ambos campus.

A información sobre a satisfacción dos egresados (INF9) é analizada en detalle no epígrafe seguinte pero, en xeral, é positiva, inda que perciben a formación práctica cun grao de satisfacción comparativamente más baixo que coa formación teórica. Neste senso, no último informe da ACSUG “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014” (Enquisa realizada en xullo-agosto de 2017) os enquisados sinalan maioritariamente que volverían a cursar a súa titulación na mesma Universidade, tanto no grao en ADE de Santiago (89,74%) como en Lugo (92,31%), situándose lixeiramente por encima da media de todos os grados en ADE do SUG (88,69%).

A pesar do esforzo que supuxo para os centros de Santiago e Lugo a implantación do grao, a taxa de rendemento do Grao en ADE experimentou unha tendencia crecente durante o seu ciclo de implantación, agás nos cursos académicos 14/15 e 15/16 que acadou unhas taxa de rendemento

conxunta de 62,12% e 63,53% para volver a incrementarse no 16/17 (63,68%), 17/18 (64,07%) e 18/19 (62,26%). No curso 19/20 medrou de forma moi importante ata o 75,78%. Este curso a taxa sufriu un descenso significativo ata o 63,81% e está por debaixo da prevista na MVT (70%) e da media da USC (80,97%).

En canto a taxa de éxito a evolución é similar, lixeiro retroceso no 14/15 e 15/16 (73,19% e 73,32%) para volver a incrementarse no 16/17 (75,16%) con descensos no 17/18 (74,24%) e no 18/19 (72,49%) e crecemento no 2019-20 (82,17%). O curso 20-21 descendeu ata o 63,81%, por debaixo da prevista na MVT (80%) e da media da USC (87,92%).

Ademais, a medida que avanza o grado hai que sinalar que a taxa de avaliación do título foise incrementando, pero no último ano houbo un lixeiro descenso, pasando do 92,22% no 19/20 o 86,96% neste curso (92,09 media USC). A taxa de avaliación acada , en todo caso, cifras moi similares nos cursos analizados, non existindo apenas diferencias entre os dous campus.

A taxa de abandono durante o primeiro curso no 20/21 foi do 24,37, empeorando lixeiramente respecto ao ano anterior (19/20: 21,40%). En Santiago este último curso sitúase en valores por riba aos cursos anteriores, pasando do 13,56% ao 23,03%. En Lugo o situación é a inversa e sitúase no 31,25%, mellorando de forma importante respecto ao curso anterior (42,42%). En Lugo supera en todo caso o límite establecido na MVT (25%).

En canto e a taxa de abandono segundo o RD 1393 situase no curso 2020-21 no 35,29% (21,63% media USC) fronte o 35,59% no 19/20 (33,13% en Santiago e 41,38% en Lugo). En Santiago está en taxas similares respecto o curso anterior (31,25% no 19-20) e en Lugo mellorou (42,42% no 19-20).

Como consecuencia a taxa de graduación experimenta crecemento en relación ao curso pasado, situándose no 41,63% fronte o 34,68% no curso pasado (62,06% media USC), estando por enriba da prevista na MVT (35%). Destacar que esta taxa que era moi dispar entre ambos campus, este ano está moi equilibrada (41,72% en Santiago e 41,38% en Lugo).

A taxa de graduación (IN37G) está relacionada coa duración media dos estudos, que no último curso se sitúa en 5,36 anos (5,22 en Lugo e 5,38 en Santiago), lixeiramente por debaixo do curso anterior (5,07 media da USC).

A taxa de éxito dos egresados (IN50G) que é unha relación porcentual entre o nº total de créditos que superou o estudiante ao longo da titulación e o nº total de créditos aos que se presentou, é bastante elevada (85,48% no curso 2015-16; 82,00% no 2016-17: 80,40% no curso 17/18, 79,29% no 18/19, 75,94% no 19/20 e 81,87% no 2020-21) e inda que nos últimos anos diminuí lixeiramente se recuperou significativamente no presente curso.

A taxa de idoneidade na graduación (IN 51G) que mide a porcentaxe de estudiantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso, empeorou lixeiramente en Santiago (23,75 no 19/20 e 18,40 en 2020-21), e mellorou de forma significativa en Lugo, 14,52% no curso 19/20 e 24,14 no 2020-21).

A taxa de eficiencia dos egresados (IN53G) que é unha relación porcentual entre o nº total de créditos que superou un estudiante ao longo da titulación e o nº total de créditos nos que se matriculou, é bastante elevada (78,05% no curso 2020-21) mellorando nos dous campus (77,22%

en Santiago e 82,40 en Lugo), lixeiramente por debaixo da taxa prevista na MVT en Santiago e porriba en Lugo (80%).

INDICADOR		CURSO ACADÉMICO				
		2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020-21
IN34-S01-PM-01 Taxa de rendemento	Santiago	63,23	63,82	62,55	75,79	65,14
	Lugo	65,13	64,87	61,17	75,75	57,95
	Conxunta	63,68	64,07	62,26	75,78	63,81
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	Santiago	74,87	73,71	72,56	81,63	64,17
	Lugo	76,06	75,95	72,19	84,43	74,17
	Conxunta	75,16	74,24	72,49	82,17	63,81
IN36-S01-PM-01 Taxa de avaliación	Santiago	84,45	86,58	86,21	92,84	87,83
	Lugo	85,63	85,41	84,73	89,72	83,18
	Conxunta	84,73	86,30	85,90	92,22	86,96
IN37-S01-PM-01 Taxa de graduación	Santiago	29,26	39,34	43,68	39,38	41,72
	Lugo	28,00	36,84	42,86	22,58	41,38
	Conxunta	28,90	38,75	43,51	34,68	41,63
IN38-S01-PM-01 Duración media dos estudos	Santiago	5,53	5,28	5,48	5,73	5,38
	Lugo	5,41	5,28	5,25	5,51	5,22
	Conxunta	5,50	5,28	5,44	5,67	5,36
IN40-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso	Santiago	17,37	17,50	20,25	13,56	23,03
	Lugo	20,41	38,71	31,03	42,42	31,25
	Conxunta	17,99	23,42	23,08	21,40	24,37
IN41-S01-PM-01 Taxa de abandono RD 1393	Santiago	30,85	32,79	26,32	31,25	33,13
	Lugo	45,33	35,09	24,49	46,77	41,38
	Conxunta	34,98	33,33	25,94	35,59	35,29
IN50G-S01-PM-01 Taxa de éxito dos egresados	Santiago					
	Lugo					
	Conxunta	82,00	80,40	79,29	75,94	81,87
IN51G-S01-PM-01 Taxa de idoneidade na graduación	Santiago	12,77	18,03	24,21	23,75	18,40
	Lugo	10,67	15,79	26,53	14,52	24,14
	Conxunta	12,17	17,50	24,69	21,17	19,91
IN53G-S01-PM-01 Taxa de eficiencia	Santiago	78,52	81,04	78,76	76,07	77,22
	Lugo	77,14	78,06	81,49	75,55	82,40
	Conxunta	78,18	80,34	79,21	75,93	78,05

Resultados previstos na Memoria do título: Taxa de graduación: 35%, Taxa de abandono: 25%, Taxa de eficiencia: 80% e Taxa de rendemento: 70%.

En relación as taxas medias de rendemento, éxito e avaliación, con respecto o curso 2020-21 fronte o 2019-20 pódese observar que son bastante inferiores. Esta tendencia, que inverte a tendencia de crecemento anterior, non pode ser analizada propiamente cos datos dos que dispomos, pero un factor que con seguridade afectou a estas taxas foron as consecuencias da crise sanitaria. No que se refire as diferencias entre cursos, en xeral, a medida que o alumnado

avanza de curso académico as taxas analizadas increménтанse progresivamente, ata chegar ao 4º curso no que se obteñen as taxas de rendemento, éxito e avaliación más elevadas do grao. Isto é debido a que o alumnado cando chega a Universidade teñen que pasar por un período de adaptación aos novos sistemas de docencia que se imparten nas ensinanzas universitaria, o cal vese reflectido en que estas taxas teñen o valor máis baixo no primeiro curso. Por outra parte, a importante taxa de abandono fai que estas taxas sexan especialmente baixas no primeiro curso. Ademais, o alumnado que está en último curso probablemente teñen unha maior motivación e amosan un maior interese en aprobar as materias porque xa ven preto o obxectivo da graduación.

Así mesmo analizáronse as taxas de rendemento, éxito por curso, por materia e por campus de forma resumida para o curso 2020/21.

Segue a haber un número significativo de materias nas que hai diferenzas intercampus, pero as diferencias en termos xerais son moito menores que no curso pasado, en especial en terceiro curso onde as diferencias reducíronse. En termos xerais as diferencias intercampus existentes probablemente estean relacionadas con diferencias previas na nota media de acceso os estudios e en cuestións difficilmente corrixibles como o número de alumnos por grupo (sobre todo interactivo) que necesariamente afecta ós resultados das metodoloxías docentes.

Seguimos a traballar para reducir as desviacións entre cursos e sedes nas diferentes taxas de rendemento e éxito, para elo puxéronse en marcha accións de mellora en anos anteriores analizándose as diferencias significativas tanto por curso como entre as dúas sedes, dando traslado aos departamentos dos resultados das análises e propoñéndolle analizar as causas das diverxencias e, se se estimaba oportuno, propor accións de mellora que poidan reducillas.

#### Indicadores de Inserción laboral

No último informe da ACSUG “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014” (Enquisa realizada en xullo-agosto de 2017) sinalamos en primeiro lugar as principais conclusións globais que se poden extraer deste estudio:

- O 73,92% dos egresados buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os seus estudos e atopouno o 72,29% dos que o buscaron.
- Preto do 80% dos egresados do SUG traballaba no momento de realización da enquisa.
- Os egresados están satisfeitos cos estudos universitarios cursados (92,43%) e o 80,76% volvería a cursar a mesma titulación.
- O 79,38% dos titulados que traballan están desenvolvendo función de nivel universitario no seu traballo. Ademais, o 84,45% desenvolve función específicas da súa titulación.
- A maioría dos titulados traballan en Galicia (80,11%).
- O 90,31% dos titulados que traballan facíanlo por conta allea.

Neste informe faise un estudo dos egresados en Ciencias Sociais e Xurídicas I (CCSSXX\_I\_) (rama no que se recollen os diferentes graos e licenciaturas en ADE e economía en Galicia) e mais concretamente dos diferentes graos en ADE que se imparten no SUG. Destacamos na seguinte táboa os resultados que consideramos mais relevantes, comparando os seis grados en ADE, a rama de Ciencias Sociais e Xurídicas I e de todo o SUG:

En xeral, los graduados en ADE traballan nunha porcentaxe superior tanto o resto de graos da súa rama de coñecemento como do SUG en xeral. O Grado en ADE en Santiago acada a porcentaxe

maior de todos los grados en ADE galegos, sen embargo en Lugo a porcentaxe é a mais baixa.

En canto a si buscou e atopou emprego relacionado coa súa titulación de novo os graduado en ADE obteñen mellores valores que a media do resto de titulacións de CCSSXX\_I\_ e do SUG en xeral. O grao en ADE en Santiago volve a acadar porcentaxes moi elevadas (92,11%) e en Lugo algo mais reducidas (87,50%), neste último caso lixeiramente por debaixo da media dos graos en ADE do SUG (88,46%).

En canto o tempo que tardou en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación nos graduados en ADE-SUG é bastante mais reducido que a media do resto de titulacións de CCSSXX\_I\_ e do SUG en xeral. Neste aspecto os graduados en ADE en Santiago tardan 8,69 meses, mentres que en Lugo tan só 7,63 (media ADE-SUG, 7,73).

En canto a porcentaxe que cursa estudos universitarios actualmente, tamén é superior para os graduados en ADE-SUG fronte o resto de titulacións de CCSSXX\_I\_. Os grados en ADE en Santiago (15,91%) e Lugo (14,29%) sitúanse preto da media do SUG-ADE (16,24%).

En canto o tipo de contrato na súa maioría é indefinido (50,67%), algo por debaixo do resto das titulacións de CCSSXX\_I\_(56,01%) pero moi por enriba da media SUG (41,38%). O grao en ADE en Santiago presenta valores por encima da media (56,76%), sendo o primeiro de todos os graos galegos, mentres que Lugo presenta os valores mais baixos (41,67%).

En canto o salario neto mensual, a media do SUG-ADE (1.196,69€) e lixeiramente inferior ao resto das titulacións de CCSSXX\_I\_ (1.224,69€) e da media do SUG (1.231,02€). En Santiago (1.180,00€) e Lugo (1.126,92€) os graduados en ADE teñen un salario medio lixeiramente inferior a media do SUG-ADE (1.196,69€).

En canto a si as funcións que desenrola no seu traballo son específicas da titulación, o grao en ADE en Santiago acada a mellor puntuación de tódolos graos galegos en ADE (96,88%), Lugo (80,00%) sitúase por debaixo da media do SUG-ADE (85,58%). Estas porcentaxes son superiores as da rama de coñecemento (82,19%) e do SUG no seu conxunto (84,45%).

En canto a se volvería a cursar a mesma titulación de novo os graduados en ADE-SUG outorgan puntuacións mellores que a súa rama de coñecemento (78,90%) ou o conxunto do SUG (80,76%). Os graduados en ADE en Santiago valoran moi positivamente este ítem (92,86%), en Lugo (72,22%) sen embargo están por debaixo da media ADE-SUG (86,25%).

En canto a se volvería a cursar a súa titulación na mesma Universidade as puntuacións son moi similares tanto nos graos SUG-ADE, na rama de coñecemento ou a totalidade do SUG. O grao en ADE tanto en Santiago (89,74%) como en Lugo (92,31%) se sitúan lixeiramente por media da media do SUG-ADE (88,69%).

En canto as principais vías para acceder o primeiro emprego, en Santiago destacan os contactos, familiares ou amizades (25,71%) e Internet por igual (25,71%), seguindo a media do SUG-ADE. En Lugo destaca o uso de Internet (42,86%) e os contactos, familiares ou amizades (14,29%).

Destacar que os graduados en ADE (Lugo) de forma maioritaria (61,54%) traballan na propia provincia, moi por enriba dos graduados en Santiago (5,00%) (media SUG-ADE (10,73%). Tamén os graduados en ADE-Lugo son os que presentan a maior porcentaxe dos que preparan oposición

(33,33%), tamén moi por enriba dos graduados en Santiago (9,09%) (media SUG-ADE (15,15%).

Estes datos reflicten que os graduados en ADE, e en particular na USC, presentan en xeral mellores datos de inserción laboral (traballan, emprego na súa titulación, contrato indefinido, ...) que o resto dos egresados en Ciencias Sociais e Xurídicas I e do SUG no seu conxunto. Destacar que unha ampla maioría volvería a cursar a mesma titulación, medida indirecta da satisfacción coa mesma.

Podemos completar a análise anterior cos últimos datos dispoñibles (cohorte de egresados: 2013-2014) no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) relativos a inserción laboral dos graduados en ADE pola USC.

Considerando que nos atopamos nunha etapa con limitacións serias na demanda do mercado de traballo, cómpre valorar positivamente os datos das taxas de afiliación á Seguridade Social (79,5%) e a porcentaxe de indefinidos (58,2%) (23 de marzo de 2018) dos graduados en ADE na USC, que seguen sendo elevadas catro anos despois de egresar. Sen embargo, tan só o 28,2% dos afiliados aos catro anos de titularse está no grupo de cotización acorde co seu nivel formativo: titulados, problema que consideramos está mais relacionado co propio mercado de traballo que coa formación recibida. Non dispoñemos de mais datos para efectuar comparacións nin analizar a súa evolución.

Consideramos que a potente demanda dos estudos universitarios de Administración e Dirección de Empresas, xustificada adecuadamente na memoria, sigue vixente. O título do Grao en ADE ofrece ao alumnado unha sólida formación a partir dun bloque central de coñecementos básicos que se imparten nos primeiros cursos e remata no último curso cun considerable abano de materias de carácter optativo co obxectivo de posibilitar unha certa especialización en consonancia coas formulacións da demanda antes mencionadas. A Memoria para a solicitude de verificación do título recolle detalladamente a xustificación do Grao en ADE. Tras once anos desde a súa implantación (2009/2010), pódese dicir que o grao en ADE segue a ter demanda e inserción laboral suficiente para xustificar a súa continuidade.

### Indicadores de satisfacción

Con base nos datos dispoñibles, proporcionados pola ÁREA de calidade e mellora dos procedementos da USC, fíxose unha análise pormenorizada das enquisas de satisfacción tanto dos alumnos ou egresados, como do PDI, PAS e titulares nos programas de prácticas externas.

**MEMORIA DE CALIDADE**

Páxina 81 de 162

Código	Nome	Campus	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN15G-PC-08	Satisfacción dos estudiantes saíntes cos programas de mobilidade	Santiago	3,73	3,57	3,88	-	4,51
		Lugo	4,00	3,94	4,14	-	4,51
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade	Santiago	4,00	3,80	1,71	-	
		Lugo	4,50	4,75	4,06	-	
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas	Santiago	4,11	4,39	4,38	-	4,25
		Lugo	4,35	4,17	3,06	-	4,67
IN20G-PC-09	Satisfacción dos tutores externos cos programas de prácticas externas	Santiago	4,00	4,17	4,15	-	
		Lugo	4,21	3,99	4,14	-	4,70
IN21G-PC-09	Satisfacción dos tutores académicos cos programas de prácticas externas	Santiago	-	4,20	4,88	-	
		Lugo	4,73	-	4,88-	-	4,00
IN23G-PC-09	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	Santiago	3,16	3,21	3,06	3,33	
		Lugo	3,35	3,63	3,70	-	
IN28G-PS-01	Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (USC)	Santiago	4,30	4,39	4,29	4,46	
		Lugo	4,30	4,39	4,29	4,46	
IN29-PS-01	Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas (USC)	Santiago	3,91	3,99	7,84(1-10)	7,64	
		Lugo	3,91	3,99	7,84(1-10)	7,64	
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	Santiago	3,20	3,31	3,13	3,21	3,39
		Lugo	3,44	3,71	3,40	-	3,39
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Santiago	3,70	3,74	3,83	3,78	3,80
		Lugo	3,44	3,50	3,87	3,73	3,88
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do PDI coa docencia impartida	Santiago	3,66	3,77	4,16	3,97	3,95
		Lugo	3,88	3,90	4,24	4,24	4,25
IN48G	Taxa de resposta satisfacción alumnado docencia recibida	Santiago	27,39	26,79	27,22	34,24	25,52
		Lugo	66,38	52,10	57,74	39,73	40,00
IN49-PM-02	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	Santiago	3,33	4,25	3,72	3,75	
		Lugo	4,40	4,40	4,52	4,60	

Neste contexto xeral, debemos sinalar que non temos datos para o último curso académico dos indicadores relacionados coa satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas, nin dos

tutores de prácticas En Santiago, os últimos datos dispoñibles do curso pasado, pódense considerar satisfactorios, o igual que son os de Lugo para este curso do que si temos información. En canto as actividades formativas desenvolvidas por PAS e PDI acadan puntuacións altas. A satisfacción dos estudiantes cos programas de mobilidade é satisfactoria.

Tamén se expresa satisfacción coa docencia, recibida e impartida, sendo moi semellantes as valoracións medias do alumnado e do profesorado, que en xeral crece levemente no último ano. En canto a satisfacción do alumnado coa docencia recibida presenta valores lixeiramente superiores aos obtidos en cursos anteriores, tanto en Santiago (3,78) como en Lugo (3,88). Destacar a mellora no último curso da taxa de resposta da satisfacción do alumnado coa docencia recibida en Lugo que pasa a ser do 40%. En Santiago esta taxa sen embargo diminúe de forma importante ata o 25,52%.

Con relación a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, compre destacar que ó profesorado está satisfeito, en xeral, coa docencia impartida, tanto en Santiago (3,95) como en Lugo (4,25).

Fai dos cursos destacamos a boa valoración que o alumnado, os tutores externos e os tutores académicos atribúen ás prácticas externas tanto en Santiago como en Lugo. Tamén o alumnado mostraba unha elevada satisfacción cos programas de mobilidade, tanto o saínte como o entrante, agás os estudiantes entrantes no campus de Santiago. O curso pasado non tiñamos datos de ningún dos dous campus e neste só de Lugo, onde o grado de satisfacción segue a ser elevado.

Non temos información da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, nin da satisfacción do PDI e PAS coas actividades formativas nin do PAS co traballo desenvolvido.

#### *Queixas, suxestións ou reclamacións*

Finalmente comentamos as queixas, recursos administrativos e reclamacións rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) para o grao en ADE.

No curso 2020-21 no grao en ADE presentáronse únicamente 8 queixas en Santiago, das que únicamente 1 foi estimada.

En canto aos recursos de reposición, en Santiago figuran 6 e en Lugo 3, relativos a anulación de matrícula, recoñecemento e simultaneidade de estudos. Dos mesmos, 3 foron estimados en Lugo e 2 en Santiago.

Houbo 1 recurso de alzada en Santiago que foi estimado.

Nun grao cunha matrícula de 1.169 alumnos matriculados consideramos estes datos como unha medida da satisfacción dos estudiantes co grao, xa que as súas queixas, reclamacións e recursos foron moi reducidas.

## - Grao en Economía

### Admisión do alumnado

En relación cos **criterios de admisión**, para o Grao en Economía da USC non se determinaron outros distintos dos derivados da limitación de prazas de novo ingreso e dos establecidos pola lexislación vixente para os estudos de Grao. Pode resultar de interese lembrar que na fase específica da ABAU deuse a ponderación máxima (0,2) ás materias Economía, Economía da Empresa, Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais que coincidimos en considerar que son aquelas nas que os nosos estudiantes necesitan maior formación.

En canto ás **acciones de captación**, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais estivo desenvolvéndoas no marco do programa de captación institucional que ten a USC, aínda que, como xa sinalamos, a demanda da titulación é alta.

As acciones de captación para o grao en Economía (ao igual que para o grao en ADE) xa foron comentadas na Directriz 1.

### Plan de acción titorial

Aplícase o xa comentado para o caso do Grao en Administración e Dirección de Empresas

### Mobilidade

Indicador	Nome	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN08G	Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados	2,09	2,09	1,95	2,93	3,16
IN09G	Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	1,61	1,45	1,46	1,14	0,83
IN18G	Porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3,70	4,35	2,44	4,40	1,00
IN10G	Relación de estudiantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	71,33	68,67	74,67	73,33	66,00

En canto á **procedencia**, o alumnado matriculado procede maioritariamente de Galicia. Só o 3,16% dos matriculados no 2020-21 son estranxeiros (IN08G), aínda así a porcentaxe más elevada de toda a serie, e só o 0,83% son nacionais de fora de Galicia (IN09G), neste caso a porcentaxe más

baixa de toda a serie.

O alumnado recibido por programas de **mobilidade** (IN18G) supuxo o 1% sobre o total de matriculados, cifra moi baixa que pode estar determinada pola emergencia sanitaria.

### Prácticas externas

Indicador	Nome	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN22G	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	26,03	38,36	31,40	36,00	28,28
IN19G	Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas	3,87	4,43	4,24	-	4,00
IN20G	Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	3,17	4,58	4,67	-	4,00
IN21G	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	-	4,80	4,94	-	-

A porcentaxe de estudantes egresados que realizou prácticas en empresas ou institucións ao longo dos seus estudos baixou no curso 2020-21, situándose no 28,28%, aínda que hai un incremento no número total de alumnos. No 19/20 foron 40 os/as estudantes que fixeron prácticas; no 20/21 foron 63, 36 curriculares e 27 extra curriculares (tanto organizadas pola Facultade como polo Consello Social da USC).

Os axentes implicados nas prácticas externas que responderon á enquisa no 2020-21 (titores externos e estudantes) amosaron unha satisfacción moi alta coa experiencia. A satisfacción dos titores profesionais (IN20G) foi un 4 sobre 5. Pero para o curso 2020-21 non dispoñemos do dato da satisfacción media dos titores académicos (IN21G) nin, polo tanto, do informe sobre a enquisa de satisfacción dos mesmos (INF.08). Pola contra, dispoñemos da satisfacción media do alumnado que realizou prácticas curriculares ou extra curriculares organizadas pola Facultade, xa que a este alumnado pedíaselle que cubrira unha enquisa na aula virtual da materia cando entregaba a memoria de prácticas. A satisfacción media do alumnado que contestou a enquisa foi moi positiva, cun valor medio do 4.58 sobre 5.

(Non comentamos o indicador [IN19G] nin o informe de satisfacción do alumnado [INF.06] porque aportamos o dato da enquisa propia).

Os resultados máis específicos das enquisas de satisfacción dos titores profesionais (INF.07) comentámolos no criterio 6 no punto “Valoración das competencias dos alumnos polos **titores profesionais** das prácticas externas”.

Tendo en conta o exposto, consideramos que o programa de prácticas amosa unha evolución positiva e satisfactoria no Grao en Economía para o alumando das prácticas e os titores profesionais.

### Traballo de fin de grao

A materia TFG desenvolveuse conforme ao planificado e con todas as melloras que se foron incorporando nos cursos anteriores, destacando os seguintes aspectos:

- *Información.* Actualización da guía docente ampliada; actualización das diapositivas coas preguntas mais frecuentes; sesión de presentación da materia ao alumnado de 4º curso; deseño e mantemento da Web de TFG e da aula de coordinación no Campus Virtual.
- *Curso de competencias en Información.* O Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais desenvolveu a través da aula virtual un curso avanzado de competencias en Información orientado ao TFG.
- *Difusión de TFGs excelentes* polo Servizo de Biblioteca a través do repositorio institucional MINERVA.
- *Documentos de apoio ás presentacións póster.* Documento no que se explica o procedemento e documento cunha plantilla de póster académico adaptada ás recomendacións da Comisión do TFG da Facultade.
- Desenvolvemento das presentacións a distancia do TFG, nos casos que o requieren.
- *Documentos de apoio para a solicitude telemática da defensa do TFG.* Elaborado polo Xestor Académico do centro.

No curso 20-21, as presentacións do TFG **tornaron a ser presenciais**, tras o paréntese do curso anterior provocado polo confinamento. Tamén á avaliación volveu ao procedemento habitual, no que a opción de ser avaliado por titor/a ten unha limitación na cualificación do 7,5.

Podemos subliñar que a **taxa de éxito** (superados/presentados) foi do 99% no 2020-21 e que, sobre o total de matriculados, o 41,61 % acadou notable, o 3,36% sobresaliente e o 4,70% matrícula de honra. Este curso **obsérvase unha diminución da cifra de sobresalientes e un incremento da cifra de notables**, retornando a datos similares aos do 2018-19. Como xa comentamos no informe anterior, o incremento do 2019-20 debeuse a que, a raíz do estado de alarma, se modificaron temporalmente na Facultade os procedementos de defensa: realizáronse todas as defensas ante titor/a e este podía outorgar ata o cen por cen da cualificación (no procedemento normal o que elixe avaliación por titor/a sabe que non poderá obter máis dun 7,5, e son moitos os que se decantan por esta opción, o que tende a limitar a cualificación nesa nota).

Debe sinalarse que a **taxa de rendemento** (superados/matriculados) é do 66,44%, cifra explicable xa que se esixe ter todas as restantes materias aprobadas para poder defender o traballo e, cando se matriculan a comezos do curso, non saben se cumpliran co requisito. De feito, a renuncia foi dun 16,78%.

Como xa se comentou na Directriz 1, o vicedecanato de calidade realizou unha enquisa sobre o TFG ao alumnado que o lera en xuño e setembro do 2021. As valoracións obtidas sobre a información recibida, os procedemento de asignación, a orientación prestada polos titores/as, a adecuación dos coñecementos obtidos durante a titulación e as competencias que permitiu desenvolver o TFG foron moi elevadas. Á pregunta sobre a satisfacción global coa materia responden un 54% cun 5 (sobre 5) e un 35% cun 4. Esta enquisa foi respondida por 63 alumnos/as.

## Resultados da aprendizaxe

Indicador	Nome	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	Media USC 20-21
IN34G	Taxa de rendemento	62,77	63,73	65,87	75,26	65,66	80,97
IN35G	Taxa de éxito	74,64	74,73	76,84	82,77	73,96	87,92
IN36G	Taxa de avaliación	84,10	85,28	85,72	90,92	88,78	92,09
IN37G	Taxa de graduación	34,78	32,26	42,96	34,56	45,32	62,06
IN38G	Duración media dos estudos	5,09	4,93	5,39	4,99	5,20	5,07
IN40G	Taxa de abandono durante o primeiro curso	20,42	28,68	21,58	34,43	26,32	15,96
IN41G	Taxa de abandono RD 1393	32,92	45,97	29,58	39,71	32,37	21,63
IN53G	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	80,71	84,84	77,55	81,95	80,00	---

Resultados previstos na Memoria do título:

- Taxa de graduación: 35%,
- Taxa de abandono: 25%
- Taxa de eficiencia: 80%

A **taxa de graduación** (IN37G), porcentaxe de estudiantes que remata os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico mais en relación coa súa cohorte de entrada) aumenta ata o 45,32%, a taxa máis elevada de toda a serie e por riba do previsto na Memoria do título.

Ese dato está por baixo do 62,06% da USC. Agora ben, debe terse en conta que a taxa de graduación nas titulacións presenciais no ámbito da Economía nas Universidades públicas españolas para a cohorte de ingreso do 15-16 foi do 41,35% (dato obtido da Educabase do Ministerio de Educación e Formación Profesional).

<http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaDynPx/educabase/index.htm?type=pcaxis&path=/Universitaria/Indicadores/2021/Grado&file=pcaxis&l=s0>

Considerando que o noso dato é mellorable, compre analizar os principais indicadores que poden estar directamente vinculados ca taxa de graduación: o número de anos que tarda o estudiantado en rematar os seus estudos e a taxa de abandono.

Con respecto ao primeiro, ao analizar a serie (IN38G) obsérvase que praticamente non sube dos 5 anos, excepto no 2020-21. Observando a serie, vai alternado datos por baixo e porriba da media da USC e sitúase lixeiramente porriba das cifras da área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Non parece, polo tanto, que sexa esta a razón das diverxencias na taxa de graduación.

IN38G-Duración media dos estudos						
	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	4,57	4,70	4,67	4,73	4,75	-----
Media USC	4,82	4,97	4,98	5,06	5,06	5,07
Grao en Economía USC	4,75	5,09	4,93	5,39	4,99	5,20

Compre, polo tanto, prestar atención ao segundo factor. A **taxa de abandono RD 1393** (IN41G) (Relación porcentual entre os estudiantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) acada o 32,37%, porcentaxe porriba da prevista na Memoria do título, e a **taxa de abandono** no primeiro curso (IN40G) sitúase no 26,32%. Semella entón que é a taxa de abandono, especialmente en primeiro, a que pode explicar a baixa taxa de graduación.

Dado que este ven sendo un problema recorrente, foron moitas as accións de mellora que se puxeron en marcha para tratar de comprender a natureza do problema. Ata o Informe de seguimento do 2017-2018, desenvolvéronse múltiples enquisas para coñecer as causas do abandono pero as conclusións que se obtiñan eran moi limitadas dado o baixo número de respostas. Tamén se solicitaron datos a área de Calidade có mesmo obxecto, pero non estaban dispoñibles. Finalmente, atendendo á acción de mellora AM-9/18-19, incluída no Informe de seguimento do curso 17-18, obtivéronse máis datos, proporcionados ao centro pola área de Calidade e polo representante da Universidade na CIUG, o que permitiu seguir afondando no coñecemento das causas do abandono na titulación, especialmente no primeiro curso. Desde o vicedecanato de Docencia e Titulacións desenvolveuse un informe exhaustivo baseado nos datos. Enumeramos a continuación as principais conclusións do mesmo (pódese consultar o informe completo na evidencia que acompaña a dita acción de mellora):

- A media da taxa de abandono en Economía da USC é parecida á do conxunto español
- Ven provocada fundamentalmente polo abandono en primeiro curso
- A maioría do alumnado que abandona a titulación tivo moi malos resultados no ano de inicio
- Obsérvase unha relación positiva significativa relativamente alta entre a nota de acceso e o número de créditos superados no ano de inicio
- O 35% dos estudiantes que abandonaron o Grao matriculáronse noutro grao da USC pertencente maioritariamente á área de Ciencias Sociais e Xurídicas e tamén de Humanidades. Ditas áreas teñen contidos menos cuantitativos cos de Grao en Economía, sendo este un dos factores (xunto co nivel de dificultade do Grao), sinalado polo alumnado como causa de abandono en enquisas previas.

No marco da mesma acción de mellora, deseñouse unha enquisa para coñecer mellor o perfil do estudiantado de novo ingreso e a súa posible relación coa taxa de abandono. A enquisa pasouse ao alumnado de primeiro no acto de benvida do curso 19-20. No Informe de seguimento do curso 18-19 incluíuse unha nova acción de mellora (**AM-6/19-20**) dirixida a analizar o perfil do alumnado de primeiro, sobre a base dos resultados de dita enquisa, e a súa vinculación coa taxa de abandono.

Das respostas das 131 persoas que responderon á enquisa extraemos as seguintes conclusións que poden ter algún vínculo coa taxa de abandono:

- O 29% non escolleu Economía como primeira opción.
- O 71% que opta en primeiro lugar pola titulación faino por “vocación”, sendo o pragmatismo o 2º motivo en importancia aínda que cun peso moito menor (13%). No cuestionario contemplábase a opción de que o motivo fora porque a nota acadada non lle permitía acceder a outras titulacións de máis interese, pero non foi sinalada por ningún alumno.
- O 65% procede do bacharelato de Ciencias Sociais ou Humanidades; deles o 75% escolleu Economía en primeira opción. O 33% procede dos Bacharelatos de Ciencias/Tecnoloxía, e neste caso o 62% optou por Economía como primeira opción.
- O 80% ten cursado a materia de Economía no bacharelato; o 100% do alumnado que procede do bacharelato de Ciencias Sociais ou Humanidades.
- Unicamente 2 alumnos indican que non teñen cursado matemáticas no bacharelato (posiblemente os alumnos que proceden da modalidade de Humanidades). Un terzo do alumnado que contestou á enquisa cursaron as matemáticas dos bacharelatos de Ciencias ou Tecnoloxía.
- O 86,6% do alumnado ten cursado Estatística no bacharelato.
- A nota media de entrada foi dun 9.42, a nota más alta 13.7 e a más baixa 5.4.
- No alumnado que accede á titulación con nota inferior a 8 baixa significativamente a escolla da titulación como primeira opción (dun 71% a un 55%) e naqueles que optan por Economía como 1ª preferencia ten moita maior importancia o pragmatismo e o mellor mercado laboral (o motivo vocacional baixa ao 50%).

Para seguir avanzando no coñecemento e redución das causas do abandono, especialmente en primeiro, incluímos no anterior informe de resultados a acción de mellora AM3/20-21, cun dobre obxectivo. Por unha banda, acadar máis información sobre o alumnado que figura no informe de abandono potencial en primeiro curso e analizala e, pola outra, mellorar a descripción que se ofrece sobre o título na web, co obxecto de que o alumnado que se matricule sexa máis consciente do que pode atopar nel. En relación con esta última, escribiuse unha nova redacción na que se poña más de manifesto o contido cuantitativo da titulación. Con respecto á primeira, obtivéronse máis datos sobre o alumnado en risco de exclusión e se analizou. As principais conclusións foron as seguintes:

- i) Perfil do alumnado de novo ingreso:
  - A medida que aumenta a cualificación de acceso, diminúe a porcentaxe dos que non se matricularon en primeira opción.
    - o A porcentaxe diminúe drasticamente no grupo do alumnado que entrou con 9 ou máis.
  - Aproximadamente o 30% do alumnado de novo ingreso está en risco de abandono no primeiro cuadrimestre.

ii) Perfil do alumnado **en risco de abandono**:

- Ten cualificacións inferiores a 10 e non elixiu a titulación como primeira opción.
  - o A porcentaxe dos que non aprobaron ningunha no primeiro cuatrimestre é moi elevada entre os que están na franxa de cualificacións do 6, distribúese de xeito bastante uniforme entre os que están nas franxes do 7, 8 e 9 e cae drasticamente entre o alumnado que entrou con 10 ou máis.
  - o A porcentaxe dos que non elixiron a titulación como primeira opción é considerablemente máis elevada entre os que están en risco de abandono (57%) que entre os que aprobaron algunha (28%).
- Aproximadamente a metade do alumnado en risco de abandono non se volveu matricular en 21-22.
- iii) Perfil do alumnado en risco de abandono que **non se matriculou** no 21-22:
  - O 62,5% non elixira o Grao en primeira opción
  - Non se observa un perfil claro por cualificacións, excepto que son inferiores a 10
- iv) Perfil dominante no alumnado en risco de abandono que **si se matriculou** no 21-22:
  - O 48% non elixira o Grao en primeira opción
  - Non se observa un perfil claro por cualificacións, excepto que son inferiores a 10.

Para o curso 21-22, plantéxase a seguinte acción de mellora (xa comentada) para tentar coñecer as causas da taxa de abandono e poder incidir sobre elas:

**AM-11.1, 11.2, e 11.3:** Reunión cos/as directores/as de departamento, reunión cos/as delegados/as de estudiantes, reunión co profesorado de primeiro.

Analizamos a continuación as restantes taxas de resultados.

#### Taxa de rendemento (IN34G)

Taxa de rendemento = Nº de créditos superados/Nº de créditos matriculados

IN34G-Taxa de rendemento	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	46,61	44,84	47,58	57,99	45,35
2º curso	59,95	68,57	66,83	78,12	64,38
3º curso	77,96	71,83	79,11	89,27	83,21
4º curso	87,24	86,05	83,85	89,30	86,73
Sen asignación a curso	77,80	85,65	88,32	82,77	75,55
<b>Total (%)</b>	<b>62,77</b>	<b>63,73</b>	<b>65,87</b>	<b>75,26</b>	<b>65,66</b>
<b>Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	77,17	77,89	79,14	87,10	----
<b>Media USC</b>	78,31	78,48	79,49	88,71	80,97

Como se aprecia na táboa anterior, a taxa de rendemento (total) retorna no curso 20-21 ás cifras previas á pandemia, tras o importante incremento sufrido no 19-20. Agora ben, dita taxa (65,66%) segue a ser inferior á media da USC (80,97%).

#### Taxa de rendemento por curso

Como cabía esperar, dada a taxa de abandono no primeiro curso, a taxa de rendemento

increméntase a medida que se vai avanzando na titulación, acadándose un 86,73% en cuarto curso.

#### Taxa de éxito (IN35G)

Taxa de éxito = Nº de créditos superados/Nº de créditos presentados

IN35G-Taxa de éxito	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	57,69	55,74	60,17	66,85	53,41
2º curso	73,61	79,34	75,59	83,89	73,81
3º curso	87,15	80,06	86,91	94,45	87,42
4º curso	96,53	96,88	95,25	96,29	93,90
Sen asignación a curso	97,61	100,00	94,50	99,03	100,00
<b>Total (%)</b>	<b>74,64</b>	<b>74,73</b>	<b>76,84</b>	<b>82,77</b>	<b>73,96</b>
<b>Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	<b>87,50</b>	<b>87,19</b>	<b>87,86</b>	<b>92,80</b>	----
<b>Media USC</b>	<b>87,35</b>	<b>87,21</b>	<b>87,78</b>	<b>94,17</b>	<b>87,92</b>

Como se observa na táboa anterior, a taxa de éxito (total) sitúase no 73,96% no 2020-21, e redúcese con respecto á subida experimentada no 2019-20, retornando a cifras más acordes coa serie previa, sendo incluso algo más baixa. A porcentaxe sigue a estar por baixo da media da USC (87,92%).

#### Taxa de éxito por curso

A mesma dinámica que na taxa de rendemento se observa na taxa de éxito, que vai mellorando a medida que se avanza na titulación, superando sempre no cuarto curso o 90%, sendo o 93,90 en 2020-21. Compre indicar que a porcentaxe do primeiro curso e do cuarto curso son as más baixas de toda a serie.

#### Taxa de avaliación (IN36G)

Taxa de avaliación = Nº de créditos presentados/Nº de créditos matriculados

IN36G-Taxa de avaliación	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	80,79	80,43	79,07	86,75	84,91
2º curso	81,44	86,42	88,42	93,13	87,22
3º curso	89,46	89,73	91,03	94,51	95,19
4º curso	90,38	88,83	88,03	92,74	92,37
Sen asignación a curso	79,70	85,65	93,46	83,58	75,55
<b>Total (%)</b>	<b>84,10</b>	<b>85,28</b>	<b>85,72</b>	<b>90,92</b>	<b>88,78</b>
<b>Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	<b>88,19</b>	<b>89,33</b>	<b>90,07</b>	<b>93,86</b>	----
<b>Media USC</b>	<b>89,66</b>	<b>89,99</b>	<b>90,55</b>	<b>94,21</b>	<b>92,09</b>

A taxa de avaliación (total) é o 88,78%. Tamén como as taxas anteriores, baixa tras a subida experimentada no 2019-2020. Aínda así, segue a ser a segunda más alta da serie, o que indica que a meirande parte do alumnado matriculado preséntase ás avaliacións. A porcentaxe segue a estar por baixo da media da USC (92,09%).

#### *Taxa de avaliación por curso*

Como nas taxas anteriores, tamén a taxa de avaliación mellora nos cursos superiores da titulación con respecto á de primeiro.

#### **Análise das taxas de resultados por materias**

A conclusión á que se chegaba en cursos **previos ao 2019-2020** na análise por materias (atendendo aos datos dos INF 17, INF 18 e INF 19) era que os peores resultados observábanse en materias de primeiro e segundo e especialmente en materias pertencentes a dous departamentos: Fundamentos da Análise Económica e Economía Cuantitativa (máis concretamente en Matemáticas e Estatística). Este patrón era coherente, en liñas xerais, coas taxas de abandono do primeiro curso e facían pensar nalgún tipo de dificultade cos contidos matemáticos e analíticos no alumnado que ingresa na titulación, dado o perfil das áreas mencionadas.

**O curso 2019-2020** ven marcado pola pandemia da COVID-19. Nese curso prodúcese un incremento notable das taxas tanto de rendemento como de éxito. Agora ben, este feito pode vir marcado pola situación inesperada e atípica vivida no segundo semestre por mor do confinamento, que conduciu a cambios non previstos nos procedementos e criterios de avaliación que puideron afectar dalgun xeito aos resultados, especialmente nas materias do segundo semestre. Como acabamos de comprobar na análise das taxas totais, esta variación parece ter un carácter máis conjuntural dado que ditas taxas retornan aos niveis anteriores, e mesmo máis baixos, **no curso 2020-2021**.

Como resulta obvio, esta evolución obsérvase tamén nos resultados por materias. Como trazos moi xerais podemos indicar que, se adoptamos as *taxis de rendemento* (INF. 18) como medida representativa dos resultados, obsérvase que, no 2020-21, estas diminuíron en 34 das 47 materias do plan de estudos (incluído o TFG). E, como xa indicamos, en xeral son máis baixas en primeiro e segundo curso.

Sen afondar máis na evolución en materias concretas, limitarémonos a indicar as materias que teñen taxas de rendemento inferiores ao 40%: Principios de Economía (27,74%), Contabilidade Xeral I (35,95%), Matemáticas para Economistas I (33,48%), Matemáticas para Economistas II (32,47%) e Microeconomía II (31,54%). Todas estas materias son de primeiro curso coa excepción de Microeconomía II que é de segundo curso. Pola contra, outras materias de primeiro como Microeconomía I, Estrutura económica mundial I e Administración de empresas, superan algo o 64%.

Segundo coa aplicación da acción de mellora AM-8/19-20, envíanse aos departamentos os informes sobre a evolución dos indicadores de resultados das materias do Grao.

Debemos subliñar que a análise dos indicadores de inserción laboral que figura a continuación é unha reproducción exacta da que fixéramos nos cursos anteriores, dado que as fontes de datos

das que dispoñemos son exactamente as mesmas: os datos procedentes do estudio levado a cabo pola ACSUG e os datos de afiliación á Seguridade Social, ambas sobre a cohorte de egresados no 2013-2014.

Como conclusión da análise, os indicadores de inserción laboral poden considerarse positivos. As cifras de egresados contratados ao terceiro e cuarto ano son elevadas, e se achegan ao 70% os contratos indefinidos. Máis controvertidos son os datos sobre os que están a desempeñar funcións acordes ca súa titulación, xa que o 78% di desempeñalas na enquisa da ACSUG pero só o 47% estaría cotizando polo grupo de titulados.

A isto cabe engadir que o pasado 27 de maio do 2020 publicouse a 7ª edición do ránking da Fundación Conocimiento y Desarrollo (CYD) para 76 universidades españolas. Dentro dos indicadores analizados está o de alto rendemento en inserción laboral, no cal o Grao de Economía da USC figura situado en 2º lugar entre as titulacións de Economía, por detrás da Universitat Pompeu Fabra. Para a elaboración deste indicador utilizanse os datos de inserción laboral ata 2018 da cohorte de egresados no 2013-2014.

[https://www.rankingcyd.org/assets/RankingCYD2020\\_NotadePrensa.pdf](https://www.rankingcyd.org/assets/RankingCYD2020_NotadePrensa.pdf)

## INDICADORES DE INSERCIÓN LABORAL

Para esta análise, dispoñemos de dúas fontes de datos: os datos procedentes do estudio levado a cabo pola ACSUG e os datos de afiliación á Seguridade Social. Ambas as dúas ofrecen información sobre a cohorte de egresados no 2013-2014.

### *Datos estudio de inserción laboral da ACSUG*

Neste caso, os datos son o resultado dunha enquisa realizada en 2017 pola ACSUG aos egresados no SUG no curso 2013-2014.

Egresados no curso 2013-2014				
	Economía -USC (%)	Economía – SUG (%)	CCSSXX_I -SUG (%)	SUG (%)
Traballa actualmente	80,00	83,91	84,21	79,59
Contrato indefinido	67,86	53,87	56,01	41,38
Realiza funcións específicas da súa titulación	77,78	82,63	82,19	84,45
Traballa por conta aldea	100	95,87	94,77	90,31

O 20% dos egresados cursaba estudos universitarios no momento de realización da enquisa (Grao, Máster ou Doutoramento).

Dos que traballan, o 42,86% atopou traballo no resto de España.

Os datos de inserción laboral do Grao en Economía na USC recollidos pola ACSUG poden

considerarse bos. En 2017 traballaba o 80% dos egresados. Aínda que a cifra é lixeiramente máis baixa que a do conxunto das titulacións de Economía do SUG, é moi superior a porcentaxe deles que tiña un contrato indefinido (68%). Dos contratados, o 78% realiza funcións específicas da súa titulación.

### **Datos de afiliación á Seguridade Social**

Estes datos refírense aos estudantes universitarios titulados no curso 2013-14 que están de alta na Seguridade Social no mes de marzo de cada ano.

Os datos que comentaremos a continuación son os do SIIU que recibimos da área de Calidade e mellora dos procedementos da USC no documento “2501108\_EIL\_SIIU\_2018-2019” e os que figuran no informe do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades “Inserción laboral de los egresados universitarios. Curso 2013-14. Análisis hasta 2018”.

No citado informe só se incorporan os datos separados de Economía para a taxa de afiliación. No resto do documento, os datos de Economía preséntanse agrupados no ámbito de estudio “Ciencias sociais e do comportamento”, polo que optamos por non incluílos.

#### Taxas de afiliación

	Taxa de afiliación 2015	Taxa de afiliación 2016	Taxa de afiliación 2017	Taxa de afiliación 2018
Economía USC	28,1	57,8	73,4	76,6
Economía- SUE	49,4	62,4	69,5	72,6
Total SUE	47	59,6	67,8	72,3

	% indefinidos 2015	% indefinidos 2016	% indefinidos 2017	% indefinidos 2018
Economía USC	60,0	68,0	75,8	70,7
Total SUE	48,4	50,1	52,4	51,7

	% autónomos 2015	% autónomos 2016	% autónomos 2017	% autónomos 2018
Economía USC	16,7	2,7	4,3	6,1
Total SUE	9,0	8,5	8,7	8,9

	Porcentaxe cotizan como titulados 2015	Porcentaxe cotizan como titulados 2016	Porcentaxe cotizan como titulados 2017	Porcentaxe cotizan como titulados 2018
Economía USC	27,8	27,0	36,2	46,9
Total SUE	48,2	54,0	57,7	60,7

Obsérvase que a taxa de afiliación ao cuarto ano dos Graduados en Economía da USC (76,6%) é más elevada que a da titulación en Economía no SUE e que a do total do SUE.

Do total dos egresados en Economía da USC afiliados, a porcentaxe de indefinidos ao cuarto ano despois de egresar era do 70%, cifra moito más elevada que a do total do SUE. A porcentaxe de autónomos era do 6,1% e os que cotizaban no grupo de titulados era o 46,9%. Esta última cifra é más baixa que a do total do SUE.

Os resultados da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,69) e da satisfacción do profesorado coa docencia impartida (4,02) poden considerarse adecuados. Tamén son adecuados a satisfacción dos egresados coa titulación (3,39) e a satisfacción coa titulación do alumnado que leu este curso o seu TFG (3, 89). Debe terse en conta que esta última enquisa foi respondida por 63 alumnos/as. A taxa de resposta do alumnado á enquisa sobre a docencia recibida baixou ao 27,41%, aínda que debe terse en conta a excepcionalidade do curso 2020-21 (semipresencialidade).

Os indicadores utilizados son os seguintes:

Código	Nome	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN15G	Satisfacción dos estudiantes saíntes cos programas de mobilidade	3,61	3,29	3,96	-	4,51
IN16C (centro)	Satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade	4,00	3,80	1,71	-	4,20
IN19G	Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas	3,87	4,43	4,24	-	4,00
IN20G	Satisfacción dos tutores externos cos programas de prácticas externas	3,17	4,58	4,67	-	4,00
IN21G	Satisfacción dos tutores académicos cos programas de prácticas externas	-	4,80	4,94	-	-
IN23G	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	2,98	2,83	3,40	-	-
IN33G	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	4,02	3,50	4,13	-	-
IN42G	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,13	2,94	3,35	-	3,39
IN46G	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,60	3,62	3,88	3,71	3,69
IN47G	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,68	3,85	4,15	4,00	4,02

Rango de valoración entre 1 e 5.

Código	Nome	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN48G	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	26,65	29,15	36,27	30,29	27,41

Con base nestes indicadores, faremos unha análise das enquisas de satisfacción dos egresados, alumnado e profesorado.

#### 1.- Satisfacción dos **egresados** coa titulación [IN42G, INF.09 e enquisa ao alumnado que leu o TFG neste curso]

Non dispoñemos do IN23G nin do IN33G. Ademais, o informe de egresados de este curso (INF.09) recolle os resultados de todo a USC, sen desagregar por titulacións, o que non nos permite obter conclusións relevantes. O indicador de satisfacción dos egresados coa titulación (IN42G) é un 3,39 sobre 5.

Consideramos unha información máis fiable a que ofrece a enquisa realizada polo vicedecanato de calidade na Facultade ao alumnado que leu o seu TFG neste curso, xa que son 63 os alumnos/as que responderon á mesma. A valoración media á titulación nesta enquisa é un 3,89.

Poden consultarse os resultados obtidos na enquisa no seguinte link.

<https://acortar.link/DLl0rT>

#### 2.- Enquisas de satisfacción aos **estudantes**

En relación cos **estudantes**, dispoñemos das enquisas de satisfacción coa docencia recibida e de satisfacción coa titulación.

- *Satisfacción coa docencia recibida* [IN46G e INF 13]. O alumnado que responde á enquisa síntese satisfeito coa docencia recibida (3,69). As valoracións superan en praticamente todos os ítem o 3,5.
- A taxa de resposta do alumnado á enquisa sobre a docencia recibida baixou ao 27,41%, aínda que debe terse en conta a excepcionalidade do curso 2020-2021 (semipresencialidade).
- *Satisfacción coa titulación*. [INF. 22]. O alumnado valora a satisfacción global coa titulación cun 2,00 e a valoración global da enquisa é dun 2,31. As puntuacións son, en xeral, moi baixas e non coinciden coas obtidas nas restantes enquisas. Esta enquisa tivo unha taxa de resposta moi baixa (1,63%). Por outra banda, ademais da baixa taxa de resposta, un dos principais inconvenientes desta enquisa é que descoñecemos o curso concreto do alumnado que responde, o que dificulta a interpretación dos resultados, sobre todo nos aspectos formativos. Non é o mesmo que o alumnado de cuarto curso diga que a titulación está mal organizada a que o diga o alumnado de segundo, porque nos primeiros cursos a proximación ao coñecemento acumulado e ás ferramentas analíticas pode desequilibrar a balanza. Axudaría más dispoñer dos resultados por curso.

### 3.- Enquisas ao **profesorado**

En canto ao **profesorado**, contamos con dúas referencias: a enquisa da satisfacción do profesorado coa docencia impartida [INF 14], a enquisa de satisfacción coa titulación [INF 23].

- A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) é moi boa (4,02). En xeral, a valoración que se dan aos ítem da enquisa INF. 14 son moi satisfactorios, especialmente aqueles relacionados co desempeño propio da labor docente. A puntuación máis baixa está relacionada co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma (3,10) e a seguinte ca participación activa e crítica do alumnado no desenvolvemento das clases (3,38). A participación nesta enquisa foi bastante elevada en comparación coas anteriores (42,50%).
- En canto á satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), o profesorado amósase satisfeito (3,74). O alumnado asiste con regularidade ás clases (3,10) e o alumnado implícase na titulación (2,87) son os puntos peor valorados, aínda que cando se pregunta se o alumnado cumple coa planificación académica sen problemas o puntúan cun 3,63. A participación foi dun 37,50%.

### *Queixas, suxestións ou reclamacións*

Outro indicador que consideramos importante comentar fai referencia ao “Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)” para o grao en Economía. Polo de agora, non dispoñemos deste informe, pero solicitamos os datos á OAR.

Por tanto, no curso 2020-21 no Grao en Economía presentáronse unicamente 1 queixa, que foi desestimada, 16 rectificacións de oficio, relativos a recoñecementos de estudos cursados en réxime de intercambio ERASMUS/SICUE, e 5 recursos, dos que 3 foron desestimados, 1 non foi admitido e 1, relativo ao recoñecemento ERASMUS/SICUE, parcialmente estimado.

Nun grao con 602 alumnos/as matriculados (excluíndo mobilidade) consideramos estes datos como unha medida da satisfacción dos estudiantes co grao, xa que foron moi poucas as queixas, recursos e reclamacións presentadas.

- **Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación**

### **Orientación Académica**

O proceso de acollida do Máster DEIN comeza antes da propia admisión. O correo electrónico así como o teléfono e as redes sociais reciben numerosas consultas de posibles candidatos que solicitan información ou resolución de dúbidas. Son realmente numerosas, sobre todo de estudiantes internacionais e, de xeito moi especial, ao longo de todo o período de matrícula anticipada, durante o curso 2019-2020 recibíronse un total de 32 consultas para o curso 2020-2021, das cales máis do 80% proviñan de persoas candidatas de fora do espazo europeo de educación superior. A coordinación do Máster encárgase de resolver estas dúbidas ou derivalas ao servizos da USC competentes para facelo. Unha vez pasada a fase de admisión, realiza un primeiro contacto co alumnado a través do correo electrónico onde se lles dá a primeira benvida

informándolles das formas de comunicación coa coordinación do Máster, así como dos horarios e do calendario académico. Igualmente, neste correo, convócaselles para unha primeira sesión presencial de benvida o primeiro día de curso. Nesta sesión de benvida, participan, conxuntamente co coordinador do título, o profesorado parte da Comisión Académica. Esta sesión é a primeira toma de contacto, onde se lles explica o funcionamento do Máster, organización docente, recursos, horarios, prácticas, deixando tamén tempo para algúns dinámicas participativas na que se dea a coñecer tanto o profesorado como o alumnado como primeira toma de contacto.

Con respecto ao acceso e admisión, ademais da realización das actividades previstas na memoria, contémplanse máis aspectos, que supoñen unha importante dedicación por parte da coordinación do máster. A experiencia dende a implantación desta titulación amosa que a atención requirida polo estudiantado é moi alta ao longo de todo o proceso (dende o momento previo á matriculación ata o seguimento durante o curso e posteriormente para ter en conta a opinión dos egresados e coñecer a súa inserción laboral). Para este curso 2020-2021, participouse nas iniciativas que se levaron a cabo tanto dende a vicerreitoría de titulacións como dende o propio centro, esencialmente actividades de promoción de carácter virtual.

A información previa á matrícula é ofrecida institucionalmente pola propia Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, o máster conta cunha páxina web propia con información útil e preguntas frecuentes sobre a titulación, que inclúe cuestións académicas e outros aspectos de interese (bolsas, prezos públicos, ligazóns, ...). Dita páxina é xestionada pola coordinación dende a implantación da titulación. Ademais, ofrécese a información personalizada demandada por correo electrónico, teléfono ou encontros presenciais con calquera persoa interesada na titulación.

Tamén hai que sinalar que o máster conta coa colaboración do persoal de apoio do grupo de investigación vinculado a este título, para a colaboración nas tarefas de administración e organización e, en particular, de atención ao alumnado.

Ademais de manter todas as accións de difusión aplicadas nos últimos cursos (como información a través do centro, participación nas xornadas informativas sobre másters que organiza a Facultade e a Universidade, correo personalizado ás persoas graduadas nas titulacións de acceso, potenciais interesados, entradas no blog de egresados, ...), utilizanse habitualmente as redes sociais. Así, o máster está presente nas redes sociais Facebook, LinkedIn e Twitter, e conta cun blog. Igualmente, dispón dunha conta de correo electrónico propia para información e consultas. O sistema de selección e admisión do alumnado nos másters oficiais realiza-se de forma centralizada, seguindo os criterios establecidos pola USC e a prelación de titulacións establecidas na memoria verificada (prioridade para titulados de Economía e ADE, despois titulados doutras ciencias sociais e xurídicas e finalmente as demais titulacións). Ao tratarse dun máster con límite de prazas e criterios xerais de selección, no caso de que a matrícula sexa superior ás prazas ofertadas, para a adxudicación de prazas téñense en conta as cotas de reserva, as prelacións segundo as titulacións de orixe e o expediente académico.

O título conta con tres materias de nivelación (Introducción á Economía, Introducción á Empresa e Finanzas e Introducción á Econometría), que deben cursar todas as persoas matriculadas que non sexan tituladas en Economía ou Administración e Dirección de Empresas e que non teñan coñecementos previos sobre esas áreas. Non se teñen detectado dificultades especiais por parte dos estudiantes procedentes de titulacións que non sexan Economía e Administración e Dirección de Empresas. Pola contra, ese perfil variado é un aspecto valorado moi positivamente polos distintos grupos implicados na titulación.

## Mobilidade

Con respecto á mobilidade entrante, debe indicarse que no curso 2020-2021 non se recibiron estudiantes de intercambio. Aínda que o máster participa no programa Erasmus, tendo asinado convenios con distintas Universidades de Italia, Portugal ou Francia, non se envían alumnos de mobilidade. Este feito explícase polas dificultades de realizar a mobilidade Erasmus para un máster de carácter anual, dado que as datas de solicitude e estancia non coinciden cos tempos do propio Máster.

## Prácticas externas

En relación coas prácticas, para a súa realización é necesario ter asinado un convenio coa entidade, seguindo o modelo establecido pola USC. Antes de que finalice o primeiro cuadrimestre, habitualmente no mes de decembro, ofértanse as entidades coas que hai convenio vixente para que o alumnado exprese as súas preferencias. Varias entidades ofertan máis dunha praza anualmente. Unha vez asignada a entidade para realizar as prácticas seguindo a Normativa da USC e o procedemento establecido pola Comisión Académica do Máster, cada estudiante conta cun titor/a académico e un titor/a profesional, para realizar o seguimento e evaluación das prácticas. Todos os cursos amplíanse as entidades con convenios para a realización de prácticas. En xeral, mantéñense vixentes os convenios coas entidades, excepto que esa entidade non continúa a súa actividade. No curso 2020-2021, 11 persoas realizaron prácticas. Tal e como se mencionaba anteriormente houbo alumnado chino matriculado que non solicitou as prácticas ao non realizar a súa incorporación efectiva ao Máster.

Debe sinalarse que o alumnado tende a seleccionar entidades localizadas en Santiago de Compostela ou no seu entorno, debido á proximidade, aínda que tamén poderían ser de moito interese outras empresas ou institucións. No caso específico do curso 2020-2021, nalgúns casos debido ás restricións COVID, optouse por un modelo mixto de prácticas presenciais–online, seguindo os criterios establecidos pola USC.

A entidade na que se realizan prácticas asígnase tendo en conta a preferencia dos estudiantes e a dispoñibilidade das entidades para recibir máis dunha persoa cando hai colisión. Na medida do posible inténtase que a actividade realizada en prácticas estea relacionada co seu traballo fin de máster. As instalacións desas entidades son axeitadas para a correcta adquisición das competencias vinculadas á materia prácticas.

Dende o curso 2016-2017 o máster organiza máis actividades complementarias, como visitas a empresas de base tecnolóxica, centros de I+D ou tecnolóxicos, ou parques científico-tecnolóxicos e empresariais. Esas visitas foron posibles polo financiamento de GAIN e as axudas ás prácticas de campo convocadas pola USC nas materias que inclúen as visitas na súa programación docente.

Non se conta con datos sobre a satisfacción dos/as estudiantes co programa de prácticas externas para o curso 2020-2021. Historicamente nos cursos precedentes a valoración das prácticas era positiva, sendo no 2018-2019 de 3,58 sobre 5 e no 2017-2018 de 4,24 o que amosa o alto grado de satisfacción coas prácticas. En canto á satisfacción dos titores profesionais para o curso 2020-2021 foi de 4,33 sobre 5. Non se conta co grao de satisfacción do persoal de tutoría académica das prácticas.

## Traballos fin de máster

As competencias propostas na memoria son coherentes co deseño do plan de estudos, sendo traballadas e avaliadas en distintas materias. As materias Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster (TFM) permiten avaliar dun xeito integral a adquisición das competencias que deben

acadar os egresados.

A situación tan extraordinaria vivida por mor do COVID-19 e as restricións derivadas desta situación, no 2020 marcou de xeito significativo a taxa de presentación de TFM, que neste curso non foi moi alta. Sen embargo, a taxa de graduación, como inclúe o alumnado do curso anterior foi do 66,67%. A pandemia tivo unha influencia negativa na taxa de graduación, sendo inferior que no curso precedente. Outro factor determinante na baixa taxa de graduación foi o número de estudiantes, principalmente de orixe china que se matriculan e despois non se incorporan de xeito efectivo nin á docencia nin ao resto de actividades do Máster incluíndo TFM e prácticas. Tamén hai que destacar que hai alumnado a tempo parcial e/ou que compatibiliza estes estudios co traballo, polo que a elaboración do TFM en prazo supón un maior esforzo. A tendencia previa á pandemia era á mellora da taxa de graduación, especialmente relevante no curso 2018-2019, o que indica a efectividade das actuacións implementadas no título nos últimos cursos e se que manteñen como acción periódica todos os cursos. Hai que recoñecer que máis aló das actuacións realizadas, a Comisión Académica do máster ten unha limitada capacidade de actuación neste ámbito. Á hora de elaborar un traballo fin de máster, hai un traballo autónomo que lle corresponde ao estudiantado, máis alá do papel de tutorización e apoio no proceso por parte do profesorado que dirixe os traballos e do equipo organizador do título. Dende a organización do máster insistiuse na importancia de que defendan o TFM no curso de inicio no máster, para o que se debería comezar a realizar o TFM como moi tarde ao inicio do segundo cuatrimestre. Adíántase a asignación de tema e tutor de TFM; os temas son suxeridos polo profesorado; e recoméndase que na medida do posible o estudiantado orientara as prácticas e as tarefas que deben realizar nas distintas materias a temáticas claramente relacionadas co seu Traballo Fin de Máster.

### Indicadores de Rendemento

Na análise dos indicadores de satisfacción e rendemento cómpre mencionar, tal e como se indicou en anteriores apartados, a distorsión que provoca nestes ítems o feito de que haxa estudiantado matriculado que non asiste a clase nin participa de ningún xeito do Máster, pero si consta como matriculado. Este alumnado é esencialmente o que se matricula dende China e que en algunas ocasións nunca fai acto de presencia e noutras, asiste a primeira semana e despois non volve asistir, pero seguen matriculados e están reflexados nas listas de alumnado como tal.

A taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superou o estudiantado e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon no curso analizado) é do 68,03% para o curso 2020-2021, un valor inferior a cursos anteriores, as restricións por mor do COVID marcaron o descenso na taxa de rendemento para o curso 2020-2021.

- A taxa de éxito, relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudiantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron está no 97,08% en consonancia coa media da USC e mantendo a tendencia dos últimos anos.

- A taxa de avaliación foi do 70,08% inferior á media da USC, inferior a á tendencia do Máster nos últimos cursos, claramente vinculado as restricións COVID e ao feito de ter alumnado matriculado que non se incorpora ao Máster.

- A taxa de graduación, tal e como se comentou anteriormente foi do 66.67, con un descenso en relación ao curso anterior.

- A duración media dos estudos foi de 1.85 seguindo a tendencia que se viña amosando nos últimos anos, a pesares do descenso na taxa de graduación e rendemento.

- Para o dato da eficiencia dos titulados, non se conta con datos dos últimos curso.

- A taxa de abandono foi para o curso 2020-2021 do 9,52% o que incrementa a taxa que no ano anterior foi do 0%.

Á hora de analizar estes datos debe terse presente a situación de excepcionalidade que se viviu

no curso 2020-2021 derivada da pandemia do coronavirus e que implicou continuos cambios e restricións no o desenvolvemento do curso se refire, ademais da incerteza continuada na situación xeral.

Polo que se refire aos indicadores de satisfacción, destácanse os seguintes:

- IN20 Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. A tendencia dos últimos anos é positiva, manténdose no curso 2020-2021 cunha puntuación de 4,33 sobre 5.
  - IN35 A taxa de éxito para o curso 2020-2021 foi do 97,08, lixeiramente inferior ao curso precedente que foi do 98,55%
  - IN42 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, foi do 3,26, en liña coa tendencia dos últimos anos.
  - No caso do indicador IN46 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, a puntuación recibida, 4,39, está en coherencia coa tendencia dos últimos anos sendo lixeiramente superior ao ano anterior. Destaca a boa valoración que deron as persoas participantes á comunicación cos docentes.
  - Polo que se refire ao indicador IN47 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a puntuación alcanzada é alta, na liña dos últimos anos, sendo de 4,37 sobre 5. Destácase a alta puntuación dada a comunicación e interacción có alumnado.
- **Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas**

### Orientación académica

Aproximadamente unha semana antes do inicio do curso, a coordinación do mestrado organiza unha sesión de acollida para os estudiantes. A sesión de acollida está especialmente recomendada para os alumnos estranxeiros, pero é aberta a todo o estudiantado do mestrado. Conta dunha parte desenvolvida na aula e dunha visita polo centro, se as condicións sanitarias o permiten. Na sesión desenvolvida na aula, trátanse as seguintes cuestiós:

- Estrutura do plan de estudos e cuestión básicas do seu funcionamento.
- Información básica sobre a web da USC e o seu funcionamiento.
- Información básica sobre o Campus Virtual.
- Información básica sobre a Secretaría Virtual.
- Lugares da USC onde se realizan algunas xestións relevantes para o alumnado.
- Coméntanse os horarios da materia.

Na visita ao centro, amósanse as aulas nas que impartirá o centro e os lugares comúns de utilidade para o alumnado (Biblioteca, aulas de informática, conserxería...).

Posteriormente á sesión de acollida, na presentación do mestrado, se revisan as cuestiós más relevantes expostas na sesión de acollida. O material entregado ao alumnado inclúe copia dos horarios de clase e das datas de exames de todas as materias.

### Orientación profesional

De acordo as posibilidades económicas do mestrado e á situación sanitaria existente, a coordinación do mestrado organiza conferencias de profesionais do sector turístico e profesores doutras universidades orientadas a mellorar a orientación profesional do alumnado.

Finalmente, o alumnado do máster for informado polo coordinador no curso 2019-20 dunha serie de actividades complementarias prácticas (cursos, talleres...) celebradas na Facultade de CC

Económicas e Empresariais ou noutros centros da USC e orientadas á adquisición de competencias transversais de interese para os futuros egresados:

- Programa Explorer “Jóvenes con soluciones”, edición 2021.
- VI Edición do Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC
- CONTRIBUCION SOCIAL DEL SECTOR TURISTICO ANTE LOS RETOS DE LA PANDEMIA.Excetur
- II Jornada de promoción Introducción al español con fines específicos: Español y turismo, organizada pola Oficina de Cursos Internacionais da USC.
- Ciclo de charlas EDIUS USC. Saídas profesionais para o doutoramento. USC
- Buen camino. Aprendiendo y enseñando español a través del Camino de Santiago. Oficina de Cursos Internacionais. Universidade de Santiago de Compostela.
- I certame de relatos curtos sobre rutas de peregrinación a San Andrés de Teixido. Proxecto EUFUNDEVIVO.
- MOOC “El Camino de Santiago: Patrimonio de la Humanidad para un mundo Global”. Universidade de Santiago de Compostela.
- El camino de Santiago, herramienta pedagógica para la enseñanza de ELE. Oficina de Cursos Internacionais. Universidade de Santiago de Compostela.
- Talent Match destinado a estudiantes de turismo, economía, xeografía e ciencias sociais do Sistema Universitario de Galicia (grao ou mestrado). Concello de Boiro.
- Competencias en información. Biblioteca da Facultade de CC Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago de Compostela.
- Programa Businessgraduates. Zara

Nos cursos 2019-20 e 2020-21, o número de actividades complementarias foi menor que en cursos anteriores debido aos escenarios provocados pola COVID-19.

As actividades formativas desenvolvidas no programa do máster, ademais, compleméntanse coa presenza do alumnado e o profesorado nas redes de información e decisión do ámbito turísticos. Así, o máster participa nas actividades da Rede Interuniversitaria de Posgraos en Turismo (RedIntur). Esta é unha rede de cooperación no estudo, intercambio de experiencias e propostas de actuación co obxectivo de colaborar para a mellora continua.

### **Admisión do alumnado**

O sistema de admisión do alumnado no máster realiza de acordo ao establecido na memoria do título, que establece que se seguirán os criterios e procedementos establecidos no Regulamento de Posgrao Oficial da USC seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. A Normativa Académica da USC relativa á admisión dos estudiantes faise pública previa anualmente previa aprobación do Consello de Goberno da Universidade. Este proceso, así como os criterios, etc. públicanse na web corporativa.

Dado que o alumnado estranxeiro ten unha presenza importante no máster, é relevante o proceso de admisión para os estudiantes con este perfil. Neste caso, a memoria do título establece que poderán acceder ao máster as persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles que facultan no país expedidor do título

para o acceso a ensinos de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os ensinos de máster.

Ademais da información dispoñible nas diferentes webs institucionais da USC relativas aos mestrados, este máster utiliza a web propia <https://uscturismo.com/> e as redes sociais Facebook e Twitter para a captación de alumnado.

A coordinación do mestrado recibe por email durante todo o curso numerosas solicitudes de información de alumnado interesado en realizar o mestrado, destacando as solicitudes de alumnado estranxeiro. Faise un esforzo importante por responder a estes emails con celeridade e proporcionase apoio sobre a aplicación e procedemento de matrícula a todo o alumnado que o solicita. A implicación da coordinación do mestrado é considerada relevante para facilitar a matrícula, sobre todo, do alumnado estranxeiro.

No curso 2019-20, a coordinación do mestrado participou no primeiro encontro virtual organizado pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional orientado a ofrecer información sobre o mestrado a alumnos nacionais e estranxeiros. O encontro celebrouse o 7 de xullo de 2020 dende a plataforma MS Teams. Aínda que considérase unha iniciativa interesante, a participación foi baixa neste primeiro encontro, probablemente porque a maioría de alumnos/as interesados utilizan o email para solicitar información sobre o máster.

Cando o permiten os recursos dispoñibles, o mestrado publicítase en xornais dixitais. Elíxese para ilo o período de matrícula. Até 2020 publicáronse douis anuncios por curso no diario *La Voz de Galicia* e ise último ano un único anuncio no diario *La Opinión*. No curso 2020-21 non se dispuxo de financiamento para realizar publicidade. Para o curso 2020-21 está a negociarse coa Axencia Galega de Turismo unha partida coa que se compensará a comunicación do Xacobeo 21 e 22 en toda a documentación do mestrado. Esta negociación non se ten proposto como acción de mellora porque non está na nosa man garantir -nun sequera prever- o resultado deste esforzo.

O que si proporemos como acción de mellora para o curso 2021-2022 é a colaboración do mestrado co Servizo de Captación Internacional da USC no desenvolvemento dunha actividade conxunta con outros mestrados e consistente na gravación de vídeos informativos protagonizados polas coordinadoras e coordinadores para seren presentados nun Webminar en directo. Unha moderadora irá introducindo os vídeos e os coordinadores e coordinadoras respostarán ás preguntas do alumnado.

### **Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación**

Dende o curso 2019-20 establecécese un módulo preparatorio de complementos de formación que consta de dúas materias de dous créditos cada unha: Fundamentos de Contabilidade e Fundamentos de Finanzas. Fundamentos de Finanzas debe ser cursada por todo o alumnado que non realizase un mínimo de 2 créditos en materias sobre finanzas en titulacións universitarias. Fundamentos de contabilidade deberá ser cursada por todo o alumnado que non realizase un mínimo de 2 créditos en materias sobre contabilidade en titulacións universitarias.

A superación das materias que conforman o módulo preparatorio é un requisito obligatorio para obter o título para os alumnos/as que deban cursalo.

Durante o proceso de matrícula, a coordinación do máster revisa que os alumnos/as que deben cursar o módulo preparatorio o fan e insta a modificar a matrícula a aquellas persoas que deben facelo e non o fan.

### **Mobilidade**

Non hai estudiantes entrantes nin saíntes integrados en programas de mobilidade este curso.

Porén, si existe unha cifra elevada de estudiantes estranxeiros, que supoñen no curso 2020-21 un 31,25% do alumnado matriculado (como xa se sinalou neste mesmo informe).

### Prácticas externas

As prácticas externas son unha materia optativa. A pesares de non ser obrigatorias, son realizadas pola mayoría do estudiantado do mestrado (IN22M). Nos últimos 5 anos, a porcentaxe más baixa de alumnos que realizou prácticas foi do 83,33%. No curso 2020-21 un 86,67% do alumnado realizou prácticas externas.

As enquisas relativas á satisfacción co programa de prácticas externas presentaban, no pasado, o problema da baixa taxa de resposta por parte dos tutores/as externos, do alumnado e -en menor medida- dos tutores/as académicos. Isto pode deberse a que o mestrado elabora enquisas propias para estes colectivos que, adicionalmente, deberían responder as enquisas proporcionadas pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Para evitar este problema, acordouse coa citada área que, a partires do curso 2016-17 a área de Calidade e Mellora dos Procedementos non realice estas enquisas, empregando os datos das enquisas elaboradas polo máster.

A enquisa desenvolvida pola coordinación do mestrado está destinada aos tutores profesionais, académicos e ao alumnado. No curso 2020-21, temos resposta do 100% dos tutores académicos e profesionais e do alumnado. Os resultados obtidos poden consultarse no informe de resultados do título.

#### [informes resultados 20-21](#)

O cuestionario destinado aos tutores académicos incluía 13 ítems valorados nunha escala Likert cun rango entre 1 e 5 puntos, relativos ao funcionamento do programa de prácticas, ao centro de prácticas e as actitudes do estudiante. A partir do curso 2019-20, o cuestionario simplifícase, incluíndo tres ítems (“Estou satisfeito/a co alumno/a titorizado”; “Estou satisfeito/a coa empresa de prácticas”; “Estou satisfeito co programa de prácticas”)<sup>1</sup>.

A redución no número de ítems empregados débese a que os tutores/as académicos manifestaron que non teñen suficiente información para responder con precisión a algúns dos ítems previamente considerados, o que podería distorsionar os resultados da avaliación. Na Comisión de Prácticas do centro debateuse sobre como poder mellorar o cuestionario e recomendouse aos títulos seguir este formato de cuestionario abreviado. Ademais o cuestionario inclúe unha valoración global do alumno/a nunha escala de 0-10, sendo esta valoración a nota de prácticas.

A valoración media dos tres ítems a máxima (5 puntos sobre 5) mellora á do curso anterior, que xa era moi alta (4,95 puntos sobre 5).

O cuestionario destinado aos tutores profesionais presenta 18 ítems, relacionados cos aspectos formais e normas básicas de funcionamento, e as competencias, coñecementos e actitudes do alumnado. A valoración media de tódolos ítems é elevada (4,71 puntos sobre 5), idéntica á do curso anterior -as dúas más altas dos últimos 5 anos. A pesares de ter unha valoración alta, cabe destacar que unha parte do alumnado estranxeiro cursou o mestrado sen ter un nivel de español elevado, pero matriculouse nas prácticas empresariais. Algún titor profesional manifestou que isto supuxo problemas en casos puntuais.

O cuestionario dedicado ao alumnado inclúe 15 ítems relativos a avaliación do programa, avaliación do empregador e do titor académico. A valoración media de tódolos ítems é de 4,72 puntos sobre 5, mellorado os resultados do curso anterior (4,52 puntos sobre 5)<sup>2</sup>. Así, a

<sup>1</sup> Estes ítems valóranse nunha escala Likert entre 1 e 4, se ben neste informe normalízanse os valores a un rango 1-5, para poder comparar cos valores de cursos anteriores.

<sup>2</sup> Ata o curso 2017-18, a enquisa do curso anterior incluía un ítem relativo a se as prácticas eran remuneradas, non incluído a partir

satisfacción global do alumnado mellorou de xeito constante durante o último quinquenio.

### Traballos fin de máster

A organización do Traballo fin de Mestrado (TFM) xestiónase a través do Regulamento de TFM do mestrado, dispoñible na web:

[https://www.usc.gal/gl/centros/ecoade/tfm/tfm\\_turismo.html](https://www.usc.gal/gl/centros/ecoade/tfm/tfm_turismo.html). Nesta web proporcionase ao alumnado toda a documentación e información precisa para a correcta realización do TFM.

Dado que o Regulamento actual foi aprobado en 2013, considerouse necesario revisalo e actualizalo, para que recollera os cambios que se foron producindo dende que entrou en vigor, como o depósito online do traballo.

Tamén se considerou interesante crear unha Guía docente do TFM, como un documento de axuda adicional para realización do TFM. Esta guía publicouse na mesma web que o Regulamento de TFM. Estas modificacións recolléreronse como accións de mellora para o curso 2020-21 (AM02 e AM03 ) e xa foron executadas.

### Asignación dos temas e titores de TFM

Rematado o prazo de matrícula, a Comisión Académica do Máster abrirá o proceso para o desenvolvemento dos TFM nese curso académico. Primeiro extraerase a lista de alumnado repetidor que, mediante escrito razoado e co visto e prace do seu titor/a; solicite repetir título e titor/ra. Os que non o fagan someteranse ao procedemento novo de asignación que se vai abrir, onde se integrarán no caso de que non fose posible esa repetición. Esta opción para os estudiantes repetidores só poderá utilizarse unha vez.

O proceso de asignación de TFM realizarase segundo o seguinte procedemento:

- Cada curso académico, a Coordinación do máster comunicará ao alumnado unha relación das liñas xerais de Traballos Fin de Máster.
- O alumnado remitirá a organización do no prazo establecido pola coordinación unha orde de preferencia das liñas propostas.
- A asignación de traballo e director ou codirector realizarase, tendo en conta as preferencias expresadas polo alumno na petición de asignación, seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante.
- A Comisión Académica aprobará a asignación definitiva e a remitirá ao/a coordinador/a para a súa publicación.

### Supervisión do alumnado

Cada estudiante contará cun titor ou titora. O titor/ra programará sesións de traballo co estudiante, que serán as que indique a normativa da USC, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo. A avaliación do alumnado explícase con máis detalle no Artigo 10 do Regulamento do TFM.

### Avaliación do TFM

A avaliación do TFM será realizada por un tribunal. Cada Tribunal estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación, dos que en todo caso un debe

---

do curso 2018-19, como consecuencia da acción de mellora AM-2 proposta no informe de seguimento do curso 2017-18.

pertencer a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas do traballo, e, polo menos, un suplemento. Os titores/as dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obligatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. A avaliación do TFM explícase con máis detalle no Capítulo 5 do Regulamento do TFM.

#### *Resultados dos TFM*

INDICADOR	DESCRICIÓN	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
IN53M	Taxa de rendemento (%)	54,55%	40,63%	50,00%	23,53% 77,78%	<b>86,64</b>
IN50M	Taxa de éxito (%)	94,74%	86,87%	86,96%	57,14% 100%	<b>98,73</b>
IN36M	Taxa de avaliación (%)	57,88%	46,88%	57,50%	41,18% 77,88%	<b>87,67</b>

As taxas de rendemento e avaliación do TFM tendían a ser claramente inferiores das do resto de materias, mais no curso 2019-20 comenzaron a mellorar considerablemente. As cifras do curso 2020-21 son as más altas do histórico.

O aumento dos valores dos indicadores para os novos alumnos/as desde o curso 2019-20 pode entenderse tendo en conta dúas posibles causas. A primeira pode relacionarse con que as diferentes accións de mellora implementadas en cursos anteriores contribuísen á mellora dos resultados. A segunda ten que ver coa situación de confinamento e docencia online derivada da COVID2019, que afectou aos alumnos/as matriculados por primeira vez no TFM no curso 2019-20 e o presentan nas convocatorias de xullo ou setembro. Algunxs alumnos/as manifestaron que o confinamento tivo efectos positivos, na medida en que reduciron os tempos de desprazamentos á facultade e centro de prácticas, ao ser a docencia e, nalgúns casos, as prácticas, tamén telemáticas. A redución deste tempo, xunto coa obrigada permanencia no domicilio e o menor tempo para o ocio e outras actividades, puido propiciar que os alumnos dedicaran máis tempo á realización do TFM, o que puido repercutir favorablemente nos indicadores desta materia. Os resultados en cursos futuros contribuirán a clarificar o papel do confinamento e das medidas implementadas para a mellora dos resultados na avaliación do TFM.

Este efecto non parece darse nos alumnos/as de cursos anteriores que se matricularon do TFM no curso 2019-20. Estes alumnos se matriculan do TFM, pero os resultados son notablemente peores. O feito de que, en moitos casos, son alumnos estranxeiros que volveron ao seu país de orixe, pode propiciar unha maior desconexión co mestrado, coa materia e cos seus titores/as, o que, probablemente, incida en peores indicadores de rendemento.

No curso, 2020-21, debido as incertezas provocadas pola COVID-19, reduciuse a porcentaxe de estudiantes estranxeiros, o que pode explicar a mellora destes indicadores.

#### **Indicadores de rendemento<sup>3</sup>**

A taxa de éxito (97,21%) é elevada no curso 2020-21- e semellante á de cursos anteriores. A taxas de rendemento e avaliación (85,22 e 87,76%, respectivamente) son as más altas dos últimos 5 anos. O aumento do rendemento e avaliación do TFM dos alumnos de novo ingreso é un factor que pode explicar esta mellora.

A taxa de graduación experimentou o maior incremento dos últimos anos, ascendendo até a cifra

<sup>3</sup> Para consultar os datos de cursos anteriores, ver informe de resultados do título.

do 94,44%. Dado que a duración media dos estudos está fortemente influenciada pola non presentación do TFM e moi probable que a mellora diste indicador a condicione favorablemente neste curso. O mesmo motivo pode estar detrás da taxa de abandono, que descende até cero neste período.

### **Indicadores de inserción laboral**

Dispoñemos dos datos de inserción laboral do mestrado obtidos do Estudo de Inserción Laboral dos Titulados en Másteres no SUG no curso 2013-2014, realizado pola ACSUG no curso 2018/2019, resumidos na táboa seguinte.

	<b>MTUXET</b>	<b>CSeX USC</b>	<b>CSeX SUG</b>
Traballa na actualidade (%)	71,40	68,20%	74,60%
Non traballa na actualidade, pero traballaron algunha vez desde a finalización do máster (%)	28,60	18,40%	16,60%
Tempo dende que finalizou o máster ata o primeiro emprego (meses)	11,67	7,96	7,47
Tempo traballado dende que finalizou o máster (meses)	16,00	19,47	21,00
Tempo traballado dende que finalizou o máster nun emprego relacionado (meses)	5,43	10,60	13,14

A táboa mostra diferentes indicadores relacionados coa inserción laboral dos titulados, ofrecendo información dos datos deste mestrado (MTUXET) e dos mestrados ofertados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas na Universidade de Santiago de Compostela (CSeX USC) e no Sistema Universitario Galego (CSeX SUG).

Os datos dispoñibles amosan que o 71,40% dos titulados do mestrado ao rematar o curso 2013-14 traballan na actualidade. Considerando, ademais dos que traballan na actualidade, a aqueles que traballaron algunha vez dende a finalización do mestrado, a porcentaxe acada o 100,00%. Estas porcentaxes son superiores ás referidas ao conxunto de mestrados do ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da Universidade de Santiago de Compostela (68,20% e 86,60%, respectivamente) e similares ás do Sistema universitario Galego do mesmo ámbito (74,60% e 91,20%).

Con respecto ao tempo necesario para atopar emprego, os titulados neste mestrado tardan 11,67 meses en atopar o primeiro emprego dende que obteñen o título. É un período máis longo que o existente para o conxunto de másteres do ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da Universidade de Santiago de Compostela (7,96 meses) e dos Sistema Universitario Galego (7,47 meses). Os titulados deste mestrado tardan algo máis de tempo en atopar emprego que os titulados doutros mestrados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas, pero traballan ou traballaron nunha porcentaxe máis elevada que os titulados en mestrados da USC e nunha porcentaxe similar considerando aos os titulados en mestrados do Sistema Universitario Galego.

Os datos amosan que, en promedio, o tempo traballado despois de rematar o mestrado no momento de realizar o estudo é de 16,00 meses, fronte aos 19,47 e 21 meses dos titulados doutros mestrados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da USC e o SUG. Este dato é coherente co comentado anteriormente: ao atopar o primeiro emprego máis tarde, os titulados deste mestrado teñen menos meses traballados que os seus compañeiros titulados doutros másteres no mesmo curso, considerando a mesma data de referencia.

Quizais a principal diferenza nos datos considerados estea no período de tempo traballado nun

emprego relacionado coa titulación. Neste caso, os datos do Máster en Turismo Urbano e Xestión de empresas Turísticas (5,43 meses) son inferiores aos dos doutros mestrados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da USC e o SUG (10,60 e 13,14 meses, respectivamente).

A realización de prácticas en empresas e, particularmente, en empresas do sector turístico pode contribuír a que os titulados, una vez finalizadas, manteñan vínculos coas empresas onde as realizan. Eses contactos poden ser útiles para atopar empregos vinculados coa titulación na propia empresa ou en contactos realizados dende o período de prácticas. De aí que no curso 2018-10 propuxéramos unha acción de mellora relativa a incrementar os convenios de prácticas con empresas do sector turístico, buscando mellorar a vinculación laboral dos titulados coas empresas do sector. Na actualidade, estase a traballar nesta liña.

### **Indicadores de satisfacción**

Non existen estudiantes saíntes nin entrantes no curso 2020. Como comentamos previamente, si que existe unha porcentaxe importante de alumnado estranxeiro, cuxa satisfacción amósase nos indicadores xerais do alumnado.

Os resultados amosan valores elevados de satisfacción dos tutores/as académicos (5,00), tutores profesionais (4,71) e alumnado coas prácticas realizadas (4,72). A satisfacción dos tutores académicos e estudiantes é a máis elevada dos últimos 5 anos.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (4,42) acada un valor que iguala ao máximo dos cinco cursos anteriores. Cabe destacar que a taxa de resposta a esta enquisa (57,89%) mellora á do curso pasado (56,62%). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (4,19) mantiene elevada. A satisfacción dos egresados (3,29) mantiene no intervalo habitual, aínda que baixa respecto do período anterior, no que acadara o máximo do quinquenio (3,50).

### **Queixas, suxestións e reclamacións do alumnado**

O alumnado non realizou queixas formais durante o curso 2020-21.

#### **0 Máster en Dirección de Empresas**

##### **Orientación académica**

Con carácter previo ao inicio do curso, a coordinación do MUDE organiza unha sesión de acollida para o estudiantado. Esta sesión está especialmente recomendada para o alumnado estranxeiro, pero é aberta a todo o estudiantado. Neste contexto, desenvolveuse unha parte da sesión na aula e compleméntase con unha visita polo Centro. Nesa sesión trátanse distintas cuestións de interese para o alumnado, como poden ser:

- Estrutura do plan de estudios e cuestións básicas de seu funcionamento.
- Información básica sobre a web da USC.
- Información básica sobre o Campus Virtual.
- Información básica sobre a Secretaría Virtual.
- Lugares da USC onde se realizan algunas xestións relevantes para o alumnado.
- Horarios das materias.

Na visita ao centro, móstranse as aulas nas que se impartirá docencia no centro e os lugares comúns de utilidade para o alumnado (Biblioteca, aulas de informática, conserxería ou fotocopiadora, por exemplo).

### Prácticas externas

En relación ás prácticas externas, proponse facer a convocatoria de prácticas e publicar a oferta de empresas para cada curso con anterioridade aos prazos establecidos para o cambio de matrícula a principios do segundo semestre, co fin de que poidan actualizar a súa matrícula adecuadamente. En canto á necesidade de coordinación para equilibrar a carga de traballo, especialmente no primeiro semestre, no que se imparte a maior carga de traballo do máster correspondente ao módulo obligatorio, establecerase un número recomendado de actividades de avaliación continua para desenvolver por materia, así como se solicitará ao profesorado que realice no primeiro semestre, co fin de desenvolver un calendario que programe adecuadamente as devanditas actividades de avaliación continua. Mantense a Acción de Mellora (antiga AM-04, nova AM-02) e o período de execución e avántase en que se executou no primeiro cuadrimestre do curso académico 2020/2021.

Por outra banda, hai competencias necesarias para o futuro desenvolvemento persoal e profesional que non se poden traballar na aula, de xeito que as prácticas externas permiten realizar un tipo específico de actividades formativas que enriquecen a adquisición de habilidades e, polo tanto, o proceso formativo, dos estudiantes. Así, con respecto ás prácticas en empresas, neste curso académicos formalizáronse novamente acordos de colaboración con empresas adicionais, o que permitiu a realización de prácticas o 30% dos estudiantes do campus de Santiago e o 80% dos estudiantes do campus de Lugo. Isto significa que o 55% dos estudiantes graduados realizaron prácticas externas en empresas (un 30% en Santiago e un 80% en Lugo), unha alta porcentaxe (e especialmente difícil de acadar nun ano marcado pola pandemia COVID-19 e derivado de confinamento), o que indica que o programa de prácticas externas é moi valorado polos estudiantes de máster, o que permitiu á maioría dos estudiantes desenvolver este tipo de habilidades prácticas. Así, en relación ás prácticas, a satisfacción amosada por estudiantes e tutores profesionais nos programas de prácticas externas así o indica, segundo os cuestionarios empregados para levar a cabo a avaliación e seguimiento interno das devanditas prácticas, o que indica un alto nivel de eficiencia programa de prácticas en relación coa adquisición de habilidades prácticas para complementar o proceso de formación dos estudiantes.

Ademais, o Máster continúa cunha política continua de establecer novos acordos de colaboración con empresas e institucións adecuadas en termos de tamaño, reputación e proximidade, co fin de proporcionar a experiencia práctica que necesitan os nosos estudiantes. Procedeuse a revisar e actualizar todos os acordos activos en ambos os centros de acordo co último modelo de convenios de colaboración establecido pola USC e enviado por SXOPRA, de xeito que actualmente o máster ten un total de 50 acordos activos asinados con empresas (o campus de Santiago ten 21 acordos activos con empresas e o campus de Lugo con 29 convenios). Todo o anterior indica un nivel de satisfacción dos diferentes grupos de interese, con niveis similares á media nos indicadores nos que se pode facer esta comparación e que consolida os datos obtidos en edicións anteriores, o que reflicte o efecto do continuo esforzos de mellora realizados e accións de mellora levadas a cabo para satisfacer aos diferentes grupos de interese. Por último, leváronse a cabo unha serie de actividades prácticas complementarias (cursos, talleres ...) dirixidas a adquirir habilidades transversais de interese para os futuros titulados.

### Traballo fin de Máster

Para promover o aumento do número de TFM presentados ao final do curso, adiantase a asignación de temas e tutores ao mes de novembro, de xeito que se consiga o comezo efectivo do traballo final do máster, así como as prácticas en empresas dentro do segundo semestre, co fin

de poñer más tempo a disposición do estudiante ao final do segundo semestre e así facilitar a realización do TFM.

Durante o curso 19-20, os coordinadores elaboraron unha base de datos cos alumnos matriculados no TFM do Máster durante o curso 19-20 e consideraron oportuno facer a enquisa de valoración a todo o alumnado (os que presentaran o TFM e os que non). En total, a base de datos está constituída por 40 estudiantes (23 en Santiago e 17 en Lugo). Elaborouse un cuestionario avaliando 15 ítems nos que o estudiantado valorou, con unha escala Likert de 5 puntos, 4 bloques: organización dos TFM, cronograma, titor e motivos para a non defensa. Recibíronse 16 respuestas válidas (10 en Santiago e 6 en Lugo), o que constitúe unha taxa de resposta do 40% (mellorando o 28.6% do curso 18-19 e o 43.1% acadado no curso 17-18).

O bloque máis valorado foi o relacionado cos aspectos relativos ao titor, acadando os valores más elevados da serie analizada dos 3 últimos cursos, destacando que estivo satisfeito/a co titor/a que lle foi asignado/a (4.81) e que o titor/a fillo un seguimento apropiado do traballo (4.63). O seguinte bloque máis valorado foi o relativo aos aspectos de organización dos TFM, con puntuacións medias superiores a 4, destacando como ítems específicos más valorados os prazos de asignación do TFM apropiados (4.69), a boa organización do proceso de asignación (4.56) e a satisfacción xeral co proceso (4.44) e que os prazos son correctos para poder defender en xullo (4.38).

Os principais motivos sinalados para a non defensa foron alleos ao Máster, por obrigas laborais ou de carácter non académico que fixeron que non se tivese o tempo necesario para o TFM.

A enquisa no curso 20-21 so foi respondida por unha alumna. Pese a que os seus resultados confirman o anteriormente exposto, non se poden considerar indicativos.

Para seguir incidindo sobre a mellora da taxa de graduación, plantézanse unha serie de accións de mellora para o curso 21-22:

**AM-1:** Volver a realizar a enquisa entre o alumnado matriculado no TFM, para poder ter datos históricos e analizar a evolución dos indicadores revisados, coa finalidade de analizar as causas que impiden a defensa do TFM e poder adoptar medidas correctoras.

**AM-2:** Elaboración dunha Guía Docente do TFM como medio para informar ao alumnado das competencias e contidos, a metodoloxía de ensino, o estilo e o formato da memoria, o sistema de avaliación, o procedemento de revisión e reclamación e o calendario do procedemento.

**AM-5:** Realización dunha reunión co alumnado do MUDE (Santiago, Lugo) unha vez realizado o período de prácticas para saber en que punto do proceso de elaboración do TFM están, identificar as posibles dificultades que poidan estar tendo, e poder establecer acciones correctivas se é necesario.

### Indicadores de rendemento

Os indicadores de rendemento (taxa de rendemento, taxa de éxito e taxa de avaliación, taxa de graduación, duración media dos estudos e taxa de abandono), presentan resultados satisfactorios no curso 2020-2021.

A táboa seguinte permite establecer unha comparativa dos indicadores en relación coa media obtida por titulacións comparables na USC:

Tabla 10. Indicadores de rendemento (MUDE vs valores medios)

INDICADOR	SANTIAGO	LUGO	INTERCAMPUS	USC
IN34M-Taxa de rendemento	94,46	93,05	93,77	90,08
IN35M-Taxa de éxito	99,55	99,53	99,54	99,01
IN36M-Taxa de avaliación	94,89	93,50	94,21	90,98
IN37M-Taxa de graduación	61,11	77,78	66,67	85,11
IN38M-Duración media dos estudos	1,30	1,40	1,35	1,45
IN41M-Taxa de abandono RD 1393/2007	16,67	0,00	11,11	6,55

Os tres primeiros indicadores, a taxa de rendemento do MUDE (93,77%), a de éxito (99,54%) e a de avaliación (94,21%) son superiores á media global da USC (90,08%, 99,01% e 90,98%, respectivamente), uns resultados compartidos tanto no campus de Santiago como no de Lugo. Pola contra, a taxa de graduación do Máster é inferior á media global da USC e da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (85% e 84%, respectivamente) e sitúase claramente por debaixo do 90% establecido na Memoria de Verificación do Título. Isto é consecuencia, probablemente, de que o alumnado do Máster estaba traballando cando iniciou os seus estudos, ou encontra traballo mentres o está cursando, o que dificulta a elaboración do TFM.

Adicionalmente, a taxa de abandono dos estudos duplica a media rexistrada na USC, pese a mellorar os valores de cursos precedentes. Aínda que as medidas restritivas -descontinuas ademais no tempo- implantadas no curso 2020-2021 poden ter provocado efecto na dificultade para rematar os estudos, este dato (unido ao previamente comentado da duración media dos estudos) debe ser obxecto de especial seguimento e control. En particular, a finalización dos estudos está directamente relacionada cos TFM pendentes de presentar, un asunto de preocupación recorrente na Comisión Académica Intercentros. En Santiago, dos 23 alumnos matriculados, presentáronse con éxito 15 traballos (65%), mellorando o dato do curso precedente (52%), mentres que en Lugo dos 21 alumnos matriculados presentáronse con éxito 10 traballos (un 47,62%), o que supón un retroceso neste indicador con respecto ao curso pasado (70%). Pese a elo, debe terse en conta que parte dos traballos pendentes están vixentes de cursos anteriores, o que dificulta a resolución deste problema.

### **Indicadores de satisfacción**

Os resultados obtidos das enquisas **de satisfacción do alumnado coa docencia recibida** amosan niveis positivos en ambos campus, superiores a 4,00 (en escala de 1 a 5) en todos os apartados dispoñibles. En termos xerais, as puntuacións concedidas polo estudiantado do Campus de Lugo son lixeiramente superiores ás de Santiago. Con todo, as medias de puntuación sitúanse en torno a 4,5 puntos.

As enquisas realizadas ás persoas titoras das prácticas profesionais de empresa amosan, igualmente, un elevado nivel de satisfacción (media dos ítems en torno a 4,5). No campus de Santiago, o ítem con menor valoración é o relacionado coa coordinación coa Universidade - responsables académicos-, que obtén unha valoración de 3,8 sobre 5 puntos. Pola contra, a percepción de que as prácticas proporcionan unha boa experiencia e unha vía de contacto do estudiante de cara ao seu futuro laboral obtén a máxima puntuación (4,72).

Por outra banda, tamén cabe destacar que as persoas participantes nas enquisas repetirían a oferta ao estudiante para facer prácticas, e tamén manifestan que o contratarían. En consecuencia, os empregadores están satisfeitos co rendemento do alumando.

No caso do campus de Lugo non se dispón de información deste indicador nos dous últimos cursos polo que é difícil facer unha valoración da satisfacción dos titulares profesionais coas prácticas externas. En relación a este aspecto, é importante sinalar que todas as empresas que recibiron alumnado en prácticas nos cursos precedentes seguen colaborando co máster na realización desta actividade, e a meirande parte reciben todos os cursos alumnado do máster (e as que non reciben é porque o alumnado non as seleccionou entre as ofertadas), o que pode considerarse un bo indicador da súa satisfacción. Finalmente, sinalar tamén que, o curso 2020/21 foi moi complicado para facer as súas prácticas como consecuencia da situación sanitaria.

Como consecuencia da pandemia, tampouco se dispón de información sobre o nivel de satisfacción do estudiantado coas prácticas externas nos dous campus.

## 0 Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira

### Orientación académica

O primeiro día de clase realiza unha xornada de benvida aos novos alumnos do Máster, na que se orienta ao alumnado tanto nos asuntos docentes relacionados co título, como dos medios e infraestruturas dispoñibles na facultade (biblioteca, salas de informática, etc) para o correcto seguimento da titulación. No segundo cuatrimestre, a coordinadora do Máster volve a realizar unha reunión co alumnado o primeiro día de clase coa finalidade de recalcar a importancia das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre e de xeito especial o relativo as prácticas en empresa e ao TFM.

### Admisión do alumnado

Na Memoria do Máster indícase, en relación aos requisitos de acceso, que o acceso é a capacidade que dan as leis para que unha persoa cuns estudos determinados poida cursar un determinado Máster. O artigo 16 do Real Decreto 1393/2007 establece de forma xenérica que para acceder aos ensinos oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que faculten no país expedidor do título para o acceso á docencia do máster. Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade dá homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acrediten un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles que facultan no país expedidor do título para o acceso aos ensinos de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os ensinos do máster.

O perfil de ingreso que se busca é o dun alumno interesado en profundar na Dirección e Xestión empresarial, desde unha perspectiva financeira ou contable, pero sempre consciente de que, antes de centrar o seu interese nun aspecto concreto, debe coñecer de forma suficiente o contexto económico-financeiro no que se enmarcan as realidades empresariais que deseja analizar e establecer as oportunas relacóns entre elas.

En canto ás condicións específicas para o acceso ao Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira: Poderán acceder a este Máster os que estean en posesión de calquera título de grao. En canto aos requisitos de admisión, estes poden verse na páx. 7 da Memoria do Máster:

[Direccion e Xestion Contable 2020 21.pdf \(azureedge.net\)](#)

A admisión ao Máster cumple a normativa da USC para másteres con límite de prazas e criterios xerais de selección.

O sistema de admisión do alumnado realizarase de acordo cos criterios e procedementos establecidos no Regulamento dos estudos oficiais de Posgrao da USC seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. Dirección URL:

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/rglestudosoficiaisposgrao.pdf>

A Comisión Académica do Máster ten as competencias en materia de admisión, tal como establecérese na normativa da USC:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rrdesreguestudosposgrao.pdf>

A Comisión Académica do Máster, tal como exponse na páxina 8 da Memoria do Máster, fará explícitos os criterios de admisión e a valoración dos méritos en cada curso académico de acordo coa normativa. En xeral:

1.- A Comisión Académica tomará a decisión de admisión do candidato baseándose no seu expediente académico e o seu *curriculum vitae*. Así, solicitarase ao candidato dita documentación (*Curriculum vitae* e expediente académico do título universitario) e reunirase para valorar aos candidatos, emitir un informe razoado de afinidade e determinar cales son os candidatos aceptados e rexeitados. A valoración dos criterios xerais será a seguinte:

- Expediente académico persoal (ata 10 puntos).
- *Curriculum vitae* (ata 10 puntos).

2.- No caso de que a Comisión Académica requírao, poderase realizar unha entrevista persoal co candidato, con obxecto de achegar máis información sobre a súa formación previa.

3.- Os aspirantes non admitidos poderán presentar unha reclamación no prazo e forma establecidos. Transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas estas, remitirse a relación de alumnos admitidos ao órgano de xestión de alumnos correspondente, a efectos de poder formalizar a súa matrícula no prazo que se sinala. De non formalizar a súa matrícula, o solicitante decaerá nos seus dereitos.

Establécense como criterios de selección os seguintes, por orde de preferencia, para o caso en que o número de preinscritos supere o número de prazas disponibles:

1. Graduados en ADE e Licenciados en ADE e Licenciados en Ciencias Empresariais.
2. Diplomados en Ciencias Empresariais
3. Graduados en Economía e Licenciados en Economía.
4. Titulados en Enxeñaría Superior
5. Outros graduados ou licenciados.

No caso de estudiantes con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade, a Comisión Académica do Máster, en colaboración co Servizo de Participación e Integración

### Universitaria

(<http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu/integracion.html>) avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos. O Servizo ofrece apoio a estudiantes con discapacidade, estudo de adaptacións curriculares, un programa de aloxamento para estudiantes con discapacidade, un programa de eliminación de barreiras arquitectónicas e un Centro de Documentación para a vida independente

### Mobilidade

O máster non tivo ningún alumno procedente de programas de mobilidade nos cursos 2018/2019, 2019/2020 (IN18M). No curso 2020/2021 estivo matriculado, na materia Produtos Financeiros, un alumno de Intercambio Internacional procedente de Italia.

### Prácticas externas

A realización de Prácticas externas é opcional. Para lograr alcanzar as competencias previstas na materia e evitar lagoas, a persoa responsable da tutela académica de ditas prácticas é a Coordinadora do Máster, a cal establece periodicamente contacto tanto cos estudiantes como coas persoas encargadas da titorización nas empresas para coñecer o desenvolvemento das prácticas e tentar mitigar as posibles desviacións. Indicar que en ningún caso foi necesario cambiar as prácticas dos alumnos.

#### Procedemento:

1.- Realizar a convocatoria de prácticas en empresa. Exemplo 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Convocatoria-prácticas-DIXECOFI-21\\_22.pdf asinado.pdf .pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

2.- Cubrir e presentar o formulario de prácticas o alumnado no Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC. Exemplo en 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Formulario\\_solicitud\\_prácticas. Master Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira. Curso 2021\\_2022.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

3.- Realizar a asignación provisoria de prácticas. Exemplo 2021/2022 (non está dispoñible na web os datos do curso 2020/2021):

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Asignación provisoria prácticas\\_DIXECOFI\\_21\\_22.pdf asinado.pdf .pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

4.- Realizar a asignación definitiva de prácticas. Exemplo 2021/2022 (non está dispoñible na web os datos do curso 2020/2021)

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Asignación definitiva\\_practicas\\_DIXECOFI\\_21\\_22.pdf asinado.pdf .pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

No curso 2019/2020 realizaron as prácticas o 47,62% (IN22M), das cales o 70% foron presenciais e o 30% restante, áinda que comezou de xeito presencial, tivo que rematalas con teletraballo

debido aos efectos do Estado de Alarma decretado no mes de marzo de 2020, ao non ter nas oficinas espazo suficiente que permita manter o distanciamento mínimo establecidos no protocolo COVID-19.

No curso 2020/2021 realizaron as prácticas o 31,25% dos estudiantes (IN22M). Tradicionalmente, a convocatoria de Prácticas en Empresa do máster realiza no mes de febreiro tras coñecer a nota media das materias impartidas no primeiro semestre. Por mor da Covid-19, en febreiro de 2021 a poboación estaba confinada e a docencia impartíase *online* o cal provocou una gran incerteza en canto as posibilidades de realizar de xeito presencial as prácticas e, en consecuencia, unha redución significativa do número de estudiantes matriculados na materia os cales puideron, finalmente, realizar as prácticas de xeito presencial nas seguintes empresas:

Centro de prácticas 2020/2021
Asociación SC-20
Deloitte Consulting SLU
Auditores, consultores y expertos independientes SLP (Audicon)
Caeiro SA
Cooperativas Lácteas Unidas Soc. Coop. Galega (CLUN)
Abanca Corporación Bancaria SA

Dende o curso 2018/2019 as enquisas de satisfacción dos estudiantes, dos titores profesionais e da titora académica coas prácticas externas non as realiza a área de Calidade e Mellora dos Procedementos (debido ás baixas taxas de participación nos cursos anteriores) e utilízanse as enquisas realizadas pola coordinadora do Máster no momento da finalización de ditas prácticas, tanto aos alumnos como aos titores na empresa.

En base aos datos de que dispón dita titora, no curso 2018/2019 realizaron as prácticas 13 alumnos, no curso 2019/2020, 10 alumnos e no curso 2020/2021, 6 alumnos.

Coa finalidade de coñecer a valoración das prácticas a Titora académica realizou dúas enquisas, unha aos alumnos e outra aos titores na empresa. Ditas enquisas foron contestadas polo 90% dos alumnos e o 100% dos titores no curso 2019/2020 e polo 100% dos alumnos e dos titores no curso 2020/2021.

Destacar que os alumnos valoran por encima de 4 todos os ítems. Tanto no curso 2019/2020 como no curso 2020/2021 as prácticas estiveron moi influenciadas por mor da COVID-19. En relación ao curso 2020/2021, na maioría das empresas, dado que tiñan traballadores en ERTE (expediente regulador temporal de emprego) non permitían a realización presencial das prácticas o cal levou a que varios alumnos, inicialmente matriculados na materia, fixeran un cambio na matrícula elixindo outra materia optativa, de tal xeito que só 6 alumnos realizaron as prácticas.

Para maior detalle sobre a enquisa revisar o informe de resultados do título.  
[\(informes resultados 20-21\)](#)

### Traballos fin de máster

A avaliación final do título realiza a través Traballo de Fin de Máster (TFM) e o seu Regulamento e información xeral que lle afecta, pódese atopar na seguinte dirección web:

[tfm\\_dixecofi\\_regulamento.pdf \(usc.gal\)](#)

O proceso de asignación de temas e titores e o seguinte:

1.- Realízase a convocatoria de asignación de temas e titores de TFM. Exemplo curso 2021-2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Convocatoria-e-proposta-de-temas-e-titores-TFM 2021-2022 DIXECOFI.pdf asinado.pdf .pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

2.- O alumno ten que cubrir e enviar ao Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o formulario de solicitude do tema e titor do TFM. Exemplo curso 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Formulario solicitude temas e titores TFM dixecofi 2021 2022.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

3.- Asignación provisoria de temas e titores en función da nota media obtida nas materias obligatorias do primeiro semestre. Exemplo 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Asignación provisoria TFM\\_DIXECOFI\\_21\\_22.pdf asinado.pdf .pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

4.- Asignación definitiva de temas e titores. Exemplo 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Asignación definitiva TFM\\_DIXECOFI\\_21\\_22.pdf asinado.pdf .pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

### **Alumnos repetidores**

Os alumnos que cursaron o máster no ano anterior e teñen pendente o TFM poden repetir título e titor.

A convocatoria realizase previamente a convocatoria xeral. Exemplo 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Convocatoria repetición título e titor a TFM. Master Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira. Curso 21\\_22.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

O alumnado ten que cubrir o formulario correspondente a solicitude de Titor/a ano anterior. Exemplo 2021/2022:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - tfm\\_dixecofi\\_formulario\\_solicitude\\_repetir\\_titor\\_a\\_curso\\_anterior.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

Asemade, o Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais mantén guías formativas na páxina relativa ao TFG da Facultade que son plenamente aplicables ao TFM:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - instruccions\\_tfg\\_tfm.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - tfg\\_alum\\_recursos\\_e\\_fontes\\_de\\_informacion.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

Doutra banda, varios titores de TFM realizaron guías específicas para a elaboración de determinados traballos tales como, por exemplo, "Análise Económico Financeiro da entidade ,".

### Indicadores de rendemento

En relación á análise dos resultados do Título, no curso 2020/2021 todos os indicadores melloran de xeito significativo.

ANÁLISE DOS RESULTADOS DO TÍTULO		2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021
IN34M	Taxa de rendemento (en %)	80,87	74,73	67,72	79,58	85,60	87,70
IN35M	Taxa de éxito (en %)	91,18	89,36	89,12	95,02	95,54	95,91
IN36M	Taxa de avaliación (en %)	88,70	83,63	75,98	83,75	89,60	91,44
IN37M	Taxa de graduación (en %)	-	33,33	51,85	42,86	55,00	77,27
IN38M	Duración media dos estudos	1,00	1,11	1,53	1,57	1,57	1,50
IN41M	Taxa de abandono RD 1393 (%)	-	41,67	7,41	14,29	5,00	4,55
IN50M	Taxa de éxito dos graduados (%)	100,00	100,00	91,46	91,45	87,50	95,81
IN53M	Taxa de eficiencia (%)	100,00	97,83	91,46	91,45	87,50	91,43

As Taxas de Rendemento (IN34M), Éxito (IN35M), Avaliación (IN36M) e Graduación (IN37M) alcanzan no curso 2020/2021 o seu valor máis alto na historia do máster.

En concreto, a Taxa de Graduación (IN37M), relación porcentual entre os estudiantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e o seu cohorte de ingreso, pasou do 55% no curso 2019/2020 ao 77,27% no curso 2020/2021, motivado en gran medida polo perfil de acceso do alumnado.

En relación á Duración media dos estudos (IN38M) no curso 2018/2019 e 2019/2020 no máster sitúase en 1,57, baixando a 1,50 no 2020/2021.

A Taxa de Abandono (IN41M), que indica a porcentaxe de alumnos que non se matricularon neste curso académico nin no anterior, baixa de xeito moi significativo, do 14,29% no curso 2018/2019, ao 5% no curso 2019/2020, e ao 4,55% no curso 2020/2021.

A Taxa de Éxito dos graduados (IN50M, relación porcentual entre o número de créditos que superou un estudiante ao longo da titulación na que foi graduado e o número total de créditos aos que se presentou) foi do 87,50% en 2019/2020 subindo ao 95,81% no curso 2020/2021.

A Taxa de Eficiencia (IN53M, relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudiante durante a titulación na que se graduou e o número total de créditos nos que se matriculou) sitúase no 91,43% no curso 2020/2021.

En calquera caso, debe terse en conta que a Taxa de Resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48M) foi do 36,67% no curso 2019/2020 e do 54,53% no curso 2020/2021.

Nos seguintes informes, sobre a acreditación da taxa de éxito, de rendemento e de avaliación

### Satisfacción dos estudiantes

En relación á materia optativa Prácticas en Empresa a coordinadora do máster é ademais a titora académica das Prácticas en Empresa de todos os estudiantes. Coa finalidade de coñecer a valoración de ditas prácticas realizou dúas enquisas, unha aos alumnos e outra aos titores na empresa (ver Criterio 1, 1.2 Prácticas externa, deste informe).

En relación á Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M) a valoración sitúase en 3,41 (cunha participación do 33,33%) no curso 2019/2020 e en 4,06 (cunha participación do 54,55%) en 2020/2021.

### Satisfacción dos graduados

Obtense información por primeira vez do Grao de satisfacción xeral dos graduados ca titulación (IN42M) no curso 2017/2018 cun valor de 3,54 sobre 5, subindo a 3,97 sobre 5 no curso 2018/2019. Non se dispoñen dos datos correspondentes ao curso 2019/2020 e no curso 2020/2021 sitúase en 3,29 sobre 5. Non se inclúe a información contida no INF 22 “Satisfacción do alumnado ca titulación” dado que o grado de participación na enquisa foi do 4,76% (e dicir, foi cuberta por 1 alumno).

A Satisfacción dos graduados coa información pública dispoñible (IN23M) é de 3,69 sobre 5 no curso 2017/2018 e de 3,33 sobre 5 no curso 2018/2019 (non hai datos dispoñibles para o máster do curso 2019/2020 e 2020/2021). En relación a Satisfacción dos egresados cos Servizos (IN33M) é de 4,05 no curso 2017/2018 e de 5 sobre 5 no curso 2018/2019 (non se dispoñen de datos nos cursos 2019/2020 e 2020/2021).

### Satisfacción do profesorado

En 2019/2020, a Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M) incrementouse situándose en 4,59 sobre 5 pasando a 4,12 sobre 5 no curso 2020/2021.

## 0 Máster en Economía

### Mobilidade

Dado o perfil e duración do Máster, non se considerou a posibilidade de mobilidade do alumnado no curso 2019-20.

Porén, recibiuse no curso 2020-21 a unha alumna de Erasmus, procedente dunha universidade polaca na UDC, e 2 alumnos de intercambio italianos na USC.

### Prácticas externas

O Máster conta dentro da súa oferta docente, prácticas curriculares que realizan os alumnos no a partir do 2º semestre (Xaneiro-Xullo). No Máster existe un procedemento interno e descentralizado onde o coordinador de cada universidade consulta individualmente a cada alumno o perfil de empresa onde deseja realizar as práctica, para logo buscar dentro do menú de empresas cas que

ten convenio o Máster e a Universidade aquela práctica que resulta mais axeitada para o cada alumna/o.

As empresas nas que estiveron realizando as prácticas os alumnos elixíronse de entre as que ten convenios o Máster e/ou as universidades participantes do programa. En particular, Arestora Consultores, Asociación de Emprendedores de Galicia (ASCEGA), Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, Coinscrap Finance, Concello de Arteixo, Concello de Cambre, Concello de Oleiros, Franquicias Gacela, Opseekers Tech, Paradores Nacionais, Pérez Rumbao, Qubitia Solucións, Txstockdata S.L., Valora Consultores de Gestión.

A duración das prácticas curriculares son de 150 horas non remuneradas. Aínda que existía a posibilidade de estender as práctica, converténdose en prácticas non-curriculares, neste curso 20-21 non houbo ningunha ampliación.

### Traballo fin de Máster

A materia Traballo de Fin de Máster evidencia unha gran complexidade na súa organización e no seu desenvolvemento (traballos individuais baixo a tutela dun profesor/a). Cada membro do profesorado con docencia no Máster en Economía ten ofertar como mínimo un TFM.

A proposta dos coordinadores do Máster, no curso 2018-2019 a Comisión Académica aprobou un regulamento sobre os TFM, casando as normativas das tres universidades participantes. Tamén no curso 2018-2019 a Universidade de Vigo aprobou unha nova normativa para os Traballos de Fin de Máster que entrou en vigor no curso 2019-2020. Nela estableceuse que o alumnado pode elixir entre ser avaliado polo seu titor ou ben por un tribunal colexiado. Esta normativa da Universidade de Vigo aplicara-se ao Máster evitando colisionar cas normativas das demais universidade e sempre que non sexa en preuxío da igualdade de oportunidades de todos os alumnos que cursen o Máster.

Porén, a normativa de TFM tivo que ser modificada novamente no curso 2019-2020 para adaptarse á nova normativa da UVigo.

Os TFM idealmente deberían agruparse por itinerarios, para que o Tribunal realizara unha avaliación comparativa mais xusta entre alumnos. Porén, cada unha das 3 universidades participantes teñen un calendario de TFM completamente diferente. Na UVigo ten dúas convocatorias (Xuño e Xullo), e a USC e a UDC teñen dúas (Xuño e Setembro), e a maiores, a UDC ten unha “convocatoria adiantada” de Setembro na última semana de Xullo. Esta disparidade de calendarios fai moi difícil (senón imposible) crear tribunais que avalén so alumnos do seu propio itinerario. Por esta razón, os coordinadores de Campus solicitaron á Comisión Académica que, mentres as 3 universidades non presenten un calendario común, os Tribunais de TFM se organicen por universidade e non por itinerarios.

No curso 2020-2021, 10 estudiantes defendieron o seu traballo ante tres tribunais colexiado paritario composto por tres membros. A distribución por universidades foi: 6 na UDC, 2 na USC e 2 na UVigo. A taxa de éxito no TFM é do 100%, o que supón que todo o alumnado que defendeu o seu traballo obtivo a cualificación de apto. As taxa de rendemento e avaliación foi do 100%.

Analizando conxuntamente a taxa de éxito coas taxas de rendemento e avaliación o que se conclúe é que os traballos que se defenden son bons, e os estudiantes acadan as competencias definidas na guía docente. Un TFM da UDC rematou publicado nunha revista JCR.

### Indicadores de rendemento

Dos 32 alumnos matriculados, 23 realizaron un seguimento continuado dos cursos, dos cales 8 alumnos estaban a tempo parcial, e 4 so lles quedaba o TFM para finalizar o Máster. A taxa de

graduación para o curso 2020-2021 foi do 41.7% dos alumnos que seguiron o curso a tempo completo.

Maila dificultade de realizar un curso completo precisa ter superados todos os créditos da titulación, e máis realizadas as Prácticas Curriculares para poder defender o Traballo de Fin de Máster, 10 de 23 alumnos a tempo completo foron quen de graduarse nun curso académico.

Os resultados de consecución foron elevados. A meirande parte dos alumnos superaron as materias. Podemos apuntar a dúas razóns. En primeiro lugar os alumnos que cursaron o Máster estaban moi motivados. En segundo lugar, o profesorado do Máster estivo moi comprometido co programa, tendo unha atención aos alumnos moi individualizada, cun grande seguimento e coñecemento da aprendizaxe por parte dos profesores do Máster.

### Indicadores de satisfacción

Nesta III edición do Máster, o alumnado incrementou a súa valoración da mestría en todos os ítems. Cabe resaltar:

- 0 O elevado grao de satisfacción (I02-MC) 4 sobre 5 no curso 2020-21, semellante ao 4.56 do curso 2019-20 e superior ao 2.98 no curso 2018-19;
- 0 O elevado grao de satisfacción do profesorado (I03-MC) 4,68 sobre 5 no curso 2020-21, superior ao 4.18 no curso 2018-19; e, especialmente,
- 0 O elevado grao de satisfacción do alumnado titulado (I04-MC) 4.67 sobre 5 no curso 2020-21, moi superior ao 3.24 do curso 2019-20 e do 3.41 no curso 2018-19.

O alumnado mantivo a súa valoración do Máster en todos os ítems entre o curso académico 2020-21 e o anterior 2019-2020:

- 0 A actividade docente (I04-DO) 4 sobre 5 no curso 2020-21, semellante ao 4.68 do curso 2019-20 e superior ao 3.67 no curso 2018-19;
- 0 a planificación da docencia (I05-DO) 3.91 sobre 5 no curso 2020-21, semellante ao 4 do curso 2019-20 e superior ao 2.98 no curso 2018-19.

No curso 2018-19 á baixa calidade percibida polos alumnos puido ser debida a que a docencia dunha mesma materia foi impartida por varios profesores de diferentes universidades. Isto pode levar a descoordinacións, solapamento de contidos docentes e excesiva carga de traballo para avaliar aos alumnos. Parece que as medidas implementadas pola Comisión Académica no curso 2019-20 foron as acertadas, e esta percepción mantense no curso 2020-21. Haberá que pensar nos vindeiros anos como mellorar a percepción do alumnado.

En canto a planificación e desenvolvemento da ensinanza do alumnado (I05-DO) e do profesorado (I06-DO), semella que é o ítem peor valorado e cunha peor evolución no curso 2020-21. Decreceu ao actual 3.91 de 4 (curso 2019-20) para o alumnado, e ao 3.67 do 4.15 (curso 2018-19) para o profesorado.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidad dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidad do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidad do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidad do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Persoal académico**

En termos xerais, os recursos humanos con que conta o centro para o bo desenvolvemento dos distintos títulos que nel se imparten cumplen cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidad aos estudiantes. Polo tanto, pode considerarse que, en xeral, o profesorado é suficiente para o correcto desenvolvemento dos títulos.

**A continuación preséntase unha serie de táboas cos indicadores relativos ao PDI (que xa se comentaron previamente):**

Táboa 6: Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total (IN25C-PS-01)

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	78,95	73,47	73,20	74,29	74,23
<b>Grao en Economía</b>	81,16	75,95	75,32	77,92	79,73
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	85,19	79,17	85,19	84,62	78,57
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	76,92	66,67	75,00	68,42	70
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	90,00	86,67	84,62	85,71	83,33
<b>Máster Universitario en Economía</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	100
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	79,17	73,91	64,00	71,43	75
<b>Total</b>	80,48	75,00	74,90	76,21	80,12

Táboa 7: Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total (IN26C-PS-01)

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	54,74	51,02	48,45	48,57	45,36
<b>Grao en Economía</b>	50,72	49,37	45,45	48,05	47,30
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	51,85	45,83	48,15	53,85	46,43
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	46,15	38,10	37,50	47,37	30
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	60,00	53,33	69,23	64,29	66,67
<b>Máster Universitario en Economía</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	73,33
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	50,00	47,83	40,00	42,86	35,00
<b>Total</b>	52,19	48,85	46,77	49,07	49,16

Táboa 8: Porcentaxe de PDI con sexenio sobre PDI total (IN24M-PS-01)

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]</b>	46,48	50,00	52,31	50,70	52,38
<b>Grao en Economía</b>	44,23	47,37	50,00	47,17	52,00
<b>Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación</b>	76,19	72,22	80,00	80,00	75,00
<b>Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]</b>	62,50	75,00	92,31	81,82	80,00
<b>Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira</b>	50,00	41,67	40,00	40,00	55,56
<b>Máster Universitario en Economía</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	80,00
<b>Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas</b>	76,47	80,00	85,71	86,67	72,73
<b>Total</b>	53,51	54,89	59,77	57,22	66,81

A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, experimentou un crecemento respecto ao promedio dos últimos 5 anos (como xa se comentou na directriz 1).

A maioría do PDI con docencia no centro son funcionarios (49,17%), sensiblemente inferior a media da USC (58,56%). A paralización dos procesos de estabilización e promoción do profesorado, e concretamente as promocións de profesores contratados doutores a profesores titulares, xunto coas xubilacións do profesorado, entre as que se inclúe unha elevada porcentaxe de profesorado funcionario, provocaron que o peso do PDI funcionario en relación ao total do PDI que imparte docencia na titulación sexa moi similar nos últimos cursos.

O peso do PDI doutor sobre o total do PDI é do 80,12%, áinda que nos últimos anos a porcentaxe está en crecemento, a diferenza respecto a media da Universidade é bastante significativa (84,17%).

No conxunto do centro, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, experimentou un crecemento constante nos cursos analizados ata situarse no curso 2018/19 no 52,31%, no curso 19-20 descendeu ata o 57,22% e no curso 20-21 experimentou un crecemento considerable chegando ao 66,81%. Existe unha considerable diferenza con respecto á porcentaxe da USC (85,47%), o cal se podería explicar pola dificultade para acceder aos sexenios no campo 8 da Economía e a Empresa, e aos problemas derivados da excesiva carga docente debido á elevada ratio de alumnos por profesor existente na titulación. De todos os xeitos, e polas dificultades antes apuntadas, sería deseñable que as comparacións deste indicador se puidesen facer en relación con outras titulacións de Economía ou polo mesmo da área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Sinalar que as áreas de coñecemento que teñen asignada docencia na titulación e que contan cun maior número de sexenios son: Economía Financeira e Contabilidade (12), Fundamentos da Análise Económica (12) e Economía Cuantitativa (9).

A continuación faise unha análise do profesorado en función da súa categoría profesional e a súa experiencia docente e investigadora (tomando como referencia os datos para o grao en ADE).

Categoría Profesional	Curso Académico		Curso Académico		Curso Académico		Curso Académico	
	2017/18		2018/19		2019/20		2020/21	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Catedrático de Universidade	6	5,94	2	2,04	2	2	3	3,06
Titular de Universidade	43	42,57	43	43,88	42	42	39	39,80
Titular de Escola Universitaria	1	0,99	1	1,02	2	2	1	1,02
Contratado Doutor	19	18,81	18	18,37	19	19	19	19,39
Colaborador	3	2,97	3	3,06	1	1	1	1,02
Axudante Doutor	2	1,98	3	3,06	7	7	7	7,14
Asociado de Universidade	13	12,87	15	15,31	15	15	13	13,27
Interino por Substitución/Vacante	11	10,89	12	12,24	8	8	14	14,29
Contrato Predoutoral	3	2,97	1	1,02	1	1	2	2,04
Total	101		98				100	

Na Facultade de CC Económicas e Empresariais a porcentaxe máis elevada de profesorado atópase na categoría de titular de universidade (42%), seguida polos profesores contratados doutores (19%), moitos dos cales teñen a acreditación para ser funcionarios, pero como se comentou anteriormente, a paralización dos procesos de promoción impedírono. Sinalar tamén o importante número de Asociados de Universidade (15%).

Outro aspecto relevante en relación á calidad da docencia, é a actualización por parte do profesorado nos métodos de ensino-aprendizaxe, polo que é interesante incentivar a presenza do profesorado nestes cursos. Como se pode observar na seguinte táboa, en termos xerais, en anos pasados, en torno a un 20-25% do profesorado participou en plans de formación. É de destacar o incremento tan pronunciado nas porcentaxes que se observa para o curso 2019-20 debido posiblemente á necesidade do profesorado de formarse nas ferramentas de docencia telemática empregadas durante o confinamento. No curso 20-21 a porcentaxe mantense no 54%.

**MEMORIA DE CALIDADE**

Páxina 124 de 162

<b>Porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
Grao en Administración e Dirección de Empresas	22,77%	36%	31,31%	58,82%	59%
Grao en Economía	14,08%	30,12%	24,69%	50,62%	49,40%
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	13,33%	39,29%	23,08%	51,85%	46,43%
Máster Universitario en Dirección de Empresas	15,38%	23,81%	41,67%	64,71%	55%
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	25,93%	3,57%	15,79%	65%	47,62%
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	9,09%	31,82%	30,77%	84,62%	69,23%
Máster Universitaria en Economía			12,50%	47,06%	53,33%
<b>Total</b>	<b>16,76%</b>	<b>27,44%</b>	<b>26%</b>	<b>60%</b>	<b>54%</b>

En relación aos programas de mobilidade do profesorado que imparte docencia nos títulos do centro é reducido. A porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade foi do 8,03% no 2019-20, con un lixeiro descenso respecto ao curso anterior. No curso 2020-21 mantense nun 7%.

<b>Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>	<b>2020-21</b>
Grao en Administración e Dirección de Empresas		2%	8,16%	6,00%	4,08%
Grao en Economía	1,41%	1,20%	2,47%	6,33%	3,80%
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	6,25%	3,45%	6,90%	17,86%	13,33%
Máster Universitario en Dirección de Empresas		4,76%	16,67%	11,76%	5%
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	8,00%	13,64%	16,00%	11%	
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira		6,67%	7,69%	7,69%	25,00%
Máster Universitario en Economía			6,25%	5,88%	
<b>Total</b>	<b>2,61%</b>	<b>5,29%</b>	<b>9%</b>	<b>9%</b>	<b>7%</b>

## Persoal de apoio

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con 27 persoas que prestan apoio para un correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras realizadas no centro así como para a xestión da biblioteca. Os postos de traballo existentes na actualidade son: Conserxería, no que están 6 persoas (catro auxiliares técnicos informáticos, un conserxe e un oficial de servizos); a Secretaría de Decanato que conta con 1 persoa; 6 persoas traballando nas secretarías dos departamentos; 1 técnico especialista en informática; 1 responsable de Asuntos Económicos; 1 responsable na Unidade de Apoyo á Xestión de Centros e Departamentos, 1 secretaría administrativa adscrita á Unidade de Xestión e 1 posto base da Unidade de Xestión. Ademais o centro conta con outros 9 postos relacionados coa biblioteca. A maior parte do PAS (17 dos 27) conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos dez anos.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha complexidade especial na xestión administrativa, derivada do elevado número de títulos que se imparten, dous títulos de grao e cinco títulos de máster. Por este motivo, considérase que sería oportuno contar con persoal de apoio adicional especializado na xestión administrativa dos títulos do centro. Esta problemática foi tratada en Comisión de Calidade en diferentes ocasións e plantexouse solicitar unha reunión con Xerencia para afondar no tema.

A satisfacción do PAS do centro co traballo desenvolvido (IN49C) é alta, acadando no 2020-21 un valor de 3,84.

	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
IN49C-Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	3,26	3,76	3,72	3,75	3,84
I7. Porcentaxe de participación do PAS do centro nos plans de formación	37,50	67,00	62,96	61,54%	64%
IN29- Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas (1-5 ata o curso 2017/2018) (1-10 a partir do curso 2018/2019)	3,91	3,99	7,84	7,64	7,64

A asistencia do PAS a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. A porcentaxe de PAS do centro que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade situouse no 61,54% no 2019/20. O nivel de satisfacción coas actividades formativas da totalidade do PAS da USC (Indicador: IN29-PS-01) é notable, acadando unha puntuación de 7,64 puntos sobre 10.

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidad dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidad dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidad dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudio; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na Facultade existe unha comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas que toma decisións relativas ás necesidades de infraestruturas do centro. Esta comisión está formada por representantes do equipo decanal, profesorado, PAS e alumnado e seguense os procedementos descritos no SGC do centro.

No curso 2020-21 procedeuse, do mesmo xeito que se fixo no cursos anteriores, a facer unha análise e revisión das carencias e necesidades de mellora no ámbito dos recursos e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da docencia adecuadas para a docencia de calidad no ámbito do EEES.

A continuación realiza unha análise dos recursos materiais e servizos cos que conta o centro.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais está situada nun edificio que, se ben dispón das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior, en termos de infraestruturas e mobiliario presenta varias carencias tanto en equipamento como na estrutura do edificio. Non obstante a Facultade de Ciencias Económicas está adaptada ás persoas con diversidade funcional. Así conta con prazas de aparcamiento reservadas a persoas con mobilidade reducida, ascensores, rampas de acceso, servizos adaptados, portas de dobre folla nas aulas, seminarios, etc. que facilitan a accesibilidade ao edificio sen limitación algúns por razón de deficiencia, discapacidade ou minusvalía. Por outra banda dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade.

A web da Facultade dispón dun directorio propio onde se indica o número de despacho do profesorado para facilitar el acceso a la información ao alumnado. Tamén se dispón dun acceso coa información dos espazos do centro dentro da propia páxina web: [http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas\\_servizos.html](http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.html).

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de Planos da Facultade ([https://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas\\_servizos.htm](https://www.usc.es/gl/centros/ecoade/infraestruturas_servizos.htm)) onde se pode consultar a situación dos despachos do profesorado, das aulas, dos seminarios, das aulas de informática, do Decanato, etc., e tamén un apartado de servizos de interese para o alumnado e dos recursos de que dispón en este ámbito ([http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/modules/destacados/news\\_0005.html](http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/modules/destacados/news_0005.html)). Ademais, a Facultade a través de Xescampus ha establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible dende a secretaría virtual do profesorado.

As instalacións que ofrece o centro para o desenvolvemento da actividade académica son as seguintes:

- 37 aulas de docencia teórica / seminario. Tódalas aulas disponen de pantalla, canón de vídeo, cámara e ordenador conectado á rede e 5 das aulas más grandes estean dotadas de megafonía. A práctica totalidade das aulas do centro están cableadas. Ademais, a Facultade pon a disposición de todo o profesorado diversos elementos portátiles: ordenadores, canóns de vídeo, pantallas, encerados e dispositivo de megafonía. Hai que destacar tamén que a Facultade dispón de rede wifi accesible en todas as instalacións.
- 7 aulas de informática para docencia con 116 postos. Tamén dispón dun aula para libre disposición de alumnado con ordenadores conectados á rede. O relevo de equipos obsoletos por outros novos é unha acción que se realiza de forma continua no tempo e á que se destinan numerosos recursos.
- Outros espazos: 5 salas de traballo para estudiantes, 5 locais para alumnado, 1 Sala de Xuntas do Centro, 1 Salón de Graos, 1 Sala de Profesorado, servizo de reprografía, cafetaría/comedor universitario.

A **Biblioteca** do centro da servizo na actualidade ao alumnado dos graos en Economía e Administración e Dirección de Empresas. Forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela e xunto á Biblioteca Intercentros “Concepción Arenal”, (Políticas, Dereito e Relacións Laborais) aglutina os recursos bibliográficos indispensables na área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Accesible dende a planta baixa da Facultade, disfruta dunha boa visibilidade. O seu espazo repártese en tres plantas en alzado, en torno a un patio central. Na planta baixa está a sala de lectura, con 348 postos de lectura. Con grandes ventanais, goza dunha excelente iluminación natural, ademais de estar dotada dun sistema de refrixeración de aire. Nesta mesma planta, pero na zona de acceso, está o mostrador de atención ao público, tras o que se instalaron 83 metros lineais de estantes para conter as coleccións de Documentos de Traballo e Referencia; os despachos de traballo do persoal técnico, unha zona de lectura de prensa con outros 10 postos máis, un PC con acceso a Internet e 4 “Webopacs” que permiten acceder ao catálogo automatizado de toda a Biblioteca Universitaria. Na segunda planta o primeiro semisótano, ubícase o depósito de monografías, que albergan o resto dos fondos, fundamentalmente de investigación, tamén en libre acceso. O equipamento complétase con outro PC destinado tanto á consulta do catálogo como de outros recursos en rede. A terceira planta o segundo semisótano, está ocupada pola Hemeroteca, onde poden consultarse en 23 postos de lectura toda a colección en libre acceso de revistas impresas en papel, tanto do último ano como retrospectivos. As revistas electrónicas e as bases de datos propias da BUSC e do Consorcio de Bibliotecas de Galicia, poden consultarse tamén dende outros 2 PCs situados na mesma sala de lectura, onde tamén se ubica outro “webopac”.

Toda a superficie da biblioteca permite conexión inalámbrica á rede. Tres fotocopiadoras, dúas delas de autoservicio e pertencentes a unha empresa externa, un fax, un scanner, un lector-reproductor de microformas, e tres impresoras, unha delas en rede, completan a dotación da biblioteca.

En resumen, a Biblioteca ocupa unha superficie total de 1844 m<sup>2</sup>, e conta cunha dotación global de 3143 m lineais de estanterías, que alojan un total de máis de 70.000 volumes de monografías, repartidos nunha colección de libros de alumnos permanentemente actualizada (uns 3500), de Documentos de Traballo (6500), Obras de Referencia (390), Teses e Memorias de Licenciatura (115), Bibliografía profesional (135) mapas (16), títulos en CD e DVD (353). O resto corresponde fundamentalmente ao fondo de investigación. A isto hai que engadir a colección de publicacións periódicas, formada por 2900 títulos dos que 700 se reciben actualmente na súa edición impresa e delas, 82 tamén en versión electrónica. Para consultar os seus fondos "in situ", a biblioteca ofrece un total de 381 postos de lectura, e para acceder aos seus recursos de información 5 "Web opacs" e 4 Pcs.

Como o resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, brinda aos seus usuarios as prestacións de formación, consulta en sala, préstamo a domicilio e interbibliotecario, fotodocumentación e acceso a todos os recursos web.

Para investir da mellor forma posible os escasos recursos dispoñibles continuouse axilizando o funcionamento da comisión de asuntos económicos e infraestruturas, na que participan profesorado, PAS e alumnado, e que decide tendo en consideración os recursos con que conta a Facultade, o reparto do orzamento e a contratación de determinadas obras ou adquisicións de materiais e recursos. O procedemento a seguir pasa, en primeiro lugar pola detección de necesidades para, a continuación, establecer unha orde de prioridades; o obxectivo é levar a cabo as accións necesarias para o mantemento das infraestruturas e servizos que garantan o bo funcionamento do centro.

Continuáronse realizando accións de mellora e actualización dos contidos da páxina web do centro (infraestruturas, planos da facultade, servizos, TFG, prácticas externas, mobilidade), así como o mantemento actualizado das redes sociais da Facultade con información das actividades.

Durante o curso académico 2020-2021 a Facultade puxo en marcha unha acción de mellora destinada a renovación de aulas e outros espazos de traballo. Neste senso, dende o Centro realizáronse unha serie de melloras nas infraestruturas que xa foron comentadas.

Na mesma liña, para o curso 21/22 plantexouse a Acción de Mellora 14 que supón realizar melloras no equipamento das aulas e dos espazos comúns do centro.

A Facultade a través de Xescampus ten establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible desde a secretaría virtual do profesorado.

Con respecto aos servizos de orientación académica e profesional dispoñibles, a USC conta con diferentes servizos de atención ao estudiante que, incluíndo estudiantes estranxeiros e egresados (programas de apoio ao estudiante como as xornadas de acollida e orientación, plan de acción tutorial, programa de *mentoring*, servizos para visitantes, oficina de apoio a persoas con discapacidade, bolsas e axudas). Estas iniciativas teñen por obxecto lograr, a través dunha atención personalizada ao estudiante, a mellora no seu labor de aprendizaxe. Pola súa banda, a área de Orientación Laboral leva a cabo diversas actuacións dirixidas a apoiar e orientar ao estudiante na procura de emprego, para mellorar o seu empregabilidade e favorecer a inserción laboral, contando así mesmo cunha bolsa de emprego. A Universidade tamén pon ao servizo do alumnado e do profesorado a área de Valorización, Transferencia e Emprendemento. Esta área vai dirixida, entre outros, a emprendedores da comunidade universitaria que teñan interese en pór en marcha un novo proxecto empresarial baseado no coñecemento.

Para facilitarlle ao alumnado que accede por primeira vez á universidade, o centro organiza unha xornada de acollida e orientación. Nela desenvólvense charlas informativas para dar a coñecer a estrutura da Universidade e da Facultade, o seu funcionamento, normativas, actividades, as canles de información, os servizos que oferta, os responsables académicos e as súas funcións. Ademais de explicarllles o funcionamento do centro, da biblioteca e os servizos que ten ao seu alcance, reciben información precisa sobre a localización das distintas dependencias e dos contidos da web do centro e xeneral da USC que están especificamente dirixidos a eles. A esta xornada de acollida común para os estudiantes de novo acceso, súmase a presentación que o persoal da Biblioteca realiza deste servizo.

De igual maneira desenvólvense outras actividades, por exemplo o mes do emprego na facultade (actividades e talleres sobre saídas profesionais, elaboración de currículos, etc.), sesión informativa sobre os Máster que se imparten na USC, así como impartición de conferencias sobre temáticas relacionadas coa orientación profesional e a docencia. Ao mesmo tempo, segundo o Plan de Acción Titorial para os alumnos/as interesados pódesele asignar un tutor, atendendo ás súas necesidades particulares.

Un modo de poder valorar os recursos materiais e servizos do centro é a satisfacción dos usuarios cos mesmos.

No que se refire á satisfacción dos estudiantes e egresados cos mesmos e analizando os datos do informe da satisfacción dos egresados, obsérvase que nos últimos cursos académicos a satisfacción dos egresados coas infraestruturas, recursos tecnolóxicos, biblioteca e cafetería/comedor é moi positiva e bastante por encima da media da USC. A enquisa de satisfacción dos egresados foi modificada e nos últimos anos non se pregunta pola satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro.

Dende o centro, no curso 20/21 realizouse unha enquisa na que se preguntou sobre estes aspectos.

O 89,3% do alumando de ADE (92 enquisados) e o 77,8% (63 enquisados) amósase satisfeito ou moi satisfeito cos recursos educativos, infraestruturas e materiais dispoñibles no centro.

#### **Directriz 6. Información pública**

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, convxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O procedemento de información pública implementado dentro do SGC (PC-12) ten como obxectivo establecer o sistema para facer pública a información relevante das titulacións impartidas no centro, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización con fin de manter informados aos seus grupos de interese. Alcanza á totalidade de información publicada sobre cada unha das titulacións oficiais impartidas nos centros.

Trátase, ademais de garantir a transparencia, de facilitar información aos grupos de interese nos procesos de toma de decisións, en particular ao estudiantado e profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, cómprese a función de render contas á sociedade sobre a evolución pasada, actual e previsible do título.

No curso 2016-2017 desenvolveuse un cambio no deseño da web da USC polo que houbo que adaptar a información ao novo formato.

Na web do centro/título publícase información actualizada e axeitada sobre o desenvolvemento dos títulos e o seu plan de estudos (programas, horarios, calendarios de exames, prácticas, mobilidade, etc.), sendo accesible a todos os grupos de interese, internos e externos. Os cambios sobrevidos xunto con calquera outra información de interese, resáltanse na web do centro no apartado de "Novidades".

Froito das reflexións do seguimento dos títulos realizadas nos cursos pasados, fixérонse na Facultade pequenos cambios que consideramos melloraron este aspecto concreto que estamos a avaliar:

- Desde que funcionan as aulas virtuais de coordinación, empréganse para enviar mensaxes a todo o alumnado con información diversa sobre as actividades desenvolvidas no centro.
- Hai dúas pantallas para transmitir a información pública no centro
- Organízanse a sesión de acollida en primeiro onde, entre outras moitas cousas, se lle informa ao alumnado das fontes de información dispoñibles;
- Realízanse sesións de presentación presenciais da materia Traballo Fin de Grao, dos programas de mobilidade, dos posgraos que se imparten na Facultade, etc.
- O centro conta con perfiles nas redes sociais Instagram, Youtube, Twitter, Facebook e Linkedin. A través destas redes faise difusión de todo o que acontece no centro e de cuestións de relevancia para a comunidade universitaria.

A continuación preséntase unha táboa que recolle a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible para cada un dos títulos que se imparte na Facultade (para o curso 19/20 e 20/21 non se dispón de datos):

<b>IN23M-PC-12- Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>	<b>2018-19</b>
Economía	2,98	2,83	3,4
ADE	3,16	3,21	3,06
Máster DEIN	3,2	2,2	3,5
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable		3,69	3,33
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas		3,1	4,2
Máster Universitario en Dirección de Empresas	3	3,63	3,6

Aínda que existe marxe de mellora neste aspecto, en termos xerais, este indicador está a mellorar continuamente nos últimos anos.

Unha das liñas estratéxicas que rexen as accións de mellora do centro é a mellora da comunicación do mesmo. O obxectivo xeral é mellorar as políticas de comunicación, tanto cara dentro como cara ao exterior.

En xeral, consideramos que os títulos impartidos no centro cumplen con todos os requerimentos da ACSUG en materia de información pública, xa que a información relevante dos distintos títulos está dispoñible para os axentes interesados na mesma. A pesar disto, plantexouse unha acción de mellora para o curso 18/19 co obxecto de tratar de completar os contidos da web e mellorar a accesibilidade da información así como dar maior difusión ao sistema de garantía de calidade do centro. Así mesmo, elaborouse unha guía do estudiante coa información máis relevante sobre o funcionamento do centro.

Na mesma liña, para o curso 19/20 plantéxase a Acción de Mellora 12 co obxecto de ofrecer maior información

e con maior claridade ao estudiantado (posta en funcionamento dun perfil de twitter, “welcome day” para o alumnado estranxeiro, elaboración de horarios específicos por grupo de interactiva e posta a disposición dos mesmos na páxina web do centro).

Para o curso 20/21 plantexáronse dúas accións de mellora neste senso:

- **AM 5:** Clarificar e sistematizar a información relativa ao PAT.
- **AM 8:** Dar maior difusión aos indicadores de calidade de centro e título, dar maior transparencia aos acordos das comisións, dar maior difusión de información relevante para os estudiantes e egresados a través das redes sociais.

A execución destas accións de mellora xa foi comentada previamente.

Para o curso 21/22 plantéxanse as seguintes accións de mellora nesta liña (xa foron comentadas previamente):

- **AM-15:** Realizar unha comunicación periódica a modo de xornal do centro no que se comuniquen os principais acontecementos así como os acordos más relevantes.
- Accións de mellora de título encamiñadas á publicación das actas das reunións das comisións académicas na intranet do centro.

**1. Plan de Melloras do centro**

(As accións de mellora dos títulos de Máster poden consultarse nos respectivos informes de resultados)  
[\(informes resultados 20-21\)](#)

**Obxectivo a conseguir:** Necesidade de revisión da documentación do Sistema de Garantía de Calidade.

Responsable do obxectivo: Vicedecana de Calidade e Xestión Económica	Data inicio: 01/09/2021	Data fin: 21/12/2022
--	-------------------------	----------------------

<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-01 Planificación estratégica PE-02 Revisión e mellora		
<b>Indicador/es de medición</b>	Documentación do SGC	<b>Meta a conseguir</b>	Actualizar a documentación do SGC
<b>Accións de mellora relacionadas</b>	AM-1.1 Actualización da documentación do SGC do centro.		

**Obxectivo a conseguir:** Actualización dos plans de estudos de grao do centro.

Responsable do obxectivo: Vicedecana de Docencia e Titulacións, Vicedecana de Calidade e Xestión Económica	Data inicio: 02/09/2021	Data fin: 21/12/2022
--	-------------------------	----------------------

<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-02 Revisión e mellora		

MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 133 de 162

<b>Indicadores de medición</b>	Calendario reunións das Comisións	<b>Meta a conseguir</b>	Avanzar na modificación dos plans de estudos
<b>Accións de mellora relacionadas</b>  AM-2.1		Para o grao en ADE: Crear unha Comisión encargada da modificación do plan de estudos.  Para o grao en Economía: Seguir avanzando no debate xa iniciado de cara a modificación do plan de estudos.	
<b>Obxectivo a conseguir:</b> Elaborar e actualizar periodicamente o plan de captación para cada curso.			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Calidade e Xestión Económica, Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais		<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>		Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.	
<b>Procesos clave relacionados</b>		PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación  PC-02 Planificación das ensinanzas  PC-03 Apoyo a estudiantes  PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas	
<b>Indicadores de medición</b>	Plan de captación	<b>Meta a conseguir</b>	Dispoñer dun plan de captación actualizado
<b>Accións de mellora relacionadas</b>  AM-3.1, AM-3.2		Desenvolver tarefas novas encamiñadas á captación do estudiantado como son a realización de vídeos curtos de estudiantes actuais e egresados dirixidos a potencial futuro alumnado.  Aprobar o plan de captación en Comisión de Calidade e subilo á AASX.	

**Obxectivo a conseguir: Dispoñer de táboas de validacións entre títulos de técnico superior de FP e os graos de ADE e Economía e con distintas titulacións.**

<b>Responsable do obxectivo:</b> Secretaria da facultade		<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>		Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.	
<b>Procesos clave relacionados</b>		PC-02 Planificación das ensinanzas PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas	
<b>Indicadores de medición</b>	Táboa de validacións	<b>Meta a conseguir</b>	Dispoñer da táboa de validacións
<b>Accións de mellora relacionadas</b> <b>AM-4.1</b>		Aprobar en comisión de validacións as novas táboas de validacións	
<b>Obxectivo a conseguir: Conseguir maior taxa de resposta do alumnado en enquisas de satisfacción</b>			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Calidade e Xestión Económica		<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>		Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.	
<b>Procesos clave relacionados</b>		PC-03 Atención a estudiantes PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	
<b>Indicadores de medición</b>	Informe da enquisa realizada	<b>Meta a conseguir</b>	Incrementar a taxa de resposta das enquisas de satisfacción
<b>Accións de mellora relacionadas AM-5.1</b>		Asumir dende o centro a realización dunha enquisa encamiñada a coñecer a satisfacción do estudantado co TFG, coa titulación e coas infraestruturas do centro.	

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 135 de 162

**Obxectivo a conseguir: Destacar a relevancia da avaliación continua e da asistencia ás clases**

<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Docencia e Titulacións, Vicedecana de Calidade e Xestión Económica, Comisións Académicas	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
---	--------------------------------	-----------------------------

<b>Obxectivo estratégico relacionado</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
--	---

<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
------------------------------------	--------------------------------------

<b>Indicadores de medición</b>	<b>Informe da enquisa realizada</b>	<b>Meta a conseguir</b>	Destacar ao alumnado a relevancia da avaliación continua e da asistencia ás clases
--------------------------------	-------------------------------------	-------------------------	--

<b>Accións de mellora relacionadas</b>	Realizar un estudio entre o profesorado do centro encamiñado a coñecer a importancia da avaliación continua e a correlación entre a cualificación obtida na avaliación continua e a cualificación final obtida polo alumnado.
--	---

**Obxectivo a conseguir: Incrementar os convenios de mobilidade**

<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
---	--------------------------------	-----------------------------

<b>Obxectivo estratégico relacionado</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
--	---

<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
------------------------------------	--------------------------------------

<b>Indicadores de medición</b>	<b>Convenios asinados</b>	<b>Meta a conseguir</b>	Incrementar o número de convenios asinados
--------------------------------	---------------------------	-------------------------	--

<b>Accións de mellora relacionadas AM-7.1</b>	Incrementar o número de convenios de mobilidade
---	---

**Obxectivo a conseguir: Estimular a participación e o interese do alumnado na vida do centro**

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 136 de 162

<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecano de Estudantes e Relacións Institucionais, Decano	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas	
<b>Accións de mellora relacionadas</b>  <b>AM-8.1, 8.2, 8.3</b>	Celebración da Feira do Libro Libre  Posta en marcha da iniciativa “Por amor o arte”. Periodicamente presentarase unha obra ou peza escultórica do centro e a modo de concurso plantexarase ao alumnado o reto de atopala no centro.  Monólogo humor en galego: “Humor infame”	
<b>Obxectivo a conseguir:</b> Necesidade de actualización e de maior dotación de contidos prácticos nas ensinanzas		
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Relacións coas Empresas e Institucións	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2021
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas	
<b>Accións de mellora relacionadas</b>  <b>AM-9.1, AM-9.2</b>	Ofrecer ao alumnado complementos á súa formación.  Ciclo de Conferencias “Aprendendo das Empresas”  Realización de distintos cursos que complementan a formación do alumnado: ERP (Libra), Power Bi, “R”...	
<b>Obxectivo a conseguir:</b> Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades de prácticas.		
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Relacións coas Empresas e Institucións	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 137 de 162

<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas		
<b>Indicadores de medición</b>	Número de convenios	<b>Meta a acadar</b>	Incrementar o número de convenios
<b>Accións de mellora relacionadas</b>	Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades públicas e privadas.		
<b>AM 10.1</b>			
<b>Obxectivo a conseguir: Coñecer as causas do abandono do alumnado</b>			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Docencia e Titulacións, Comisións Académicas de grao	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022	
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04: Desenvolvemento das ensinanzas		
<b>Accións de mellora relacionadas</b>	<p>Realizar unha reunión cos/as directores/as de departamento para discutir os resultados das materias.</p> <p>Realizar unha reunión cos/as delegados/as (especialmente os/as de primeiro de Economía) para coñecer a súa opinión sobre as causas do abandono.</p> <p>Realizar unha reunión co profesorado, especialmente o que imparte en primeiro de Economía (onde o problema é maior).</p>		
<b>AM 11.1, 11.2, 11.3</b>			

**Obxectivo a conseguir: Formación continua do profesorado**

<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Docencia e Titulacións	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
---	--------------------------------	-----------------------------

<b>Obxectivo estratégico relacionado</b>	Directriz 4. Garantía e mellora da calidad dos recursos humanos
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-01: Xestión dos recursos humanos
<b>Accións de mellora relacionadas AM-12.1, 12.2</b>	<p>Realización do curso “A docencia das Matemáticas nos Graos de Economía e Empresa: retos presentes e futuros”</p> <p>Compartir experiencias docentes con profesorado doutras universidades.</p>

**Obxectivo a conseguir: Facilitar a través de diferentes vías a incorporación do novo persoal ao centro**

<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Calidade e Xestión Económica, Vicedecana de Empresa e Titulacións, Decano	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
--	--------------------------------	-----------------------------

<b>Obxectivo estratégico relacionado</b>	Directriz 4. Garantía e mellora da calidad dos RRHH	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-01 Xestión dos recursos humanos	
<b>Indicadores de medición</b>	<b>Guía profesorado, protocolo de acollida</b>	<b>Meta a acadar</b> Facilitar a incorporación das novas incorporacións
<b>Accións de mellora relacionadas AM-13.1, 13.2, 13.3, 13.4</b>	<p>Crear un Comité de benvida para o novo profesorado co fin de familiarizalo coa vida do centro e co seu funcionamento</p> <p>Realizar unha reunión co profesorado novo para presentar o equipo decanal e o funcionamento do centro así como para coñecer ás novas incorporacións e as súas inquedanzas</p>	

	Elaborar unha guía para o profesorado que sirva de apoio ás novas incorporacións  Elaborar un protocolo de acollida para facilitar a integración e adaptación do PAS que se incorpore á Unidade de Xestión	
<b>Obxectivo a conseguir: Realizar melloras nas instalacións e equipamento do centro</b>		
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Calidade e Xestión Económica, Decano	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>		Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
<b>Procesos clave relacionados</b>		PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos
<b>Indicadores de medición</b>	Satisfacción dos usuarios coas infraestruturas	<b>Meta a acadar</b> Mellorar as instalacións do centro
<b>Accións de mellora relacionadas AM-14.1, 14.2, 14.3</b>		Realizar melloras no equipamento das aulas  Restauración e conservación do patrimonio artístico da facultade  Realizar melloras no acondicionamento de zonas comúns e despachos
<b>Obxectivo a conseguir: Realizar unha comunicación periódica a modo de xornal do centro</b>		
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Calidade e Xestión Económica	<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>		Directriz 6. Información pública
<b>Procesos clave relacionados</b>		PS-06 Información pública
<b>Accións de mellora relacionadas AM-15.1</b>		Difundir o xornal da facultade entre os distintos colectivos de xeito periódico

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 140 de 162

<b>Obxectivo a conseguir: Dispor de información actualizada dos procedementos que xestiona a Unidade de Xestión</b>			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Responsable da Unidade de Xestión		<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2023
<b>Obxectivo estratégico relacionado</b>	Directriz 6. Información pública		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-06 Información pública		
<b>Indicadores de medición</b>	Catálogo de procesos	<b>Meta a acadar</b>	Documentar as tarefas responsabilidade da Unidade, catálogo de procesos
<b>Accións de mellora relacionadas AM-16.1</b>	Elaboración dun catálogo de todos os procesos que se realizan na Unidade, co máximo nivel de desagregación en tarefas que sexa posible.		
<b>Obxectivo a conseguir: Mellorar a xestión da Unidade de Xestión optimizando as utilidades do Office 365</b>			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Responsable da Unidade de Xestión		<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratégico relacionado</b>	Directriz 6. Información pública		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-06 Información pública		
<b>Indicadores de medición</b>	Procesos optimizados empregando Office 365	<b>Meta a acadar</b>	Documentar as tarefas responsabilidade da Unidade, catálogo de procesos
<b>Accións de mellora relacionadas AM-17.1</b>	Organización de toda a documentación da Unidade en carpetas compartidas no OneDrive  Emprego de Forms en procesos como a convocatoria de prácticas en empresas, a asignación de destinos SICUE e a asignación de destinos ERASMUS		

<b>Obxectivo a conseguir: Renovar a composición do Comité Consultivo</b>			
<b>Responsable do obxectivo:</b> Vicedecana de Calidade e Xestión Económica		<b>Data inicio:</b> 02/09/2021	<b>Data fin:</b> 21/12/2022
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>		Directriz 6. Información pública	
<b>Procesos clave relacionados</b>		PS-06 Información pública	
<b>Indicadores de medición</b>	Manual do SGC onde figure esa característica da composición do Comité Consultivo	<b>Meta a acadar</b>	Manter o Comité Consultivo actualizado
<b>Accións de mellora relacionadas AM-18.1</b>		Incluír como membro do Comité Consultivo á empresa ou institución galardoada co premio Fulget cada ano (dado que é precisamente unha organización premiada pola súa vinculación e compromiso coa facultade).	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 142 de 162

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidad. PE-01 Planificación estratégica PE-02 Revisión e mellora
	Definición	Análise causa	Necesidade de revisión da documentación do SGC.
		Definición/descripción proposta	Actualización da documentación relativa ao SGC
		Data prevista de finalización	21-12-2022
		Data inicio	02/09/2021
Responsables		Responsable da implantación	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
Tarefa1		Código	AM-1.1
		Descripción tarefa	Actualización da documentación do SGC
		Data prevista de finalización	21-12-2022
		Persoa responsable	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. PE-02 Revisión e mellora
	Definición	Análise causa	Necesidade de actualización dos plans de estudos de grao do Centro.
		Definición/descripción proposta	Avanzar no desenvolvemento da renovación dos plans de estudos de grao do Centro.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 143 de 162

		<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2022
		<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións, Vicedecana de Calidade e Xestión Económica	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM 2.1	
	<b>Descripción tarefa</b>	Para o grao en ADE, crear unha Comisión encargada da modificación do plan de estudos. Para o grao en Economía, seguir avanzando no debate xa iniciado de cara a modificación do plan de estudos.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2022	
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións Vicedecana de Calidade e Xestión Económica	

ACCIÓN DE MELLORA			
	<b>de acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-3
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
<b>Definición</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>		Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante. PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación PC-02 Planificación das ensinanzas PC-03 Apoyo a estudiantes PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
	<b>Análise causa</b>		Necesidade de elaborar e revisar periodicamente o plan de captación formal para cada curso.
	<b>Definición/descripción proposta</b>		Elaborar e aprobar en Comisión de Calidade o plan de captación do centro e dar difusión ao mesmo.
	<b>Data prevista de finalización</b>		21/12/2022
	<b>Data inicio</b>		02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM 3-1	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 144 de 162

	<b>Descripción tarefa</b>	Desenvolver tarefas novas encamiñadas á captación do estudiantado como son a realización de vídeos curtos de estudiantes actuais e egresados dirixidos a potencial futuro alumnado.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais
	<b>Código</b>	AM 3.2
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Descripción tarefa</b>	Aprobar o plan de captación en Comisión de Calidade e subilo á AASX
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais
	<b>Código</b>	AM 4.1

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-4
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito aplicación</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante. PC-03 Atención a estudiantes
		<b>Análise causa</b>	Carencia de táboas de validacións actualizadas
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Elaboración de táboas de validacións entre títulos de Técnico Superior de FP e os graos de ADE e Economía e con distintas titulacións.
	<b>Definición</b>	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
		<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Secretaria da Facultade
<b>Tarefa1</b>		<b>Código</b>	AM 4.1
		<b>Descripción tarefa</b>	Aprobar en comisión de validacións as novas táboas de validacións.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 145 de 162

	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Secretaria da Facultade

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-5
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito aplicación de</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante. PC-03 Atención a estudiantes
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Baixas taxas de resposta en determinadas encuestas de satisfacción.
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Asumir dende o centro a realización dunha encuesta encamiñada a coñecer a satisfacción do estudiantado co TFG, coa titulación e coas infraestruturas do centro.
	<b>Data prevista de finalización</b>		21/12/2022
	<b>Data inicio</b>		01/09/2021
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
<b>Tarefa1</b>		<b>Código</b>	AM. 5.1.
		<b>Descripción tarefa</b>	Asumir dende o centro a realización da encuesta de TFG
		<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
		<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-6
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito aplicación de</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 146 de 162

<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Detéctase desinterese no alumnado e problemas de asistencia que poden estar causados pola crenza por parte do alumnado da pouca utilidade de seguir a avaliación continua e asistir ás clases.
	<b>Definición/descripción proposta</b>	Realizar un estudo entre o profesorado do centro encamiñado a coñecer a importancia da avaliación continua e a correlación entre a cualificación obtida na avaliación continua e a cualificación final obtida polo alumnado.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Comisións Académicas de grao
	<b>Código</b>	AM. 6.1
<b>Tarefa1</b>	<b>Descripción tarefa</b>	Elaborar a enquisa, aprobala en Comisión Académica e difundila entre o profesorado
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Comisións Académicas de grao

ACCIÓN DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>de Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-7
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Ámbito de aplicación</b>	<b>Ámbito aplicación</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
		<b>Análise causa</b>	Incrementar os convenios de mobilidade
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Incrementar o número de convenios con outras Universidades
	<b>Definición</b>	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
		<b>Data inicio</b>	02/09/2021

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 147 de 162

<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM.7.1
	<b>Descripción tarefa</b>	Incrementar o número de convenios de mobilidade
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecano de Estudantes

ACCIÓN DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-8
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito aplicación</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
		<b>Análise causa</b>	Elevado absentismo do alumnado ás clases e desinterese na vida do centro.
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Tratar de estimular a participación e o interese do alumnado na vida do centro
		<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
		<b>Data inicio</b>	01-09-21
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Empresas e Institucións Vicedecano de Estudantes Decano
<b>Tarefa 1</b>		<b>Código</b>	AM 8.1.
		<b>Descripción tarefa</b>	Celebración da Feira do Libro Libre
		<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
		<b>Persoa responsable</b>	Decano
<b>Tarefa 2</b>		<b>Código</b>	AM 8.2.
		<b>Descripción tarefa</b>	Posta en marcha da iniciativa “Por amor o arte”. Periodicamente presentarase unha obra ou peza escultórica do centro e a modo de concurso patexarase ao alumnado o reto de atopala no centro.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 148 de 162

	<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
Tarefa 3	<b>Código</b>	AM 8.3
	<b>Descripción tarefa</b>	Mónologo de humor en galego: "Humor infame"
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	<b>de Acción mellora</b>	<b>Código</b>	AM-9
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
		<b>Ámbito aplicación</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de actualización e de maior dotación de contidos prácticos nas ensinanzas.
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Ofrecer ao alumnado complementos á súa formación.
		<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
Responsables		<b>Data inicio</b>	02/09/2021
		<b>Responsable implantación</b>	Vicedecana de Relacións con Empresas e Institucións
Tarefa 1		<b>Código</b>	AM 9.1
		<b>Descripción tarefa</b>	Ciclo de Conferencias "Aprendendo das Empresas"
		<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
Tarefa 2		<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Relacións con Empresas e Institucións
		<b>Código</b>	AM 9.2
		<b>Descripción tarefa</b>	Realización de distintos cursos que complementan a formación do alumnado: ERP (Libra), Power Bi, "R"...
		<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 149 de 162

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-10
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito aplicación	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
		Análise causa	Necesidade de incorporación constante de novas entidades de prácticas.
		Definición/descripción proposta	Incrementar o número de convenios de prácticas con entidades públicas e privadas.
		Data prevista de finalización	21/12/2022
		Data inicio	02/09/2021
Responsables	Responsable implantación	Vicedecana de Relacións con Empresas e Institucións	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-11
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito aplicación	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante.
		Análise causa	Taxas de abandono elevadas no grao de Economía e descenso nos matriculados en primeira opción.
		Definición/descripción proposta	Tratar de coñecer as posibles causas do abandono
		Data prevista de finalización	21/12/2022
		Data inicio	02/09/2021
Responsables	Responsable implantación	Vicedecana de Docencia e Titulacións Comisión Académica do grao	
Tarefa 1	Código	AM 11.1	
	Descripción tarefa	Reunións cos directores de departamento para discutir os resultados das materias.	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 150 de 162

	<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións
Tarefa 2	<b>Código</b>	AM 10.2
	<b>Descripción tarefa</b>	Reunión cos delegados de primeiro para coñecer as posibles causas do abandono.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
Tarefa 3	<b>Código</b>	AM 10.3
	<b>Descripción tarefa</b>	Reunión co profesorado especialmente de primeiro de Economía (onde o problema é maior)
	<b>Data prevista de finalización</b>	21-12-22
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións Vicedecana de Calidade e Xestión Económica

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	de Acción mellora	<b>Código</b>	AM-12
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	Ámbito de aplicación	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
	Definición/ descripción proposta	<b>Análise causa</b>	Relevancia da formación continua do profesorado
		<b>Definición/ descripción proposta</b>	Realizar un curso na procura de ideas para a mellora das metodoloxías de docencia e avaliación das matemáticas cara a modificación dos plans de estudio.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022	
Responsables	<b>Data inicio</b>	02/09/2021	
	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións	
Tarefa1	<b>Código</b>	AM. 12.1	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 151 de 162

	<b>Descripción tarefa</b>	Realización do curso “A docencia das Matemáticas nos Graos de Economía e Empresa: retos presentes e futuros”.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Titulacións
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM. 12.2
	<b>Descripción tarefa</b>	Compartir experiencias docentes con profesorado doutras universidades.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Docencia e Titulacións

ACCIÓN DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>de Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-13
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
		<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 4. Garantía e mellora da calidad dos RRHH PS-01 Xestión dos recursos humanos
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Recentemente tiveron lugar novas incorporacións ao PDI e ao PAS do centro e tense detectado certo descoñecemento sobre o funcionamento do mesmo.
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Facilitar a través de diferentes vías a incorporación do novo persoal ao centro.
		<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
		<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecana de Relacións con Empresas e Institucións Decano	
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	AM. 13.1	
	<b>Descripción tarefa</b>	Crear un Comité de benvida para o novo profesorado co fin de familiarizalo coa vida do centro e co seu funcionamento.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 152 de 162

	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecana de Empresas e Institucións Decano
Tarefa2	<b>Código</b>	AM. 13.2.
	<b>Descripción tarefa</b>	Realizar unha reunión co profesorado novo para presentar o equipo decanal e o funcionamento do centro así como para coñecer ás novas incorporacións e as súas inquedanzas.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecana de Relacións con Empresas e Institucións Decano
Tarefa3	<b>Código</b>	AM. 13.3.
	<b>Descripción tarefa</b>	Elaborar unha guía para o profesorado que sirva de apoio ás novas incorporacións.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica Vicedecana de Relacións con Empresas e Institucións Decano
Tarefa 4	<b>Código</b>	AM. 13.4.
	<b>Descripción tarefa</b>	Elaborar un protocolo de acollida para facilitar a integración e adaptación do PAS que se incorpore á Unidade de Xestión
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Responsable da Unidade de Xestión

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	de Acción mellora	<b>Código</b>	AM-14
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	Ámbito aplicación	<b>de</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 153 de 162

<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Detección de determinado mobiliario e instalacións obsoletas.
	<b>Definición/descripción proposta</b>	Realizar melloras nas instalacións e equipamento do centro.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Decano Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
	<b>Código</b>	AM. 14.1.
<b>Tarefa1</b>	<b>Descripción tarefa</b>	Realizar melloras no equipamento das aulas
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Decano Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM. 14.2
	<b>Descripción tarefa</b>	Restauración e conservación do patrimonio artístico da Facultade
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Decano Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
<b>Tarefa 3</b>	<b>Código</b>	AM. 14.3
	<b>Descripción tarefa</b>	Realizar melloras nas zonas comúns e nos despachos do PDI
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Decano Vicedecana de Calidade e Xestión Económica

ACCIÓN DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>de</b> <b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-15
	<b>Tipo</b>	Acción de Mellora	
	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 6. Información pública PS-06 Información pública	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 154 de 162

<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	En ocasións, detéctase certo descoñecemento sobre as actividades que se realizan no centro ou sobre determinados acordos tomados.
	<b>Definición/descripción proposta</b>	Realizar unha comunicación periódica a modo de xornal do centro no que se comuniquen os principais acontecementos así como os acordos mais relevantes.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM. 15.1
	<b>Descripción tarefa</b>	Difundir o xornal da facultade entre os distintos colectivos
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica

ACCIÓN DE MELLORA		
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b> AM-16
		<b>Tipo</b> Acción de Mellora
	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 6. Información pública PS-06 Información pública
		<b>Análise causa</b> Dispor de información actualizada dos procedimentos que xestionan a Unidade de Xestión
		<b>Definición/descripción proposta</b> Documentar as tarefas que son responsabilidade da Unidade, co obxectivo de que sexa un instrumento para a planificación, para a organización do traballo e para a integración do persoal que se incorpora a postos de traballo da Unidade
		<b>Data prevista de finalización</b> 21/12/2023
		<b>Data inicio</b> 02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Responsable da Unidade de Xestión
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM. 16.1

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 155 de 162

	<b>Descripción tarefa</b>	Elaboración dun catálogo de todos os procesos que se realizan na Unidade, co máximo nivel de desagregación en tarefas que sexa posible.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2023
	<b>Persoa responsable</b>	Responsable da Unidade de Xestión

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-17
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 6. Información pública PS-06 Información pública
		<b>Análise causa</b>	Mellorar a xestión da Unidade de Xestión optimizando as utilidades do Office 365
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Organización de toda a documentación da Unidade en carpetas compartidas no OneDrive.
	<b>Definición</b>	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
		<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Responsable da Unidade de Xestión
<b>Tarea1</b>		<b>Código</b>	AM. 17.1
		<b>Descripción tarefa</b>	Emprego de Forms en procesos como a convocatoria de prácticas en empresas, a asignación de destino SICUE e a asignación de destinos ERASMUS.
		<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
		<b>Persoa responsable</b>	Responsable da Unidade de Xestión

<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-18
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 156 de 162

<b>Definición</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 6. Información pública PS-06 Información pública
	<b>Análise causa</b>	Importancia de manter o contacto do centro co exterior
	<b>Definición/descripción proposta</b>	Renovar a composición do Comité Consultivo
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Data inicio</b>	02/09/2021
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM. 18.1
	<b>Descripción tarefa</b>	Incluír como membro do Comité Consultivo á empresa ou institución galardoada co premio Fulget cada ano.
	<b>Data prevista de finalización</b>	21/12/2022
	<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade e Xestión Económica

## 2. Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

### 3. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">Documentación do SGC   Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais   Universidade de Santiago de Compostela (usc.es)</a> <a href="https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/Documentos%20compartidos/Forms/AllItems.aspx?FolderCTID=0x012000B88709BBD3126347BBB487F48B63269D&amp;id=%2Fsites%2Fcentro%2Dciencias%2Deconomicas%2Dempresariais%2FDocumentos%20compartidos%2FArquivo%2FCalidade%2FActas%20das%20comisi%C3%B3ns&amp;viewid=860529af%2De043%2D478b%2Da26c%2Dfdf551e9ec1e">https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/Documentos%20compartidos/Forms/AllItems.aspx?FolderCTID=0x012000B88709BBD3126347BBB487F48B63269D&amp;id=%2Fsites%2Fcentro%2Dciencias%2Deconomicas%2Dempresariais%2FDocumentos%20compartidos%2FArquivo%2FCalidade%2FActas%20das%20comisi%C3%B3ns&amp;viewid=860529af%2De043%2D478b%2Da26c%2Dfdf551e9ec1e</a> <a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/romina_garcia_usc_es/ErlpMRgavfdFqk-2i_PYnEYBMplXe0qNu_wSC-t3ZPNWeA?e=tyTQf0">https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/romina_garcia_usc_es/ErlpMRgavfdFqk-2i_PYnEYBMplXe0qNu_wSC-t3ZPNWeA?e=tyTQf0</a>
2,3	E6	Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/elenasieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABksiQtxlxXbs2kkElgi0rrQ?e=6Pg3A">https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/elenasieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABksiQtxlxXbs2kkElgi0rrQ?e=6Pg3A</a>

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 158 de 162

			<a href="#">1</a>
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudiantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudiantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2016-2017
			INF.16_2016-2017 (información por título)
			INF.CiUG_2016-2017 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2016-2017 (información por título)
1, 2 ,3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudiantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudiantes matriculados)	Panel de indicadores_2016-2017
			INF.03_2016-2017 (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			Web do centro
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudiante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do centro
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 159 de 162

Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2016-2017 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2016-2017
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_2016-2017 (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliação da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2016-2017 (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2016-2017 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliação da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	INF.13_2016-2017 (información por título) INF.14_2016-2017 (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2016-2017 (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extra curriculares	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/elena_sieiro_usc_es/Ekqu">https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/elena_sieiro_usc_es/Ekqu</a>

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 160 de 162

			<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/lena_sieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABxsiQtxlxXbs2kkElgiOrrQ?e=6Pg3A1">Xy4OJ7RHu-JshD1XQjABxsiQtxlxXbs2kkElgiOrrQ?e=6Pg3A1</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/lena_sieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABxsiQtxlxXbs2kkElgiOrrQ?e=6Pg3A1">https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/lena_sieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABxsiQtxlxXbs2kkElgiOrrQ?e=6Pg3A1</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, a lo menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/lena_sieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABxsiQtxlxXbs2kkElgiOrrQ?e=6Pg3A1">https://nubeusc-my.sharepoint.com/:f/g/personal/lena_sieiro_usc_es/EkquXy4OJ7RHu-JshD1XQjABxsiQtxlxXbs2kkElgiOrrQ?e=6Pg3A1</a>
2,3	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2016-2017 (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
			INF.17_2016-2017 (información por título)
			INF.18_2016-2017 (información por título)
			INF.19_2016-2017 (información por título)
			SIIU_2016-2017 (información por título)
			Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	INF.CiUG_2016-2017 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2016-2017 (información por título)

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 161 de 162

2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
------------	-----	---	--